

# PLADIGA 2025

## ANEXOS

**ANEXOS**

## ÍNDICE ANEXOS

- Anexo 0: Glosario.
- Anexo 1: Gráfico da evolución de lumes e superficies queimadas nos anos 1976-2024.
- Anexo 2: Protocolo e Convenio con Portugal.
- Anexo 3: Medios humanos e materiais.
- Anexo 4: Orzamentos 2025.
- Anexo 5: Puntos de vixilancia fixa e bases de medios aéreos.
- Anexo 6: Contido do EPI e complementos.
- Anexo 7: Rede Tetra e teléfonos.
- Anexo 8: Aplicacións informáticas.
- Anexo 9: Protocolo OACEL.
- Anexo 10: Documentación anexa ao Plan preventivo.
  - 10.1 Plan autonómico de queimas prescritas.
  - 10.2 Procedemento de planificación e execución de queimas prescritas.
  - 10.3 Cartografía do Plan preventivo.
- Anexo 11: Plan de formación.
  - 11.1 Catálogo de cursos propostos para incorporar na programación dos plan anuais do período 2025-2028.
  - 11.2 Itinerario formativo profesional
  - 11.3 Proposta de actividades do programa de adestramento
- Anexo 12: Documentación anexa ao SEMOP.
- Anexo 13: Procedemento operativo da UDEX.
- Anexo 14: Procedemento operativo dos Equipos e da Unidade multifunción Batracio.

**ANEXO 0**

**GLOSARIO**



## ÍNDICE

### ANEXO 0. GLOSARIO

1.	GLOSARIO DE TERMOS.....	2
1.1.	Definición.....	2



## 1. Glosario de termos

A efectos do presente Plan considéranse as seguintes definicións:

### 1.1. Definicións

- **Aldea modelo:** aldea na que se facilita a posta en produción dos terreos para implantar unha actividade económica na súa contorna que fomente a fixación da poboación en áreas rurais con potencial agroforestal e minimize o risco de lumes nas zonas próximas a núcleos de poboación.
- **Auxiliar do PRM:** axentes ou persoal integrante dunha brigada con coñecemento avanzado da zona, encargado de recibir aos medios terrestres que chegan ao incendio, anotando hora de chegada e de saída do PRM, entregando o avituallamento que corresponda e informando coas instrucións de traballo necesarias segundo as instrucións recibidas polo superior xerárquico correspondente.
- **Axente forestal/Axente ambiental:** funcionario público que ten a condición de axente de autoridade que desempeña as funcións de policía, custodia e vixilancia dos bens xurídicos de natureza forestal e ambiental, así coma a de policía xudicial. En materia de defensa contra os incendios forestais participan na súa prevención, vixilancia, detección, extinción e restauración das masas forestais afectadas polos mesmos, así como a investigación da autoría e a causalidade dos incendios forestais, e daqueles xerados nas proximidades da interface urbano-forestal, sempre que non extralimite o seu ámbito de actuación.
- **Avión anfíbio:** aeronave dedicada á loita contra incendios forestais, con capacidade para realizar cargas de auga en terra (na súa base) ou nunha superficie de auga (embalse, mar ou río).
- **Avión de carga de auga en terra:** aeronave dedicada á loita contra incendios forestais que realiza as cargas de auga en terra e posterior lanzamento nun incendio forestal.



- **Base de helicópteros:** instalación permanente ou semipermanente que serve de heliporto, dotada con servizos de apoio aos helicópteros e ao persoal.
- **Base de avións de carga en terra:** instalación permanente ou semipermanente, con pista agroforestal, dotada con servizos de apoio aos avións despregados nela e ao persoal.
- **BIIF:** Brigada de Investigación de Incendios Forestais, formada por especialistas na investigación das causas de incendios forestais.
- **Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba do SPIF:** persoal que ten como misión principal conducir os vehículos motobomba do servizo e realizar o mantemento destes para garantir o seu bo estado. Así mesmo, poderá levar a termo obras de construción, mellora e mantemento de infraestrutura vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais, manexando para tal fin tractores e diferentes tipos de maquinaria mecanizada que demanden as referidas tarefas.
- **Bombeiro/a forestal oficial/a de defensa contra incendios forestais:** persoal que, tendo coñecementos completos das funcións que teñen que desenvolver, realiza traballos e obras de prevención e extinción de incendios forestais baixo a supervisión do seu superior, colaborando na transmisión das ordes e responsabilizándose dos medios postos a súa disposición. Conducirá vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.
- **Bombeiro/a forestal condutor/a do SPIF:** persoal que realiza labores que esixen predominantemente esforzo físico, vinculados ás funcións de prevención e defensa contra incendios, ocupándose, así mesmo, de levar a termo labores silvícolas preventivos de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e apeiros de manexo manual propio de tarefas encomendadas á prevención e defensa contra incendios e, ademais,



conducirá vehículos dedicados ao transporte das cuadrillas e materiais do servizo.

- **Bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada do SPIF:** persoal que, reunindo as características definidas para o/a bombeiro/a forestal condutor/a, exerce as súas funcións en brigadas helitransportadas do SPIF, tendo dispoñibilidade xeográfica en todo o ámbito de actuación do SPIF e manexando equipamento específico para actuar en situacións de risco extremo.
- **Bombeiro/a forestal do SPIF:** persoal que realiza labores que esixen predominantemente esforzo físico, vinculados ás funcións de prevención e defensa contra incendios, ocupándose, así mesmo, de levar a termo labores silvícolas preventivos de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e apeiros de manexo manual propio de tarefas encomendadas á prevención e defensa contra incendios.
- **Bombeiro/a forestal de brigada helitransportada do SPIF:** persoal que, reunindo as características definidas para o/a bombeiro/a forestal de brigada, exerce as súas funcións en brigadas helitransportadas do SPIF, tendo dispoñibilidade xeográfica en todo o ámbito de actuación do SPIF e manexando equipamento específico para actuar en situacións de risco extremo.
- **Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada do SPIF:** persoal que, estando en posesión da titulación correspondente, ten ao seu cargo de modo persoal e directo a vixilancia e execución das tarefas de prevención e extinción de incendios. Será o/a responsable directo/a e inmediato/a do persoal e medios ao seu cargo. Así mesmo, deberá conducir vehículos en ausencia do/a bombeiro/a forestal condutor/a cando o demanden as necesidades do servizo.
- **Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada do SPIF:** persoal que, reunindo as características para o/a xefe/a de brigada, dirixe



brigadas helitransportadas do SPIF, tendo dispoñibilidade xeográfica en todo o ámbito de actuación do SPIF e manexando equipamento específico para actuar en situacións de risco extremo. Será o/a responsable directo/a e inmediato/a do persoal e medios ao seu cargo. Así mesmo, deberá conducir vehículos en ausencia do/a bombeiro/a condutor/a cando o demanden as necesidades do servizo.

- **Brigada de extinción:** unidade básica de ataque do SPIF na loita contra os incendios forestais que pode ser terrestre ou helitransportada.
- **Brigada helitransportada ou brigada de helicóptero:** unidade básica de ataque do SPIF, composta por bombeiros/as forestais especialistas na loita contra incendios, transportados normalmente en helicóptero e ao mando dun/dunha técnico/a (ou xefe/a de brigada na súa ausencia). Ten diferente número de compoñentes segundo o tipo de brigada que sexa, o que determinará a súa dispoñibilidade de ferramenta e, polo tanto, a súa capacidade para participar nas diferentes fases de extinción do lume. Normalmente traballa facendo equipo co seu medio aéreo ou con vehículos motobomba no caso de facer tendido de manguera.
- **Brigada de Labores Preventivos (BLP):** unidade especializada en traballos de prevención de incendios forestais, dependente do Miteco. Realizan labores de xestión dos combustibles e das infraestruturas preventivas. Están compostas por persoal altamente especializado que normalmente forma parte das BRIF na época de alto risco.
- **Brigada de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF):** unidade especializada dependente do Miteco que actúa como reforzo das comunidades autónomas nos labores de extinción de incendios forestais. A BRIF de Laza (Ourense) presta servizo todo o ano, e chega a estar composta por preto de 60 persoas e dous helicópteros no período de alto risco de incendios.
- **Brigada terrestre:** unidade básica de ataque do SPIF, composta por bombeiros e bombeiras forestais especialistas na loita contra incendios ao mando do xefe ou xefa de brigada e dotada de medios para a participación en



calquera das fases de extinción do lume así como na súa prevención. Normalmente traballa facendo equipo con vehículos motobomba.

- **Comité de dirección:** órgano que exerce as funcións de dirección e coordinación da emerxencia naquelas situacións que o requiran.
- **Comité de coordinación policial antiincendios:** órgano de coordinación dos labores de investigación e disuasión policial na loita contra incendios forestais.
- **Comité de distrito forestal:** órgano de coordinación para establecer medidas de prevención e extinción de incendios e regulación dos usos do solo no ámbito territorial do distrito.
- **CAE 112 Galicia:** centro de coordinación operativo a través do cal exerce o Comité de Dirección as funcións de Dirección e Coordinación da emerxencia.
- **Centro de coordinación:** posto de mando central (CCC), provincial (CCP) ou de distrito (CCD) dende o cal se dirixen e coordinan as accións de defensa contra incendios.
- **Coordinación de medios aéreos:** medio aéreo que intervén en determinados incendios forestais como apoio ao/á DTE co fin de aumentar a seguridade do persoal e material do dispositivo, a eficiencia da operación dos medios aéreos e a eficacia das descargas de auga de ditos medios. Cumprirá en canto ao seu traballo e na súa relación cos centros de coordinación de incendios forestais da Consellería e cos/coas DTE, co establecido polo Pladiga no seu Plan de extinción e procedemento operativo.
- **Director/a Técnico/a de Extinción (DTE):** profesional que recibiu formación acreditada específica sobre comportamento do lume forestal e técnicas adecuadas para súa extinción. Ten a condición de axente da autoridade e poderá mobilizar medios públicos e privados para actuar na extinción de acordo cun plan de operacións. Será nomeado polo centro de coordinación para a devandita emerxencia.



- **Emisorista do SPIF:** persoal que ten como función principal a realización das transmisións entre as distintas unidades do SPIF a través dos medios postos á súa disposición, para asegurar unha adecuada comunicación dos avisos, ordes ou instrucións dentro do servizo. Cando as circunstancias o requiran poderán ser dedicados a funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.
- **Equipo de intervención:** conxunto de dúas ou máis unidades de intervención que afrontan un mesmo obxectivo, desenvolvendo o seu labor nunha área específica dentro do espazo de traballo definido polo incendio forestal.
- **Equipo multifunción Batracio:** conformado por un tractor forestal, cisterna, apeiro triturador e unha lámina frontal multifunción con capacidade de traballo en múltiples tarefas, tanto en labores de prevención como de extinción.
- **Equipo de prevención e análise de incendios forestais (EPAIF):** equipo de traballo permanente (durante todo o ano) dependente do Miteco. Composto polo menos por dous técnicos especializados que desenvolven o seu traballo en coordinación co SPIF, programando e executando distintas intervencións, en aras de impulsar actuacións preventivas para reducir o número de lumes ou, en caso de que se produzan, tratar de minimizar o seu impacto. Sendo solicitada a súa intervención pola DXDM, poderán asistir a incendios forestais como apoio na súa planificación e análise.
- **Equipo de prevención integral de incendios forestais (EPRIF):** equipo de traballo, permanente ou temporal, dependente do Miteco. Composto por persoal especializado no uso e manexo do lume e con amplos coñecementos en labores preventivos. Desenvolven o seu traballo en colaboración co SPIF, programando e executando actuacións preventivas de diversa índole. Sendo solicitada a súa intervención pola



DXDM, poderán asistir a incendios forestais como apoio os labores de extinción.

- **Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES):** grupos que veñen a complementar a atención das emerxencias e dos parques de bombeiros comarcais, de forma que cobren as zonas desprovistas de servizos de emerxencia, co ámbito de atención superior ao municipal. Estes grupos participarán tamén en labores de prevención e extinción de incendios.
- **Helicóptero de extinción de incendios:** aeronave dedicada á loita contra os incendios forestais, utilizado para o transporte do persoal que participa na extinción e que, posteriormente, colabora na mesma con lanzamento de cargas de auga realizadas en diferentes superficies (encoro, mar, río, piscinas, etc.).
- **Índice de gravidade potencial dun incendio forestal (IGP):** indicador dos danos que se prevé que poida chegar a ocasionar un incendio forestal, dadas as condicións en que se desenvolve.
- **Índice de gravidade potencial 0:** referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 1:** referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé a necesidade de poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción ou existen bens illados ameazados de natureza non forestal (infraestruturas sensibles ou redes de subministracións), e o dano forestal esperable é considerable (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 2:** referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial importancia, e o dano



forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que se fai necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da poboación ou para a protección dos bens.

- **Índice de gravidade potencial 3:** referido a aquel incendio en que, unha vez apreciadas as circunstancias anteriores no seu índice máximo de gravidade, concorren outras sobre o dispositivo de extinción que imposibilitan continuar co labor encamiñado ao control do incendio.
- **Índices de risco:** valores indicativos do risco de incendio forestal nunha zona.
- **Interface urbano-forestal:** zona na que as edificacións entran en contacto co monte. O lume desenvolvido nesta zona non só pode alcanzar as edificacións, senón que ademais pode propagarse no interior das zonas edificadas, calquera que sexa a causa de orixe.
- **IRDI:** Índice de Risco Diario de Incendio forestal.
- **Lume controlado:** é aquel que se conseguiu illar e deter o seu avance e propagación. Enténdese que todo lume sen lapas no perímetro ou no que se estean a executar labores de remate ou saneamento é un lume controlado.
- **Lume de nivel A:** lume simple ou incipiente, no que se conta que poida ser controlado cos medios de primeiro ataque enviados.
- **Lume de nivel B:** lume que require a incorporación de máis medios que os do ataque inicial, dando paso a un ataque ampliado con necesidade de división zonal por sectores.
- **Lume de nivel C:** lume complexo, que require dunha intervención con numerosos recursos e dilatada no tempo, xa que non pode ser controlado co ataque ampliado.
- **Lume estabilizado:** é aquel que, sen chegar a estar controlado, evoluciona dentro das liñas de control establecidas segundo as previsións e os labores de extinción conducentes ao seu control.



- **Lume extinguido:** Situación na que xa non existen materiais en ignición no perímetro do incendio e considerase que non e posible a súa reprodución.
- **Lume forestal (lume activo):** Lume que se estende sen control sobre terreo forestal afectando á vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e superficie queimada, clasifícase en incendio, conato ou queima.
  - **Conato:** cando a superficie queimada, arborada máis rasa, sexa igual ou menor a 1 ha, sempre que o arborado queimado sexa igual ou menor a 0,5 ha ou cando, afectando só a superficie rasa, esta non supere 1 ha.
  - **Incendio forestal:** cando a superficie arborada queimada sexa maior de 0,5 ha ou, no caso de que a superficie arborada sexa inferior a 0,5 ha, cando a súa suma coa superficie rasa sexa superior a 1 ha.
  - **Queima:** lume forestal no que só se queima superficie rasa, sendo esta maior de 1 ha.
- **Máquina hidrostática polivalente:** máquina autopropulsada que permite realizar diversos labores ou tarefas, mediante a montaxe ou instalación de ferramentas ou accesorios, principalmente: brazo lateral con disco de corte para rozas e triturado de vexetación, depósito para almacenamento de auga con lanza e enganches para mangueriras e soprador de aire para limpeza de calzadas e gabias.
- **Medio aéreo de coordinación e vixilancia:** medio aéreo lixeiro (helicóptero ou avión) destinado a realizar funcións de coordinación e vixilancia preventiva.
- **Modelos de combustible:** diferentes tipos de vexetación clasificados e normalizados para o estudo e predición do comportamento do lume en cada un deles.
- **Mobilización:** conxunto de operacións ou tarefas para a posta en acción de medios, recursos e servizos para a loita contra incendios forestais.



- **Oficial/a 2º mecánico de maquinaria do SPIF:** persoal que, tendo os coñecementos que correspondan de mecanización, ocúpase das reparacións e mantemento dos vehículos e maquinaria que se poidan realizar e os medios dos parques de maquinaria dos Servizos de Prevención contra Incendios Forestais. Así mesmo, deberá conducir vehículos cando o demanden as necesidades propias da súa categoría: traslado de vehículos avariados, etc.
- **Operador/a-codificador/a de datos do SPIF:** persoal que manexa os medios materiais das oficinas do SPIF para o tratamento da información, interpretando e desenvolvendo as instrucións e ordes tendentes á execución dos sistemas operativos dos SPIF. Cando as circunstancias o requiran, poderán ser dedicados/as a outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.
- **PAAI:** Parroquias de Alta Actividade Incendiaria.
- **Patrulla de vixilancia móbil:** conxunto dunha ou máis persoas que sobre un vehículo todoterreo percorre unha zona en misión de detección de lume e, no seu caso, inicia e participa na extinción.
- **Pladiga:** Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que elabora anualmente a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural.
- **PMA:** é o centro de mando de carácter técnico que se constituirá próximo ao lugar do lume e desde o cal se dirixirán e coordinarán as actuacións dos grupos operativos, de acordo coas ordes indicadas polo director do plan. Estará composto polos xefes dos grupos operativos e demais figuras establecidas desprazadas á zona do lume.
- **Posto fixo de vixilancia:** infraestrutura na que se localiza o posto de observación activado cun vixía.
- **PRM:** punto de recepción de medios. Área de estacionamento temporal dos medios dispoñibles en espera de asignación de misión.



- **Queimas controladas:** queimas de matogueira para o control do combustible vexetal, levadas a cabo con criterios de idoneidade técnica para o seu efectivo control.
- **Queimas prescritas:** aplicación directa de lume a combustibles forestais, no seu estado natural ou modificados, baixo condicións meteorolóxicas precisas, que permiten confinar o lume nunha área predeterminada e ao mesmo tempo producir a intensidade de calor e velocidade de propagación requiridas para acadar os obxectivos específicos previstos.
- **Rede de vixilancia e detección:** a formada polos postos fixos de vixilancia, as patrullas móbiles e as cámaras de vixilancia instaladas ao longo do territorio.
- **Rede de transmisións:** composta pola rede de radio, a rede de ordenadores e servidores que permite o enlace entre os centros de coordinación, bases, postos fixos e móbiles de vixilancia, brigadas e vehículos motobomba e, en xeral, de canto elemento intervén na defensa contra incendios como avións, helicópteros, etc.
- **Risco de incendio:** probabilidade de recorrencia de lumes forestais nunha zona e nun intervalo de tempo determinados.
- **SEMOP:** Sistema Estrutural de Mando Operativo.
- **Situación operativa 0:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, e mesmo con medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente.
- **Situación operativa 1:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, que poidan afectar levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano



competente da comunidade autónoma e tras a valoración pola Dirección General de Protección Civil y Emergencias do Ministerio do Interior ou da Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.

- **Situación operativa 2:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixa a adopción inmediata de medidas de protección e socorro (pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios) ou que poidan comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.
- **Situación operativa 3:** situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo ministro do Interior.
- **SPIF:** Servizo de Prevención de Incendios Forestais.
- **Técnico/a de apoio do SPIF:** persoal que realiza as funcións inherentes a súa titulación de enxeñería técnica forestal, de dirección de traballos de prevención e extinción de incendios forestais, coordinando todos os medios humanos e materias postos a súa disposición.
- **Técnico/a de brigada helitransportada do SPIF:** persoal que exerce as súas funcións, coordinando, dirixindo e sendo responsable dunha brigada helitransportada, tendo dispoñibilidade xeográfica en todo o ámbito da actuación do SPIF e manexando equipamento específico para actuar en situacións de risco extremo.
- **Técnico/a de garda:** persoa asignada para dirixir as accións de extinción no seu ámbito territorial cando se establecen gardas ou roldas, coa obriga de informar ao/á xefe/a de garda das novidades recibidas.



- **Técnico/a superior do SPIF:** persoal que, estando en posesión da titulación correspondente, desenvolve as funcións propias da mesma nunha praza que require coñecementos especializados.
- **UDEX:** Unidade de Directores de Extinción. Equipo de traballo formado por persoal especialmente cualificado e especializado nos labores de Dirección de Extinción que, en lumes con elevado potencial de converterse en gran incendio forestal de nivel (operativo) B ou C, poderán ser mobilizados polo CCC para a súa intervención, coa intención de facilitar e favorecer o correcto desenvolvemento do operativo, podendo asumir, de ser necesario, a Dirección Técnica de Extinción ou calquera outra figura do SEMOP á súa chegada ao lume.
- **UIFO:** Unidade de Investigación de Incendios Forestais. Unidade formada por axentes con dependencia funcional e xerárquica do Director Xeral de Defensa do Monte, cuxa función principal céntrase exclusivamente na investigación de incendios forestais.
- **Unidade de intervención:** elemento básico da estruturación dos medios operativos do SPIF (véxase: brigada terrestre, brigada helitransportada, vehículo motobomba, medio aéreo, vehículo nodriza, unidade de maquinaria pesada).
- **Unidade Móbil de Análise e Planificación (UMAP):** equipo especializado dependente do Miteco, formado por un técnico forestal e un técnico de comunicacións que prestan o seu apoio ao DTE na extinción de incendios forestais, proporcionando información de valor sobre o seu comportamento actual e futuro.
- **Unidade multifunción Batracio:** conxunto de maquinaria e equipo humano definido con capacidade de traballo en múltiples tarefas, tanto en labores de prevención como de extinción. Está formado por dous tractores forestais, cisterna, apeiro triturador, lámina frontal multifunción (polidozer), quitaneves, vehículo motobomba, depósito móbil de abastecemento para combustible, balsa móbil helitransportada, balsa móbil terrestre e vehículos 4x4. No equipo



humano dispón de traballadores organizados en quendas e baixo un mando único.

- **Unidade Táctica e de Análise (UTA):** equipo de traballo formado por persoal analista de incendios forestais, mobilizado a un lume polo CCC, para poñerse ás ordes da UDEX ou, no seu defecto, do/a DTE coa función principal de darlle apoio, achegando información relevante sobre os aspectos que poden influír no desenvolvemento e evolución do incendio.
- **Vehículo motobomba:** vehículo todoterreo equipado con cisterna e bomba de auga. Actúa mediante o subministro de auga ou auga con retardante a presión.
- **Vehículo nodriza:** unidade motorizada con capacidade de transporte e abastecemento de auga (capacidade superior a 10.000 litros), con dotación de polo menos un/ha condutor/a e dotada de enlace radio estandarizado.
- **Vixilante/a fixo/a do SPIF:** persoal que se ocupa da vixilancia de incendios, desde puntos fixos predeterminados, avisando destes mediante a utilización dos medios de comunicación postos a súa disposición e coidarán do mantemento das súas instalacións. Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado a realizar labores de apoio aos/ás emisoristas.
- **Vixilante/a móbil do SPIF:** persoal que se ocupa da vixilancia de incendios utilizando os medios de desprazamento postos a súa disposición, dando os oportunos avisos e iniciando as tarefas propias da extinción no caso de detectar algún incendio. Así mesmo, realiza labores que esixen predominantemente esforzo físico, vinculados ás funcións de prevención e defensa contra incendios, ocupándose tamén de levar a termo labores silvícolas preventivos de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e



apeiros de manexo manual propios das tarefas encomendadas de prevención e defensa contra incendios.

- **Vulnerabilidade:** grao de perdas ou danos que poden sufrir, ante un incendio forestal, a poboación, os bens e o medio ambiente.
- **Xefe/a de garda:** é o máximo responsable da dirección e coordinación da loita contra incendios forestais no seu ámbito territorial cando se establecen gardas nos centros de coordinación.
- **Xefe/a de loxística:** responsable da xestión de todos aqueles aspectos relacionados coa loxística dos medios intervinientes no incendio, enfocado a facilitar e mellorar o desempeño do seu traballo no incendio. Función dirixida principalmente a axentes ou persoal do SPIF con coñecemento avanzado da zona, debidamente equipado e facultado para executar as tarefas propias deste posto.
- **Xefe/a de operacións aéreas (XOA):** calquera persoal do SPIF que poida exercer como DTE nalgunha das circunstancias recollidas no Pladiga e segundo o estipulado no protocolo de regulamento de operacións aéreas do CLIF (aprobado en novembro de 2019), con especial relevancia dos técnicos de brigada helitransportada presentes no incendio (na fase inicial do ataque). Organiza dende terra as operacións aéreas e mantense á escoita das comunicacións aéreas para manter informado da situación do incendio ao/á DTE e/ou ao persoal do PMA que corresponda.
- **Xefe/a de operacións:** persoal encargado de organizar as operacións de extinción. Poderá ser técnico/a ou axente.
- **Xefe de planificación:** persoal técnico ou, na súa ausencia, un/unha axente, encargado/a de analizar o comportamento do lume co fin de prever a evolución do incendio.
- **Xefe de sector:** persoa responsable de organizar e dirixir as operacións de extinción dentro do sector asignado.
- **Zona de actuación preferente:** é a área de traballo ordinaria asignada a un medio do Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico



(Miteco) para o apoio ás comunidades autónomas na extinción de incendios forestais. É determinada anualmente polo citado ministerio, sen prexuízo da capacidade de cobertura nacional do medio de que se trate.

- **Zonas de alto risco de incendio (ZAR):** áreas nas que, a frecuencia ou a virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados, fan que sexa necesario establecer medidas especiais de protección contra os incendios e que así sexan declaradas pola correspondente comunidade autónoma, de acordo coa Lei 43/2003, do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril.

## ANEXO 1

**GRÁFICO DA EVOLUCIÓN DE LUMES E SUPERFICIES QUEIMADAS  
NOS ANOS 1976-2024**



## 1. LUMES E SUPERFICIES QUEIMADAS 1976-2024:


	Nº lumes	S.A.Q. (ha.)	S.R.Q. (ha.)	S.T.Q. (ha.)
1976	2.146	47.395,7	32.450,0	79.845,7
1977	402	2.295,5	1.617,6	3.913,1
1978	3.642	56.380,4	63.253,3	119.633,7
1979	3.506	35.506,9	44.799,5	80.306,4
1980	1.974	10.355,8	14.257,5	24.613,3
1981	5.086	54.619,9	62.818,2	117.438,1
1982	2.394	16.211,8	20.053,5	36.265,3
1983	841	2.530,5	5.447,0	7.977,5
1984	2.924	16.900,2	21.988,1	38.888,3
1985	4.721	40.860,7	66.635,0	107.495,7
1986	2.370	14.503,1	16.478,6	30.981,7
1987	3.900	22.614,1	37.978,8	60.592,9
1988	3.895	13.112,2	25.477,2	38.589,4
1989	8.243	85.506,8	113.491,4	198.998,2
1990	4.045	18.740,8	32.486,3	51.227,1
1991	4.731	3.864,5	9.496,9	13.361,4
1992	8.197	2.777,0	9.565,0	12.342,0
1993	7.197	1.528,5	6.426,4	7.954,9
1994	8.397	1.744,6	11.079,9	12.824,5
1995	15.218	12.059,4	32.186,3	44.245,7
1996	10.145	3.403,9	18.133,6	21.537,5
1997	14.388	5.817,1	21.936,5	27.753,6
1998	12.934	11.190,4	36.982,8	48.173,2
1999	8.594	2.461,4	8.053,3	10.514,7
2000	12.589	10.144,6	35.808,0	45.952,6

	Nº lumes	S.A.Q. (ha.)	S.R.Q. (ha.)	S.T.Q. (ha.)
2001	9.985	4.014,3	14.339,3	18.353,6
2002	10.773	7.578,4	18.546,8	26.125,2
2003	8.553	4.946,1	14.873,7	19.819,8
2004	10.618	10.128,1	21.970,4	32.098,5
2005	11.973	22.131,5	35.320,7	57.452,2
2006	6.996	55.532,8	40.414,7	95.947,5
2007	3.157	1.190,9	5.860,1	7.051,0
2008	2.546	998,2	5.337,6	6.335,8
2009	3.971	2.275,4	8.464,3	10.739,7
2010	3.852	3.035,0	11.772,4	14.807,3
2011	6.342	9.270,4	33.121,8	42.392,2
2012	3.794	5.038,7	10.559,4	15.598,1
2013	3.581	7.747,4	12.028,5	19.775,9
2014	1.227	502,8	1.488,3	1.991,1
2015	2.854	4.543,8	7.690,6	12.234,3
2016	2.354	8.828,8	12.289,3	21.118,0
2017	3.120	32.267,5	29.828,8	62.096,3
2018	1.338	725,0	1.874,7	2.599,7
2019	1.653	3.047,0	3.788,6	6.835,5
2020	1.534	1.959,4	12.846,5	14.805,9
2021	950	2.270,1	2.133,1	4.403,2
2022	1.713	16.766,1	34.876,4	51.642,6
2023	908	3.953,3	2.795,6	6.748,9
2024	755	1.168,5	1.476,3	2.644,7



Sup. quemada (ha)

Nº lumes



**ANEXO 2**

**PROTOCOLO E CONVENIO CON PORTUGAL**

## PROTOCOLO ADICIONAL SOBRE AYUDA MUTUA EN CASO DE INCENDIOS FORESTALES EN ZONAS FRONTERIZAS, ADOPTADO EN LOS TÉRMINOS DEL ARTICULO 8 DEL PROTOCOLO ENTRE EL REINO DE ESPAÑA Y LA REPÚBLICA PORTUGUESA SOBRE COOPERACIÓN TÉCNICA Y ASISTENCIA MUTUA EN MATERIA DE PROTECCION CIVIL, HECHO EN EVORA EL 9 DE MARZO DE 1992

El vigente Protocolo entre el Reino de España y la República Portuguesa sobre Cooperación Técnica y Asistencia Mutua en materia de Protección Civil, hecho en Évora el 9 de marzo de 1992, vino a ampliar el ámbito del Convenio de Asistencia Mutua entre los Servicios contra Incendios y de Socorro Portugueses y Españoles, firmado en Lisboa el 31 de marzo de 1980.

No obstante, la aplicación del vigente Protocolo y los incendios que afectan todos los años, especialmente durante el verano, profundamente a la zona fronteriza Hispano-Lusa han puesto de manifiesto la necesidad de disponer de unos procedimientos más ágiles que los establecidos con carácter general. Estos nuevos instrumentos deberán permitir, cuando la urgencia de la situación lo haga aconsejable, una rápida intervención y prestación de ayuda mutua ante la presencia de incendios forestales en esta zona

El presente Protocolo Adicional complementa en este aspecto al Protocolo ya citado anteriormente, dictándose al amparo de su artículo 8.

Por todo ello, ambas partes acuerdan las disposiciones siguientes:

### **Artículo 1**

#### **Objeto del Protocolo**

El presente Protocolo tiene por objeto el establecimiento de las condiciones y procedimientos para la prestación de asistencia o socorro y los requisitos para la aportación de medios en el caso de emergencia por incendios forestales en zonas fronterizas entre España y Portugal.

### **Artículo 2**

#### **Ámbito territorial de aplicación**

- 2.1. El presente Protocolo será de aplicación a las zonas fronterizas que, tanto del lado portugués como del español, están constituidas por los municipios limítrofes.

- 2.2. Dentro de las zonas fronterizas tendrán una especial consideración, en cuanto a los procedimientos a aplicar, los incendios forestales que, no observándose que se estén llevando a cabo trabajos de extinción por parte de las autoridades del país afectado, se encuentren a menos de quince kilómetros de la frontera y cuyas condiciones de propagación (viento, relieve, modelos de combustible, etc.), hagan previsible una muy elevada probabilidad de que el fuego pase de un país a otro, en un corto periodo de tiempo.

### **Artículo 3**

#### **Autoridades competentes y órganos ejecutores**

- 3.1. En los casos de urgente necesidad, derivada de la ocurrencia de incendios forestales en zonas fronterizas, las autoridades competentes para la gestión de la solicitud y la prestación de la ayuda, serán los Gobernadores Civiles de los distritos portugueses limítrofes y los Subdelegados del Gobierno en las provincias españolas limítrofes, estos últimos actuando en coordinación con la autoridad competente de la Comunidad Autónoma correspondiente.
- 3.2. En estos casos, los Gobernadores Civiles y los Subdelegados del Gobierno habrán de informar, de forma inmediata, a sus respectivos órganos ejecutores previstos en el artículo 6 del Protocolo de 9 de marzo de 1992 así como, en el caso español, a la Dirección General de Conservación de la Naturaleza del Ministerio de Medio Ambiente, los cuales conservarán la capacidad para hacerse cargo de la gestión directa de las solicitudes y prestaciones de ayuda, de acuerdo cada uno con sus competencias, en aquellos casos en que estimen que las características de la emergencia lo hicieran necesario.

### **Artículo 4**

#### **Procedimiento general de solicitud y ofrecimiento de medios**

El procedimiento general de solicitud y ofrecimiento de medios se aplicará de acuerdo con los siguientes criterios:

Cuando la autoridad competente de uno de los países, según lo dispuesto en el artículo 3.1, deba solicitar la ayuda de medios del otro para la extinción de un incendio forestal en su territorio, lo hará a la autoridad competente del país vecino, enviando, mediante comunicación confirmada por fax o correo electrónico, los datos que se incluyen en el formulario de solicitud que figura en el Anexo 1. Ésta contestará por las mismas vías indicando si es posible prestar dicha ayuda o no, y, en caso afirmativo, informará sobre los medios que puede enviar y sus características con el formulario que figura en el Anexo 2.

## **Artículo 5**

### **Procedimiento especial de primer ataque a incendios forestales a menos de quince kilómetros de la frontera**

El procedimiento especial de primer ataque a incendios forestales a menos de quince kilómetros de la frontera será de aplicación con los siguientes criterios:

- 5.1. En los supuestos de urgente necesidad previstos en el artículo 3.1, cuando un incendio fuera primeramente detectado por una autoridad competente del país vecino, y siempre y cuando éste se encontrara a menos de quince kilómetros de la frontera y existiera alta probabilidad de que el fuego pasara de un país a otro en un corto período de tiempo, esa autoridad podrá decidir la intervención de los servicios de extinción de su país para contenerlo, sin más requisitos que la comunicación previa a la autoridad competente del país donde se origina el incendio, para conocimiento de ésta y para que pueda disponer el comienzo de las labores de ataque desde su propio país. Dicha intervención quedará condicionada, en todo caso, a la disponibilidad de medios del país que presta la ayuda.
- 5.2. Dichas autoridades competentes informarán de inmediato, en Portugal, al Servicio Nacional de Bomberos y de Protección Civil, y en España, a la Dirección General de Protección Civil y, si no lo hubiera hecho previamente, a la Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Como sea que en estas circunstancias la intervención no es en respuesta a una solicitud, no será necesario el uso de los formularios a los que se hace referencia- en el artículo 4.1, del presente Protocolo, a no ser que sea precisa la prolongación de la intervención de los medios de ayuda más allá del primer ataque al incendio.

## **Artículo 6**

### **Planificación**

- 6.1. Los Gobernadores Civiles, por parte portuguesa, y los Subdelegados del Gobierno, por parte española, en coordinación con las Comunidades Autónomas correspondientes, pondrán a disposición mutua los mapas de riesgos por incendios forestales en zonas fronterizas y los catálogos de medios y recursos disponibles, así como su localización, para la atención de emergencias por incendios forestales ocurridos en zonas fronterizas.
- 6.2. Esta información deberá formar parte de un Plan de Ayuda Mutua en Emergencias por Incendios Forestales en Zonas Fronterizas, el cual se elaborará conjuntamente entre el Servicio Nacional de Bombeiros e Protecção Civil de Portugal y las Direcciones Generales de Protección Civil y de Conservación de la Naturaleza, de España, con la colaboración de

todas las entidades implicadas en la lucha contra los incendios forestales en los respectivos países.

- 6.3. El Plan definirá el procedimiento de coordinación entre los responsables para la dirección de la lucha contra los incendios transfronterizos y a ambos lados de la frontera.
- 6.4. El referido Plan deberá ser sometido a la Comisión Internacional de Límites entre España y Portugal, por intermedio de las respectivas delegaciones nacionales, tras lo cual será definitivamente aprobado por el Servicio Nacional de Bombeiros e Protecção Civil de Portugal y por las Direcciones Generales de Protección Civil y de la Conservación de la Naturaleza de España, entrando en vigor al día siguiente de su aprobación.

## **Artículo 7**

### **Entrada en vigor**

- 7.1 El presente Protocolo entrará en vigor treinta días después de la fecha de recepción de la última notificación, por vía diplomática, del cumplimiento de los requisitos del ordenamiento interno de cada una de las Partes, necesarios a este efecto.
- 7.2 El presente Protocolo tendrá una duración de dos años, automáticamente renovables, pudiendo ser denunciado por cualquiera de las Partes mediante aviso previo por escrito, y por vía diplomática, con una antelación mínima de seis meses.

Hecho en Figueira da Foz, el 8 de noviembre de 2003, en dos versiones, redactados en las lenguas española y portuguesa. Ambos textos dan igualmente fe.

## SOLICITUD DE INTERVENCIÓN DE MEDIOS AÉREOS EXTRANJEROS

Fecha de petición: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 20\_\_\_\_

Hora de petición: \_\_\_\_ h \_\_\_\_ min

### SOLICITANTE:

Organismo: \_\_\_\_\_  
Persona que autoriza la petición \_\_\_\_\_ Cargo: \_\_\_\_\_  
Telefono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ E-mail: \_\_\_\_\_

### LOCALIZACIÓN DEL INCENDIO:

País: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ Municipio: \_\_\_\_\_  
Coordenadas: \_\_\_\_\_ Longitud: \_\_\_\_\_ Latitud: \_\_\_\_\_  
Fecha de comienzo del incendio: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 20\_\_\_\_  
¿ Hay otros incendios de gran magnitud activos ? Si  No

### CARACTERÍSTICAS DEL INCENDIO:

Tamaño del incendio en el momento de la solicitud	Bienes amenazados por el fuego	Tipo de fuego	Relieve
<= 25 hectáreas <input type="radio"/>	Poblaciones <input type="radio"/>	De matorral <input type="radio"/>	Llano <input type="radio"/>
26 - 100 hectáreas <input type="radio"/>	Infraestructuras <input type="radio"/>	De copas <input type="radio"/>	Ondulado <input type="radio"/>
101 - 500 hectáreas <input type="radio"/>	Espacios Naturales Protegidos <input type="radio"/>	De pastos <input type="radio"/>	Quebrado <input type="radio"/>
> 500 hectáreas <input type="radio"/>	Bosques <input type="radio"/>		

### NÚM. DE MEDIOS ACTUANTES:

Aviones anfibios: \_\_\_\_\_  
Aviones de Carga en Tierra: \_\_\_\_\_  
Helicópteros: \_\_\_\_\_  
Autobombas: \_\_\_\_\_  
Maquinaria pesada: \_\_\_\_\_

### NÚM. DE MEDIOS SOLICITADOS:

Aviones anfibios: \_\_\_\_\_  
Aviones de Carga en Tierra: \_\_\_\_\_  
Helicópteros: \_\_\_\_\_  
Autobombas: \_\_\_\_\_  
Maquinaria pesada: \_\_\_\_\_  
Brigadas Grandes Incendios (BRIF) \_\_\_\_\_

### INFORMACIÓN PARA ACTUACIÓN EN EL INCENDIO:

Director de Extinción: \_\_\_\_\_ Telefono móvil: \_\_\_\_\_  
Comunicaciones radio: AM: Frecuencia: \_\_\_\_\_ Id. Aeronave Coordinación: \_\_\_\_\_

Punto de repostaje de aeronaves: \_\_\_\_\_ Punto de encuentro para medios terrestres: \_\_\_\_\_  
Longitud: \_\_\_\_\_ Latitud: \_\_\_\_\_ Longitud: \_\_\_\_\_ Latitud: \_\_\_\_\_

### OBSERVACIONES:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
Firmado: \_\_\_\_\_

**FICHA DE RESPUESTA A LA SOLICITUD DE MEDIOS AÉREOS POR OTROS PAÍSES**

Fecha de autorización: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 20\_\_\_\_

Hora de autorización: \_\_\_\_ h \_\_\_\_ min

**LOCALIZACIÓN DEL INCENDIO:**

Pais: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_ Municipio: \_\_\_\_\_

**MEDIOS QUE SE ENVIAN:**

**AERONAVES:**

Tipo Aeronave	Matrícula	Base de origen	Comandante de la aeronave	Teléfono móvil	Tipo Combustible

AA = Avión anfíbio (5.500 litros); ACT = Avión de carga en Tierra (3.100 litros); AGCT = Avión Hércules C-130 (11.000 litros)  
 HKB = Helicóp. bombardero (4.500 litros); HTA = Helicóp. de Transporte (1.500 litros); HTB = Helicóp. de Transporte (2.500 litros)  
**LIMITACIÓN: El tiempo máximo de vuelo en un día es de 8 horas por razones de SEGURIDAD AERONAUTICA**

**MEDIOS TERRESTRES:**

Tipo de medio	Identificativo	Base de origen	Responsable del medio	Teléfono móvil

BRT = Brigada terrestre; BRIFA = Brigada Helitransportada (17 combatientes); BRIFB = Brigada Helitransportada (9 combatientes)  
 VAB = Vehículo Autobomba (3.000 l); BZ = Bulldozer  
**LIMITACIÓN: El tiempo máximo de trabajo en un día es de 10 horas por razones de SEGURIDAD**  
**OBSERVACIÓN: Los equipos terrestres deben disponer de intérprete con comunicaciones radio durante su intervención en el incendio**

**REMITENTE EN ESPAÑA:**

Organismo: \_\_\_\_\_  
 Persona que autoriza el envío \_\_\_\_\_ Cargo: \_\_\_\_\_  
 Telefono: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ E-mail: \_\_\_\_\_

**OBSERVACIONES:**

	Firmado: _____

ISMA

**PROTOCOLO ADICIONAL  
ENTRE  
A REPÚBLICA PORTUGUESA  
E  
O REINO DE ESPANHA  
SOBRE AJUDA MÚTUA NAS ZONAS FRONTEIRIÇAS,  
ADOTADO NOS TERMOS DO ARTIGO 8º DO PROTOCOLO  
ENTRE A REPÚBLICA PORTUGUESA E O REINO DE ESPANHA SOBRE COOPERAÇÃO  
TÉCNICA E ASSISTÊNCIA MÚTUA EM MATÉRIA DE PROTEÇÃO CIVIL,  
ASSINADO EM ÉVORA, EM 9 DE MARÇO DE 1992**

A República Portuguesa e o Reino de Espanha, doravante denominados "Partes",

Considerando o vigente Protocolo entre a República Portuguesa e o Reino de Espanha sobre Cooperação Técnica e Assistência Mútua em Matéria de Proteção Civil, assinado em Évora, em 9 de março de 1992, que veio revogar a Convenção de Assistência Mútua entre os Serviços contra Incêndios e de Socorro Portugueses e Espanhóis, assinada em Lisboa, em 31 de março de 1980, designadamente o disposto no seu artigo 8º;

Considerando a Decisão n.º 1313/2013/UE do Parlamento Europeu e do Conselho da União Europeia, de 17 de dezembro de 2013, relativa a um Mecanismo de Proteção Civil da UE;

Considerando a importância que tem, para ambos os seus Estados, a gestão de emergências na zona fronteiriça entre Espanha e Portugal;

Considerando que já existe um bom nível de cooperação, tanto operacional como institucional, no âmbito da assistência mútua em caso de incêndios florestais entre ambos os países da fronteira luso-espanhola, que está plasmado no Protocolo

Handwritten signature or initials in the top right corner.

Adicional em matéria de Ajuda Mútua em Caso de Incêndios Florestais nas Zonas Fronteiriças, celebrado na Figueira da Foz, em 8 de novembro de 2003 e revisto em 2009, por troca de notas, por forma a alargar a zona de atuação fronteiriça de 15 a 25 quilómetros;

Tendo em conta a utilidade de ampliar as modalidades de execução das operações de assistência mútua em incêndios florestais a outros riscos transfronteiriços, na referida área, bem como a necessidade de dispor de procedimentos mais ágeis que os estabelecidos com carácter geral que deverão permitir, quando a urgência da situação o aconselhe, uma rápida intervenção e prestação de ajuda mútua;

A Comissão Mista, prevista no artigo 7º do Protocolo, na reunião celebrada em Lisboa, a 26 de junho de 2018, acordou propor a revisão do Protocolo Adicional sobre ajuda mútua nas zonas fronteiriças, ampliando para (25) vinte e cinco quilómetros o procedimento especial para o primeiro ataque a incêndios florestais, bem como ampliar as modalidades de ação das operações de assistência mútua a outros riscos transfronteiriços.

Assim, as Partes acordam o seguinte:

**CAPÍTULO I**  
**Disposições Gerais**

**Artigo 1º.**  
**Objeto do Protocolo**

1. O presente Protocolo estabelece as condições e procedimentos para a prestação de assistência ou socorro e os requisitos para o apoio com meios, no âmbito das emergências provocadas por incêndios florestais em zonas fronteiriças entre Espanha e Portugal.

ASIN

2. O presente Protocolo tem como objetivo definir e organizar a operacionalização das operações relacionadas com a gestão de emergências em zonas fronteiriças entre Espanha e Portugal.

**Artigo 2º**  
**Âmbito territorial de aplicação**

		2		EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		
		1		OBRAS, INFRAESTRUTURAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CIF	3.333.191	
					3.333.191	3.333.191
	4			GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL		
		0		GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL		
		1		ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	6.900.000	
					6.900.000	6.900.000
						=====
				T O T A L C A P Í T U L O 6		53.489.013

ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA. ANO 2025

SECCIÓN - 15 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
SERVIZO - 02 DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE  
PROGRAMA - 551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL

CAPÍTULO	ARTIGO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	EXPLICACIÓN DO GASTO	TOTAL CONCEPTOS	TOTAL ARTIGOS E CAPITULOS
7				TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		
	4			A SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTROS ENTES PÚBLICOS DA COMUNIDADEAUTÓNOMA		
		1		A SOCIEDADES MERCANTÍS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA		
			14	EMPRESA PUBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.	7.750.000	
					7.750.000	7.750.000
	6			A CORPORACIÓNS LOCAIS		
		0		A CORPORACIÓNS LOCAIS		
			0	INVESTIMENTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS	22.822.000	
					22.822.000	22.822.000
	7			A EMPRESAS PRIVADAS		
		0		A EMPRESAS PRIVADAS		
			0	SUBVENCIÓNS A INVESTIMENTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS	5.633.333	
					5.633.333	5.633.333
						=====
				TOTAL CAPÍTULO 7		36.205.333
				TOTAL PROGRAMA 551B		181.588.385
				TOTAL SERVIZO 02		181.588.385

## **ANEXO 5**

### **PUNTOS DE VIXILANCIA FIXA E BASES DE MEDIOS AÉREOS**



## **ANEXO 5. PUNTOS DE VIXILANCIA FIXA E BASES DE MEDIOS AÉREOS**

### **5. PUNTOS DE VIXILANCIA E BASES DE MEDIOS AÉREOS**

#### **5.1. PUNTOS DE VIXILANCIA FIXA**

#### **5.2. BASES AÉREAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**



## 5.1 Puntos de vixilancia fixa

### A Coruña:

Distrito	Concello	Parroquia	Lugar	Nome
I	MONFERO	VAL DE XESTOSO (O) (SAN PEDRO)	Abeleira (A)	Penafesa
I	VALDOVIÑO	VILABOA (SAN VICENTE)	Vilela	Coto Agudo
II	CULLEREDO	CASTELO (SANTIAGO)	Xalo	Xalo
III	MELIDE	FOLLADELA (SAN PEDRO)	Andoriña (A)	Coto do Pilar
III	SANTIAGO DE COMPOSTELA	FIGUEIRAS (SANTA MARÍA)	Correxíns	Pedroso
IV	LOUSAME	FRUÍME (SAN MARTIÑO)	Aldarís	Muralla
IV	RIBEIRA	OLEIROS (SAN MARTIÑO)	San Amedio	Curota
V	VIMIANZO	VIMIANZO (SAN VICENTE)	Vimianzo	Vela

### Lugo:

Distrito	Concello	Parroquia	Lugar	Nome
VI	TRABADA	TRABADA (SANTA MARÍA)	Chao do Sevil(O)	Picato
VI	VIVEIRO	VIVEIRO (SANTA MARÍA E SANTIAGO)	Viveiro	Penedo do Galo
VII	BECERREÁ	PENAMAIOR (SANTA MARÍA)	Pico (O)	Masmada
VII	CERVANTES	AMBASVÍAS (SANTALLA)	Santalla	Busmaior
VII	FONSAGRADA (A)	MONTESEIRO (SAN BARTOLO)	Monteseiro	Valdemadeiro
VII	FONSAGRADA (A)	PACIOS (SANTA MARÍA)	Ferreirola	Muradal
VII	NAVIA DE SUARNA	BARCIA (SAN MIGUEL)	Barcia	Tesón
VIII	CHANTADA	CHANTADA (SANTA MARIÑA)	Chantada	Faro
VIII	MONFORTE DE LEMOS	MONFORTE DE LEMOS	Monforte de Lemos	Marroxo
VIII	RIBAS DE SIL	PEITES (SAN MARTIÑO)	Peites	Amoá
IX	GUNTÍN	MONTE DE MEDA (SAN CIBRAO)	San Cibrao	Meda
IX	SAMOS	SAMOS (SANTA XERTRUDE)	Samos	Oribio
X	GUITIRIZ	PARGA (SANTA CRUZ)	Pena (A)	Santa Cruz
X	MEIRA	MEIRA (SANTA MARÍA)	Meira	Sierra de Meira



## Ourense:

Distrito	Concello	Parroquia	Lugar	Nome
XI	CARBALLIÑO (O)	CABANELAS (SAN XOÁN)	Belvís	A Magdalena
XII	BOLA (A)	BERREDO (SAN MIGUEL)	San Pedro	San Cibrao
XII	MACEDA	CASTRO DE ESCUADRO (SANTA BAIA)	Castro de Escuadro	Penedo da Lebre
XII	NOGUEIRA DE RAMUIN	VILAR DE CERREDA (SANTA BAIA)	Loureiro	Cabeza de Meda
XIII	CASTRO CALDELAS	BURGO (O) (SAN PEDRO)	Burgo (O)	O Burgo
XIII	RUBIA	RUBIÁ (SANTA MARIÑA)	Rubiá	Escrita
XIII	SAN XOÁN DE RÍO	CABANAS (AS) (SAN PAIO)	Airexa (A)	A Moa
XIII	VILAMARTIN DE VALDEORRAS	CORREXAIS (SAN PEDRO)	Correxais	Monzón
XIV	CASTRELO DO VAL	SERVOI (SANTA MARÍA)	Fontefría	Peñanofre
XIV	GUDIÑA (A)	CANIZO (O) (SANTA MARÍA)	Canizo (O)	Testeiro
XV	BLANCOS (OS)	AGUÍS (SAN MARTIÑO)	Fonte Arcada	Penaloba
XV	LOBEIRA	MONTE LONGO (SANTA CRISTINA)	Vilariño	Motas e Viso

## Pontevedra:

Distrito	Concello	Parroquia	Lugar	Nome
XVI	FORCAREI	ACIVEIRO (SANTA MARÍA)	Lamasgalán de Arriba	Candán
XVI	SILLEDA	MOALDE (SAN MAMEDE)	Casamaría	San Sebastián
XVII	CAÑIZA (A)	ACHAS (SAN SEBASTIÁN)	Achas (AS)	Montouto
XVII	NEVES (AS)	RIBARTEME (SAN XOSÉ)	Areal (O)	San Omedio
XVIII	GONDOMAR	VINCIOS (SANTA MARIÑA)	Arcos (OS)	Galiñeiro
XVIII	OIA	BURGUEIRA (SAN PEDRO)	Aldea (A)	Burgueira
XVIII	SOUTOMAIOR	SOUTOMAIOR (SAN SALVADOR)	Alxán	Espiño
XIX	CALDAS DE REIS	SAIAR (SANTO ESTEVO)	Saiar	Xiabre
XIX	COTOBADÉ	CARBALLEDO (SAN MIGUEL)	Asperiña (A)	Coirego
XIX	VILABOA	COBRES (SANTO ADRÁN)	Sobreira	Morrazo



## 5.2 Bases aéreas de prevención e defensa contra incendios forestais

Provincia	Distrito	Concello	Parroquia	Denominación	
A Coruña	II	Bergantiños-Mariñas Coruñesas	Abegondo	Folgozo	Castromaior
	III	Santiago-Meseta Interior	Santiago	Sabugueira	Santiago-Rosalía de Castro
	V	Fisterra	Santa Comba	Fontecada	Lomba
Mazaricos			Os Vaos	Mazaricos	
Lugo	VII	Fonsagrada-Os Ancares	Becerreá	Pena Maior	Becerreá
			A Fonsagrada	Lamas de campos	Reboira
	VIII	Terra de Lemos	Monforte	Guntín	Marroxo
			Sober	Marcelle	Doade
IX	Lugo-Sarria	Portomarín	Portomarín	Portomarín	
Ourense	XI	O Ribeiro-Arenteiro	Beariz	A Barcia do Seixo	Beariz
	XII	Miño-Arnoia	A Merca	Pereira de Montes	A Merca
	XIII	Valdeorras-Trives	O Barco	Vilanova de Valdeorras	Barco
			San Xoan de Río	San Xoán de Río	San Xoán de Río
	XIV	Verín-Viana	Verín	Vilarmaior de Val	Vilamaior
			Verín-Oimbra	Mandín-Rabal	Támega
			Laza	Laza	Laza
XV	A Limia	Muiños	Muiños	Xurés	
		Sandiás	Sandiás	Antela	
Pontevedra	XVI	Deza-Tabeirós	Silleda	Taboada	Silleda
	XVII	O Condado-A Paradanta	Mondariz	Queimadelos	Queimadelos
	XIX	Caldas-O Salnés	Pontevedra	Marcón	Campiño

## **ANEXO 6**

### **CONTIDO DO EPI E COMPLEMENTOS**



## CONTIDO DO EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI) E COMPLEMENTOS

<b>1. ESPECIFICACIÓNS DO EPI E COMPLEMENTOS DO VESTIARIO DE TRABALLO DE EXTINCIÓN .....</b>	<b>2</b>
1.1. ESPECIFICACIÓN DO EPI	2
1.1.1 MONO DE PROTECCIÓN IGNÍFUGO	2
1.1.2 TRAXE DE PROTECCIÓN IGNÍFUGO	3
1.1.3 BOTAS	5
1.1.4 CASCO	7
1.1.5 PROTECTOR DO COLO	8
1.1.6 LENTES	8
1.1.7 MASCARAS ANTIFUME	9
1.1.8 LUVAS	10
1.2. ESPECIFICACIÓN DOS COMPLEMENTOS DO EPI	11
1.2.1 CAMISETAS IGNÍFUGAS	11
1.2.2 CINTO	12
1.2.3 BOTIQUÍN INDIVIDUAL	12
1.2.4 CANTIMPLORA	13
1.2.5 AUTORRESCATADOR	13
<b>2. ESPECIFICACIÓNS DO EPI E COMPLEMENTOS DO VESTIARIO DE TRABALLO DE PREVENCIÓN .....</b>	<b>15</b>
2.1. ANORAK	15
2.2. FORRO TÉRMICO	15
2.3. CUBREPANTALÓN	16
2.4. CHAQUETA E PANTALÓN	16
2.5. BOTAS	17
2.6. BOTAS DE AUGA	17
2.7. TRAXES DE AUGA	18



## CONTIDO DO EPI E COMPLEMENTOS

### 1. ESPECIFICACIÓNS DO EPI E COMPLEMENTOS DO VESTIARIO DE TRABALLO DE EXTINCIÓN

#### 1.1. ESPECIFICACIÓN DO EPI

##### 1.1.1 MONO DE PROTECCIÓN IGNÍFUGO

###### 1. DEFINICIÓN

Prenda de vestir de protección persoal dunha soa peza, elaborada en tecido non inflamable, que cubre completamente o torso, brazos e pernas do usuario, desde os ombreiros ata os nocellos.

###### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal en todos os traballos de campo na loita contra incendios forestais, e especialmente durante as operacións de ataque e extinción.

###### 3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)

As características do material obxecto da subministración supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e á normativa que as traspón ao dereito español. O mono de protección será un EPI que cumpra especificamente alo menos a norma UNE-EN ISO 15384:2020 "Roupa de protección para bombeiros. Métodos de ensaio de laboratorio e requisitos de prestacións para roupa forestal" ou equivalente, UNE-EN ISO 11612:2018 "Roupa de protección contra a calor e a chama. Requisitos mínimos de rendemento" ou equivalente, e UNE-EN ISO 13688:2013 "Requisitos xerais de roupa de protección" ou equivalente.



### **1.1.2 TRAXE DE PROTECCIÓN IGNÍFUGO**

A chaqueta e pantalón son pezas de vestir de protección persoal, elaboradas en tecido non inflamable que cubrirá completamente o torso, brazos e pernas do usuario, desde os ombreiros aos nocellos, existindo un solape de polo menos 20 cm entre a chaqueta e o pantalón. A continuación descríbese o equipo:

#### **1. DEFINICIÓNS**

Traxe de protección EPI de categoría III: prenda superior e inferior levadas conxuntamente que cobren completamente o torso do usuario, brazos e pernas así como o seu colo, nocellos e pulsos. Estará formado por:

- Chaqueta ignífuga permanente: Prenda de vestir de protección persoal, elaborada en tecido ininflamable, que cubre o torso e os brazos ata os pulsos, provista de colo e que se pecha frontalmente con cremalleira ignífuga, solapa e broches ou sistema similar.

- Pantalón ignífugo permanente: Prenda de vestir e de protección persoal, elaborada en tecido ininflamable, que se cingue ao corpo na cintura e descende cubrindo cada perna ata os nocellos.

#### **2. UTILIZACIÓN**

Como parte do equipo de protección persoal en todos os traballos de campo na defensa contra incendios forestais e, especialmente, durante as operacións de ataque e extinción.

#### **3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

As características do material obxecto da subministración supeditaranse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e a normativa que as traspón ao dereito español. O conxunto forestal será un EPI de categoría III que cumprirá especificamente polo menos as normas UNE-EN ISO 15384:2020 "Roupa de protección para bombeiros. Métodos de ensaio de laboratorio e requisitos de prestacións para roupa forestal" ou equivalente, UNE-EN ISO 11612:2018 "Roupa de protección contra a calor e a chama.



Requisitos mínimos de rendemento" ou equivalente, e UNE-EN ISO 13688:2013 "Requisitos xerais de roupa de protección" ou equivalente; e as seguintes normas de consulta que son indispensables para estas, ou equivalentes:

- UNE-EN ISO 6942:2002 "Roupa de protección. Protección contra a calor e o lume. Método de ensaio: Avaliación de materiais e conxuntos de materiais cando se expoñen a unha fonte de calor radiante".
- UNE-EN ISO 5077:2008 "Determinación das variacións dimensionais no lavado e secado".
- UNE-EN ISO 11092:2015 "Téxtiles. Efectos fisiolóxicos. Medición da resistencia térmica e da resistencia ao vapor de auga en condicións estacionarias".
- UNE-EN ISO 139:2005/A1:2011 "Téxtiles. Atmosferas normais para acondicionamento e ensaio".
- UNE-EN ISO 3146/AC:2022 "Plásticos. Determinación do comportamento en fusión (temperatura de fusión o intervalo de fusión) de polímeros semi-cristalinos mediante os métodos do tubo capilar e do microscopio de polarización".
- UNE-EN ISO 13934-1:2013 "Téxtiles. Propiedades dos tecidos fronte á tracción. Parte 1: Determinación da forza máxima e do alongamento a forza máxima por o método da tira".
- UNE-EN ISO 13935-2:2014 "Téxtiles. Propiedades de resistencia á tracción das costuras de tecidos e de artigos téxtiles confeccionados. Parte 2: Determinación da forza máxima de rachadura das costuras mediante o método de agarre (método Grab)".
- UNE-EN ISO 13937-2:2001 "Téxtiles. Propiedades dos tecidos fronte ao desgarrado. Parte 2: Determinación da forza de desgarrado de probetas con forma de pantalón (Método de desgarrado único)".



- UNE-EN ISO 15025:2016 "Roupa de protección. Protección contra a chama. Método de ensaio para a propagación limitada da chama".
- ISO 17493:2016 "Roupa e equipamento para a protección contra a calor. Proba á resistencia da calor de convección usando un forno no que circula aire quente. CIÉ 54.2 Retrorreflexión. Definición e medida".
- UNE-EN 469:2020 "Roupa de protección para bombeiros. Requisitos de prestacións para a roupa de protección na loita contra incendios".
- UNE-EN ISO 6942:2002 "Roupa de protección. Protección contra a calor e o lume. Método de ensaio: Avaliación de materiais e conxuntos de materiais cando se expoñen a unha fonte de calor radiante".
- UNE-EN ISO 9151:2018 "Roupa de protección contra a calor e a chama. Determinación da transmisión da calor en exposición a unha chama".
- UNE-EN ISO 6530:2005 "Roupa de protección. Protección contra produtos químicos líquidos. Método de ensaio para a resistencia dos materiais á penetración por líquidos.
- "UNE-EN ISO 4920:2013 "Téxtiles. Determinación da resistencia dos tecidos ao mollado superficial (ensaio de rociado)".

### **1.1.3 BOTAS**

#### **1. DEFINICIÓN**

Bota negra de media caña segundo a norma UNE-EN ISO 20345:2012 en pel flor hidrofugada, con forro membrana impermeable-transpirable, tipo carteira alta e con punteira, resistente a choque equivalente a 200 J. Utilizarase para a súa fabricación unha horma o suficientemente ancha que permita a comodidade, sen prexuízo da adaptabilidade ao pé.



## **2. UTILIZACIÓN**

Como parte do equipo de protección persoal durante o manexo de ferramentas e en todos os labores de campo e extinción para facilitar o desprazamento por zonas agrestes, con grande cantidade de maleza, terreos movidos e por solos requeimados.

## **3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

As características do material supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e á normativa que as traspón ao dereito español. As botas son un EPI que cumpre especificamente a Norma UNE-EN 15090:2012, Calzado para bombeiros e as normas de consulta que son indispensables para a aplicación da mesma:

- UNE-EN ISO 20344:2022 "Equipos de protección persoal. Métodos de ensaio para calzado".
- UNE-EN ISO 20345:2022 "Equipo de protección individual. Calzado de seguridade".
- UNE-EN ISO 20346:2022 "Equipo de protección persoal. Calzado de protección".
- UNE-EN ISO 20347:2022 "Equipo de protección persoal. Calzado de traballo".
- UNE-EN 13832:2019 "Calzado protector fronte a produtos químicos".
- UNE-EN ISO 6942:2023 "Roupa de protección. Protección contra a calor e o lume. Método de ensaio: Avaliación de materiais e conxuntos de materiais cando se expoñen a unha fonte de calor radiante".
- UNE-EN ISO 15025:2016 "Roupa de protección. Protección contra a chama. Método de ensaio para a propagación limitada da chama".



#### 1.1.4 CASCO

##### 1. DEFINICIÓN

Material de protección persoal, EPI de categoría III, de forma hemisférica, construído en material resistente e ríxido, destinado a protexer a parte superior da cabeza e en especial a bóveda cranial. Composto como mínimo por armazón (casquete), arnés e barboqueixo.

##### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal, en todas aquelas operacións con risco de choques, golpes, caídas, impactos de obxectos e ferramentas, descargas eléctricas, insolación intensa, desprazamentos entre mato denso ou ferinte, etc., no que a parte superior do cranio poida resultar afectada.

##### 3. BASES TÉCNICAS (Adquisición)

As características de este material supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e a normativa que as traspón ao dereito español. O casco será EPI de categoría III que cumpra as seguintes normas técnicas, ou equivalentes:

- UNE-EN 16471:2014 "Cascos de bombeiro. Cascos para a loita contra o lume en espazos abertos".
- UNE-EN 16473:2014 "Cascos de bombeiro. Cascos para rescate técnico".
- UNE-EN 12492:2012 "Equipos de montañismo. Cascos para montañeiros. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio".



### 1.1.5 PROTECTOR DO COLO

#### 1. DEFINICIÓN

Prenda de protección persoal ignífuga permanente de dobre capa, que cubre a totalidade do colo os ombros e as partes superiores das costas e do peito.

#### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal utilizarase no ataque ao lume como prenda complementaria do casco como protección na realización dos labores de extinción, deixando ao descuberto a zona ocular para poder empregar as gafas.

#### 3. BASES TÉCNICAS

O protector do colo será un EPI de categoría III que cumprirá os mesmos requisitos que o tecido principal do traxe (chaqueta e pantalón).

### 1.1.6 LENTES

#### 1. DEFINICIÓN

Material de protección ocular composto dunha montura e un só ocular frontal de dobre visor panorámico, con banda de fixación posterior que permite mantelo suxeito diante dos ollos.

#### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal en todas aquelas operacións con risco de proxección de partículas (uso de batelumes, motoserras, pulaskis, etc.) e po.

#### 3. BASES TÉCNICAS (Adquisición)

As características deste material supeditaranse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e á normativa que as traspón ao dereito español. As gafas serán EPI de Categoría II que cumpra especificamente as seguintes normas:



- UNE-EN 166:2002 Protección individual dos ollos

As gafas deberán cumprir os seguintes requisitos adicionais reflectidos nesta norma:

Montura: 3: Uso de líquidos

4: Uso para partículas grandes de po

5: Uso para gases y pos finos

9: Uso de metais fundidos

B: Resistencia ao impacto

T: Resistencia ao impacto e temperatura extrema

Ocular: Clase óptica: 1

B Resistencia ao impacto

T: Resistencia ao impacto e temperatura extrema

9: Uso metais fundidos

K: Resistencia á abrasión

N: Resistencia ao empañamento

UNE-EN 170:2003 "Protección individual dos ollos. Filtros para o ultravioleta. Especificacións do coeficiente de transmisión (transmitancia) e uso recomendado".

Con relación a esta norma o ocular deberá ter un grado de protección 2C-1.2.

### 1.1.7 MASCARAS ANTIFUME

#### 1. DEFINICIÓN

Aparato de protección das vías respiratorias adaptable ao rostro mediante bandas de fixación, cubrindo nariz e boca para impedir basicamente a inhalación de partículas contaminantes en suspensión mediante filtrado, de dobre filtro con filtro combinado A1B1E1K1 e prefiltro P3R.



## **2. UTILIZACIÓN**

Como parte do equipo de protección persoal, para situacións de emerxencia (extinción en ataque directo e indirecto, preparación de retardantes, apertura de liñas de defensa con maquinaria pesada, etc.) en ambientes con po, fumes e neblinas, así como para o escape de zonas invadidas subitamente por gases irritantes derivados da combustión da madeira.

## **3. BASES TÉCNICAS (Adquisición)**

As características de este material supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e a normativa que as traspón ao dereito español. A máscara e o filtro serán EPI de Categoría III que cumpran especificamente as seguintes normas:

- UNE-EN 140/AC:2000 "Equipos de protección respiratoria. Medias máscaras e cuartos de máscara. Requisitos, ensaios, marcado" ou equivalente.
- UNE-EN 143:2021 "Equipos de protección respiratoria. Filtros contra partículas. Requisitos, ensaios, marcado" ou equivalente.

### **1.1.8 LUVAS**

#### **1. DEFINICIÓN**

Prendas de protección persoal EPI de categoría II, elaboradas en pel hidrofugada, destinadas a cubrir as mans (coa súa mesma forma) e como mínimo un terzo do antebrazo, lonxitude entre 340 e 375 mm +/- 10 mm. Na zona do pulso axustarase á mesma por medio dun cinguleiro de fibela, elástico, por punteado de redución, etc.

Cumprindo os requisitos térmicos : calor por contacto: tempo umbral  $\geq 40$  segundos (temperatura de contacto: 100 °C–nivel 1), calor convectivo: mínimo HTI  $\geq 10$  s. (nivel 3), calor radiante: mínimo  $t_3 \geq 30$  s. (nivel 2).



## **2. UTILIZACIÓN**

Como parte do equipo persoal, para protección das mans contra feridas, erosións e rabuñaduras producidas por caídas, manexo de ferramentas ou por silvas e matogueira punzante durante os traballos de campo e extinción; así mesmo para o manexo e preparación de produtos retardantes que non deban estar en contacto prolongado coa pel.

## **3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

As características deste material supeditaránse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e á normativa que as traspón ao dereito español. As luvas de extinción serán EPI de categoría II que cumpra especificamente as seguintes normas:

- UNE-EN ISO 21420:2020 "Luvas de protección. Requisitos xerais e métodos de ensaio".
- UNE-EN 388:2016+A1:2018 "Luvas de protección contra riscos mecánicos".
- UNE-EN 407:2020 "Luvas de protección e outros equipos de protección para as mans contra riscos térmicos (calor e/ou lume)".

## **1.2. ESPECIFICACIÓN DOS COMPLEMENTOS DO EPI**

### **1.2.1 CAMISETAS IGNÍFUGAS**

#### **1. DEFINICIÓN**

Prenda de vestir e de protección persoal, EPI categoría II, ignífuga permanente, que cubre o torso, manga longa e colo pechado.

#### **2. UTILIZACIÓN**

Como complemento do equipo de protección persoal utilizarase no ataque ao lume como prenda interior que reforza a protección fronte ao calor da propia funda ou do traxe ignífugo e que permite ademais a evacuación do calor xerado polo corpo.



### **3. BASES TÉCNICAS**

A camiseta será un complemento do EPI de categoría II que cumpra alo menos a seguinte norma:

- Norma UNE-EN ISO 11612:2018 "Roupa de protección. Roupa de protección contra a calor e a chama. Requisitos mínimos de rendemento".

#### **1.2.2 CINTO**

##### **1. DEFINICIÓN**

Banda de tecido forte provista de peche nos seus extremos e que, unha vez axustada á cintura, serve para levar útiles de protección persoal e de traballo.

##### **2. UTILIZACIÓN**

Como complemento do equipo de protección persoal, en todas aquelas operacións e traballos de campo na loita contra os incendios forestais.

##### **3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

Dado que este material será utilizado en operacións de extinción, en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan, xunto coa súa lixeireza e robustez, unha gran facilidade de manexo e mantemento que aseguren a máxima efectividade e duración do mesmo.

#### **1.2.3 BOTIQUÍN INDIVIDUAL**

##### **1. DEFINICIÓN**

Bolsa de uso persoal de reducidas dimensións que contén medicamentos e produtos para realizar curas de emerxencia en campo así como direccións para a petición de auxilios.



## **2. UTILIZACIÓN**

Como complemento do equipo de protección persoal, cando durante os traballos de defensa o usuario ou outra persoa se accidente e precise curarse, ou necesite protexerse de condicións meteorolóxicas adversas.

## **3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)**

Os botiquíns serán novos, de recente fabricación e elaborados con materiais de primeira calidade.

### **1.2.4 CANTIMPLORA**

#### **1. DEFINICIÓN**

Pequena vasilla resistente a impactos, destinada ao transporte de líquidos potables para uso persoal.

#### **2. UTILIZACIÓN**

A levarán de forma individualizada as persoas relacionadas coa extinción, en todas aquelas operacións e traballos de campo na loita contra os incendios forestais.

#### **3. BASES TÉCNICAS**

As cantimploras serán novas, de recente fabricación e construídas con materiais de primeira calidade.

Dado que este material será utilizado en operacións de extinción e en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan unhas condicións de robustez, lixeireza, facilidade de manexo e mantemento que aseguren a máxima efectividade e duración do mesmo.

### **1.2.5 AUTORRESCATADOR**

#### **1. DEFINICIÓN**

Dispositivo de supervivencia para a protección das vías respiratorias en caso de emerxencia en incendio forestal con altas concentracións de



monóxido de carbono, gases, vapores, po ou con deficiencia de osíxeno, onde a respiración é imposible.

## **2. UTILIZACIÓN**

O levarán de forma individualizada as persoas relacionadas coa extinción para empregar ante a ocorrencia dunha emerxencia grave ou atrapamento, de xeito que lles permita respirar a través do osíxeno xerado polo equipo mentres non cesen as condicións adversas.

## **3. BASES TÉCNICAS**

Respirador xerador de osíxeno químico de circuíto cerrado e dun único uso, composto por media máscara con arnés e unido a un cartucho rexenerador.

As características do equipo supeditaranse ás Directivas Comunitarias sobre EPI e a normativa que as traspón ao dereito español. Os autorrescatadores estarán certificados como EPI de Categoría III que cumpra os apartados: 5.1, 5.2, 5.3, 6.5, 6.7, 6.8, 6.13, 6.14, 6.16, 6.17, 6.18, 6.19, 6.20, 6.21, 6.24.1 da norma UNE-EN 13794:2003 "Equipos de protección respiratoria. Equipos de respiración autónomos de circuíto cerrado para evacuación. Requisitos, ensaios, marcado" ou equivalente.

Os autorrescatadores serán novos, de recente fabricación e elaborados con materiais de primeira calidade.



## 2. ESPECIFICACIÓNS DO EPI E COMPLEMENTOS DO VESTIARIO DE TRABALLO DE PREVENCIÓN

### 2.1. ANORAK

#### 1. DEFINICIÓN

Prenda técnica de protección individual para uso de intemperie en condicións climatolóxicas adversas, impermeable, transpirable, cortaventos, deseñada para protexer ao usuario en calquera época do ano, da auga, da neve, do vento e do frío.

#### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal exterior para o traballo ao aire libre e como protección contra ambientes fríos e húmidos.

#### 3. BASES TÉCNICAS

Será un EPI de categoría I que cumpra a norma UNE-EN 343:2019 "Roupa de protección. Protección contra a choiva" ou equivalente. Libre de substancias nocivas para a saúde.

### 2.2. FORRO TÉRMICO

#### 1. DEFINICIÓN

Prenda técnica ultra lixeira e resistente fabricada cun material illante sintético, que deberá protexer contra o frío pola súa grande capacidade illante e pouca condutividade, e que permitirá a saída da humidade do corpo.

#### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal interior para o traballo ao aire libre e como illante contra o frío e que a súa vez permite a saída de humidade do corpo (mediante o emprego de tecidos sintéticos de última xeración tipo coolmax, thermolite, etc.).



## 2.3. CUBREPANTALÓN

### 1. DEFINICIÓN

Prenda de protección de pernas con propiedades de impermeabilidade, cortavento e transpirabilidade.

### 2. UTILIZACIÓN

Como parte do equipo de protección persoal exterior para o traballo ao aire libre e como protección contra ambientes fríos e húmidos con alta capacidade impermeable, térmica e corta vento.

### 3. BASES TÉCNICAS

Prenda certificada CE como Equipo de Protección Individual de Categoría I.

## 2.4. CHAQUETA E PANTALÓN

### 1. DEFINICIÓN

Conxunto forestal composto de chaqueta e pantalón; ambas pezas de vestir elaboradas en tecido que cubrirá completamente o torso, brazos e pernas do usuario, existindo un solape de polo menos 20 cm. entre a chaqueta e o pantalón. Este solapamento mínimo debe manterse en todas as posicións e movementos esperados durante o uso.

### 2. UTILIZACIÓN

En duras condicións de traballo, polo que as súas calidades básicas serán a lixeireza, transpirabilidade e comodidade de uso, cunha alta resistencia ao racho e punzamento. Incorporará reforzos e material reflector.

### 3. BASES TÉCNICAS

A chaqueta e o pantalón serán EPI de categoría I, e as normas de consulta que son indispensables para as mesmas:



- EN 13688:2013 "Requisitos xerais de roupa de protección", ou equivalente.
- EN 25077 Têxtils. Determinación das variacións dimensionais ao lavado e secado domésticos (ISO 5077:1984), ou equivalente.
- EN ISO 13934-1 Têxtils. Propiedades dos tecidos fronte á tracción. Parte I: Determinación da forza máxima e do alongamento á forza máxima polo método da tira (ISO 13934-1:1999), ou equivalente.
- EN ISO 13935-2 Têxtils. Propiedades de resistencia á tracción das costuras de tecidos e de artigos têxtils confeccionados. Parte 2: Determinación da forza máxima ata a rotura de costuras polo método do agarre (ISO 13935-2:1999), ou equivalente.
- EN ISO 13937-2 Têxtils. Propiedades dos tecidos fronte á esgazadura. Parte 2: Determinación da forza de esgazadura de probetas con forma de pantalón (Método de esgazadura único) (ISO 13937-2:2000), ou equivalente.

## **2.5. BOTAS**

As definidas no punto 1.1.1.3 do EPI para traballos de extinción.

## **2.6. BOTAS DE AUGA**

### **1. DEFINICIÓN**

Bota lixeira enteiriza de poliuretano con forro interior téxtil completamente impermeable, antiestática, antideslizante, con absorción de impactos na zona do talón e sola resistente a aceites para garantir un bo agarre e unhas condicións de traballo seguras.

A bota será tipo "poceiro" con altura da caña ata debaixo do nocello e punteira de seguridade para evitar o esmagamento das dedas e soleta protectora de aceiro anti-perforación integrada na sola de tacos que evite a penetración de obxectos e cun peso menor de 2 kg o par.



## **2. UTILIZACIÓN**

Para traballos ao aire libre en ambientes húmidos, con alta capacidade impermeable.

## **3. BASES TÉCNICAS**

Prenda certificada CE como EPI de Categoría I e, como mínimo, marcado tipo: S5 CI CR SRC.

### **2.7. TRAXES DE AUGA**

#### **1. DEFINICIÓN**

Prenda técnica de protección individual composta por chaqueta e pantalón de cor fluorescente, deseñada para protexer da auga ao usuario en calquera época do ano. Con gran resistencia para uso de intemperie en condicións climatolóxicas adversas, impermeable, transpirable e corta-vento.

#### **2. UTILIZACIÓN**

Como parte do equipo de protección persoal exterior para o traballo ao aire libre, polo seu corte amplo poderá ser utilizado con varias capas debaixo (mesmo voluminosas) ou soamente unha primeira capa.

#### **3. BASES TÉCNICAS**

O traxe de auga é un EPI de categoría II, libre de substancias nocivas para a saúde, que cumpre as normas:

- Norma UNE-EN ISO 13688:2013 "Roupa de protección. Requisitos xerais" ou equivalente.
- Norma UNE-EN 343:2019 "Roupa de protección. Protección contra a choiva" ou equivalente. Debendo cumprir o traxe de auga a clase 3:1 segundo esta norma.
- Norma UNE-EN ISO 20471:2013 "Roupa de alta visibilidade. Métodos de ensaio e requisitos" ou equivalente. Debendo cumprir o traxe de auga a clase 3 segundo esta norma.

## **ANEXO 7**

### **REDE TETRA E TELÉFONOS**



## TELÉFONOS E ENDEREZOS DE INTERESE

### Provincia de A Coruña - 981 184 600

Distrito	Enderezo	Teléfono
Ferrol	Praza Camilo José Cela, s/n 15403 Ferrol	981 337 347
Bergantiños - M. Coruñesas	O Carregal, s/n 15300 Betanzos	881 960 422
Santiago - Meseta Interior	R/ Nova, 41, 2º 15680 Ordes	881 960 660
Barbanza	R/ Pintor Xenaro Carrero, 15, baixo 15200 Noia	881 867 255
Fisterra	Codeseiras, 11 15129 Vimianzo	881 867 372

### Provincia de Lugo - 982 294 545

Distrito	Enderezo	Teléfono
A Mariña Lucense	Avda. Gerardo Harguindey Banet, 2 27863 Celeiro	982 555 064
Fonsagrada - Os Ancares	R/ Ano vello, s/n, Entrechán 27640 Becerreá	982 828 414
Terra de Lemos	R/ Alfredo Brañas, s/n 27400 Monforte de Lemos	982 889 122
Lugo - Sarria	R/ Nicomedes Pastor Díaz, 13 27001 Lugo	982 828 620
Terra Chá	R/ Poetisa Carmiña Prieto Rouco, s/n 27800 Vilalba	982 828 966



### Provincia de Ourense - 988 386 085

Distrito	Enderezo	Teléfono
O Ribeiro - Arenteiro	Estrada O Carballiño-Cea (OU-504), km 22 32500 Seoane O Carballiño	988 78 88 77
Miño - Arnoia	R/ Villamil y Castro, s/n 32071 Ourense	988 386 025
Valdeorras - Trives	Casa Grande de Viloira 32300 O Barco de Valdeorras	988 788 932
Verín - Viana	R/ Rosalía de Castro, 63, 1º 32600 Verín	988 788 300
A Limia	R/ Prolongación Irmáns Martínez, 4-6 32840 Bande	988 788 014

### Provincia de Pontevedra - 986 805 320

Distrito	Enderezo	Teléfono
Deza - Tabeirós	Polígono 2000, edificio Expodeza, 2º 36500 Lalín.	886 159 282
O Condado - A Paradanta	R/ Paseo Matutino, 25, 1º A/B 36860 Ponteareas	886 120 975
Vigo - Baixo Miño	R/ Riveira, s/n, Edificio Multiusos de Torneiro 36410 O Porriño.	886 120 800
Caldas - O Salnés	Centro de apoio Cabanas, s/n. 36143 Salcedo	886 159 586



### Teléfonos de emerxencia

- Teléfono **085** de emerxencia de incendios forestais.
- Teléfono **112** da central de emerxencias da Xunta de Galiza.

### Distribución de frecuencias aéreas

Provincia	Frecuencia	Frecuencia de reserva	Frecuencia de emerxencia
A Coruña	130,325	123,425	129,825
Lugo	122,350	130,500	
Ourense	123,425	130,325	
Pontevedra	130,500	122,350	



## REDE RADIO DIXITAL TETRA

Frecuencia: 380-430 MHz.

### Centro de Coordinación Central (CCC)

C. Coordinación	ISSI
CCC	8599000
	8599001
	8599002
	8599003
	8599004

### Centros de Coordinación Provincial (CCP)

C. Coordinación	GRUPO	ISSI		
CCP A CORUÑA	CORUÑA	8520001	8520002	8520003
		8520004	8520005	8520006
CCP LUGO	LUGO	8527001	8527002	8527003
		8527004	8527005	8527006
CCP OURENSE	OURENSE	8532001	8532002	8532003
		8532004	8532005	8532006
CCP PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	8536001	8536002	8536003
		8536004	8536005	

### Centros de Coordinación de Distrito (CCD)

C. Coordinación		GRUPO	ISSI		
I	CCD FERROL	D01-1	8501000	8501001	8501002
II	CCD BERGANTIÑOS-M. CORUÑESAS	D02-1	8502000	8502001	8502002
III	CCD SANTIAGO-MESETA INTERIOR	D03-1	8503000	8503001	8503002
IV	CCD BARBANZA	D04-1	8504000	8504001	8504002
V	CCD FISTERRA	D05-1	8505000	8505001	8505002
VI	CCD A MARIÑA LUCENSE	D06-1	8506000	8506001	8506002
VII	CCD FONSAGRADA-OS ANCARES	D07-1	8507000	8507001	8507002
VIII	CCD TERRA DE LEMOS	D08-1	8508000	8508001	8508002
IX	CCD LUGO-SARRIA	D09-1	8509000	8509001	8509002
X	CCD TERRA CHÁ	D10-1	8510000	8510001	8510002



C. Coordinación		GRUPO	ISSI		
XI	CCD O RIBEIRO-ARENTEIRO	D11-1	8511000	8511001	8511002
XII	CCD MIÑO-ARNOIA	D12-1	8512000	8512001	8512002
XIII	CCD VALDEORRAS-TRIVES	D13-1	8513000	8513001	8513002
XIV	CCD VERÍN-VIANA	D14-1	8514000	8514001	8514002
XV	CCD A LIMIA	D15-1	8515000	8515001	8515002
XVI	CCD DEZA-TABEIRÓS	D16-1	8516000	8516001	8516002
XVII	CCD O CONDADO-A PARADANTA	D17-1	8517000	8517001	8517002
XVIII	CCD VIGO-BAIXO MIÑO	D18-1	8518000	8518001	8518002
XIX	CCD CALDAS-O SALNÉS	D19-1	8519000	8519001	8519002

### Grupos de extinción por Centro de Coordinación de Distrito (CCD)

CCD		GRUPO							
I	CCD FERROL	01	20						
II	CCD BERGANTIÑOS-M. CORUÑESAS	02	21	22	23	24			
III	CCD SANTIAGO-MESETA INTERIOR	03	25	26	27	28			
IV	CCD BARBANZA	04	29	30	31	32			
V	CCD FISTERRA	05	33	34					
VI	CCD A MARIÑA LUCENSE	06	35						
VII	CCD FONSAGRADA-OS ANCARES	07	36	37	38				
VIII	CCD TERRA DE LEMOS	08	39	40	41				
IX	CCD LUGO-SARRIA	09	42	43	44	45	46		
X	CCD TERRA CHÁ	10	47	48	49				
XI	CCD O RIBEIRO-ARENTEIRO	11	50	51	52	53			
XII	CCD MIÑO-ARNOIA	12	54	55	56	57	58	59	
XIII	CCD VALDEORRAS-TRIVES	13	60	61	62	63	64	65	66
XIV	CCD VERÍN-VIANA	14	67	68	69	70	71	72	73
XV	CCD A LIMIA	15	74	75	76	77	78	79	
XVI	CCD DEZA-TABEIRÓS	16	80	81	82	83	84		
XVII	CCD O CONDADO-A PARADANTA	17	85	86	87	88	89		
XVIII	CCD VIGO-BAIXO MIÑO	18	90	91	92	93	94		
XIX	CCD CALDAS-O SALNÉS	19	95	96	97	98	99		



## Canles en directo

CANLES		
DIRECTO1	DIRECTO11	DIRECTO21
DIRECTO2	DIRECTO12	DIRECTO22
DIRECTO3	DIRECTO13	DIRECTO23
DIRECTO4	DIRECTO14	DIRECTO24
DIRECTO5	DIRECTO15	DIRECTO25
DIRECTO6	DIRECTO16	DIRECTO26
DIRECTO7	DIRECTO17	DIRECTO27
DIRECTO8	DIRECTO18	DIRECTO28
DIRECTO9	DIRECTO19	DIRECTO29
DIRECTO10	DIRECTO20	DIRECTO30

## Bases aéreas

BASE AÉREA	ISSI
BASE AÉREA CASTROMAIOR	8520011
BASE AÉREA LOMBA	8520012
BASE AÉREA BECERREÁ	8527011
BASE AÉREA MARROXO	8527012
BASE AÉREA DOADE	8527013
BASE AÉREA PORTOMARÍN	8527014
BASE AÉREA A MERCA	8532012
BASE AÉREA RÍO	8532013
BASE AÉREA VILAMAIOR	8532014
BASE AÉREA XURÉS	8532015
BASE AÉREA BARCO	8532016
BASE AÉREA BEARIZ	8532017
BASE AÉREA TÁMEGA	8532018
BASE AÉREA LAZA	8532051
BASE AÉREA ANTELA	8532052
BASE AÉREA SILLEDA	8536011
BASE AÉREA QUEIMADELOS	8536012
BASE AÉREA CAMPIÑO	8536013



## Canles DMO

DISTRITO		GRUPOS DIRECTOS					
01	FERROL	1	2	3	4	5	6
02	BERGANTIÑOS-MARIÑAS CORUÑESAS	7	8	9	10	11	12
03	SANTIAGO-MESETA INTERIOR	13	14	15	16	17	18
04	BARBANZA	19	20	21	22	23	24
05	FISTERRA	25	26	27	28	29	30
06	A MARIÑA LUCENSE	7	8	9	10	11	12
07	FONSAGRADA-OS ANCARES	13	14	15	16	17	18
08	TERRA DE LEMOS	19	20	21	22	23	24
09	LUGO-SARRIA	1	2	3	4	5	6
10	TERRA CHÁ	25	26	27	28	29	30
11	O RIBEIRO-ARENTEIRO	1	2	3	4	5	6
12	MIÑO-ARNOIA	7	8	9	10	11	12
13	VALDEORRAS-TRIVES	13	14	15	16	17	18
14	VERÍN-VIANA	19	20	21	22	23	24
15	A LIMIA	25	26	27	28	29	30
16	DEZA-TABEIRÓS	7	8	9	10	11	12
17	O CONDADO-A PARADANTA	19	20	21	22	23	24
18	VIGO-BAIXO MIÑO	13	14	15	16	17	18
19	CALDAS-O SALNÉS	25	26	27	28	29	30




## **ANEXO 8**

### **APLICACIONES INFORMÁTICAS**




## APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

### XeoCode 3.0




Aplicación cliente/servidor, baseada nun sistema de información xeográfica a medida, que permite a xestión de alarmas e lumes en tempo real a nivel de distrito, provincias e servizos centrais. Xestión de todos os recursos dispoñibles (medios e persoal), coa súa localización, estado e operatividade en tempo real, proximidade de recursos, cálculo de tempos de chegada. Carga de capas ráster (foto aérea PNOA, mapa topográfico) e vectorial (unidades administrativas, núcleos de poboación, vías de comunicación, gasoleiras, rede eléctrica, rede hidrográfica, puntos de auga, puntos de vixilancia, puntos de encontro, bases de medios aéreos, puntos de recepción de medios, cortalumes, queimas prescritas, espazos de especial protección). Utilidades SIX: medicións de distancias e áreas, radios de acción, zooms sobre o terreo, compartición de pantalla entre clientes. Integración con datos cartográficos externos e servidores de mapas, Google Maps, Street View, visor 3D. Visualización actualizada de imaxes satélite Sentinel e Landsat, con fotointerpretación e perímetros automáticos, hotspots MODIS e VIIRS. Plan de operación, caracterización do lume, manobras e Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP). Asociación de shapes provisionais coa evolución do lume e shape consolidado, verificación de superficies e fotografías asociadas. Envío automático de SMS ante eventos. Buscas avanzadas con filtros toponímicos e puntos quilométricos. Acceso a datos de observación e predición meteorolóxica. Integración



do Índice de Risco Diario de Incendios (IRDI) a 9 días. *Geofencing* co posicionamento en tempo real e *buffers* en torno a puntos de inicio. Consultas espaciais, integración con Catastro e parcelas afectadas. Integración coa rede radio dixital Tetra: alarmas, entrada e saída a lumes, track de recurso asociado, xestión de xornada laboral. Reconstrución do lume a partires da xeolocalización de recursos e datos asociados. Integración coa Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia: visualización de cámaras, control PTZ, xeolocalización sobre o vídeo en tempo real, desprazamento a un punto sobre o mapa. Integración coas cámaras embarcadas en medios aéreos.


## XeoCode Lite



Solución SIX a medida, con información en tempo real, para a xestión dun lume sobre o territorio nas tablets e nos teléfonos móbiles cos que contan actualmente os técnicos, axentes, xefes de brigada e condutores de motobomba. Integra a información cartográfica vectorial e ráster despregada en XeoCode. Incorpora busca de topónimos e puntos quilométricos, localización GPS dos recursos asignados, rutas de acceso seguidas polos primeiros recursos en chegar, información da evolución do lume, fotografía xeorreferenciada, perímetros provisionais. Aporta capacidades de edición para deseñar o plan de operación e integración con SEMOP. Acceso ás cámaras da Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia e dos medios aéreos.




## XLumes Codificador




Ampliación da información xestionada en XeoCode con datos obtidos *a posteriori*, incluídos nos restantes campos que confeccionan o Parte de Incendio Forestal: modelos de combustible, probabilidade de ignición, tipo de lume, técnicas de extinción, efectos medioambientais, especies arbóreas afectadas, valoración de perdas. Cálculo automático de gastos de extinción en base a custos unitarios por tipo de recurso e tempos de intervención. Sinatura dixital. Módulo de exportación a EGIFWEB.

## XLumes Informes



Módulo estatístico de informes agregados e parametrizados, con filtros básicos e avanzados, desagregados por unidades administrativas e exportación a folla de cálculo.

## Diario de lumes



Seguimento tabular dos lumes rexistrados en Galicia a partir dos datos introducidos dende os distritos forestais e as xefaturas provinciais. Data e hora de detección, comezo de extinción, estabilizado, control e finalización, superficie afectada, situacións operativas de emerxencia. Actuación dos medios aéreos e terrestres. Visualización adaptada para gran formato, tablet e teléfono móbil.



## XeoRecursos

The screenshot shows the XeoRecursos web application interface. At the top, there are search filters for 'Codigo', 'Descripcion', 'Operativa', 'Ambito', 'Posicion', and 'Estado'. Below the filters, there is a table with columns for 'Codigo', 'Ambito', 'Descripcion', 'Tipo', 'Operativa', 'DNI', 'Apellidos', 'Nombre', and 'Acciones'. The table lists several resources, including '0501-AV01' through '0501-AV07', with details on their status, location, and assigned personnel.

Código	Ambito	Descripcion	Tipo	Operativa	DNI	Apellidos	Nombre	Acciones
0501-AV01	01 - Forestal	Asente Terminal	Asente Terminal	SI	33310076L	Suarez Pilo, Jose Gabriel		
0501-AV02	01 - Forestal	Asente Terminal	Asente Terminal	SI	33471958A	Perez Perez, Xosé Luis		
0501-AV03	01 - Forestal	Asente Terminal	Asente Terminal	SI	33327479A	Piñeira Castiella, Eduardo		
0501-AV04	01 - Forestal	Asente	Asente	SI	33324329M	Vidal Rodríguez, Xosé Antonio		
0501-AV05	01 - Forestal	Asente	Asente	SI	33341325L	García Saiz, Manuel Ramón		
0501-AV06	01 - Forestal	Asente	Asente	SI	33342703S	Lorenzo Garcia, Xosé Manuel		
0501-AV07	01 - Forestal	Asente	Asente	SI	33303782R	Camero Garcia, Miguel Ángel		

Xestión de medios e persoal dedicados á prevención e defensa contra os incendios forestais. Relación de vehículos por tipo (motobombas, todoterreos, pick-ups, maquinaria pesada, helicópteros, avións de carga en terra) e características (marca, modelo). Relación de persoal (técnicos, axentes, brigadas). Asignación de códigos identificativos. Control de documentación (baixas, avarías, custes asociados, ITV, fotografía).

## Medios aéreos

The screenshot shows the FIRESW web application interface. It displays a table of aerial means with columns for 'Provincia', 'Base', 'Modelo', 'T.A.', 'Lume', 'Base realista', 'Logar', 'Obr', 'Deep', 'Chk', 'Stk', 'Alt', and 'Obr'. The table lists various aerial means, including '0501-AV01' through '0501-AV07', with details on their location, type, and operational status.

Provincia	Base	Modelo	T.A.	Lume	Base realista	Logar	Obr	Deep	Chk	Stk	Alt	Obr
Pontevedra	HE Toim	HE Toim	Extinción	201908003		Pontevedra - Colares (San Fins)	12,29	12,40	12,51			0,36
Pontevedra	HE Vilanova (Vilari)	HE Vilanova (Vilari)	Extinción	201902005		Calvos de Randín - Randín (San Andre)	12,00	12,00				0,39
Pontevedra	HE Campelo	HE Campelo	Extinción	201908002		Pontevedra - Colares (San Fins)	12,00	12,12	12,23			0,38
Pontevedra	HE Norta 21	HE Norta 21	Cooperación	201908003		Pontevedra - Colares (San Fins)	12,15	12,46				0,42

Control dos medios aéreos, dende as propias bases distribuídas polo territorio, con conexión á rede de datos corporativa da Xunta de Galicia. Control de horas voadas, operatividade, limitacións, peche de bases, combustible dispoñible. Integración con XeoCode.

## Maquinaria pesada


The screenshot shows the FIRESW web application interface. It displays a form for heavy machinery with fields for 'Provincia', 'Base', 'Modelo', 'T.A.', 'Lume', 'Base realista', 'Logar', 'Obr', 'Deep', 'Chk', 'Stk', 'Alt', and 'Obr'. The form is used to manage heavy machinery, including details on location, type, and operational status.

Provincia	Base	Modelo	T.A.	Lume	Base realista	Logar	Obr	Deep	Chk	Stk	Alt	Obr
Pontevedra	HE Toim	HE Toim	Extinción	201908003		Pontevedra - Colares (San Fins)	12,29	12,40	12,51			0,36
Pontevedra	HE Vilanova (Vilari)	HE Vilanova (Vilari)	Extinción	201902005		Calvos de Randín - Randín (San Andre)	12,00	12,00				0,39
Pontevedra	HE Campelo	HE Campelo	Extinción	201908002		Pontevedra - Colares (San Fins)	12,00	12,12	12,23			0,38
Pontevedra	HE Norta 21	HE Norta 21	Cooperación	201908003		Pontevedra - Colares (San Fins)	12,15	12,46				0,42

Xestión da maquinaria pesada, góndolas e cabezas tractoras dispoñibles e asignables a incendios. Alta e mantemento de empresas, bases de operatividade e lotes de retén. Automatización de impresos de comunicación de movemento por infraestruturas viarias. Edición de actuacións, quilómetros, períodos de traballo, avarías.




## Quendas




Seguimento e control das quendas de persoal por traballadores, brigadas e equipos, con cadrantes de previsión e execución real. Entradas e saídas, permisos, baixas, vacacións, épocas de alto risco, compensacións, certificación de horas nocturnas, domingos e festivos, axudas de custo e complementos de produtividade. Certificados de formación e PRL. Integración con XeoCode.

## Rediin



Rede de investigación de incendios forestais. Investigación forestal e policial dos lumes ocorridos: visitas realizadas, actividades detectadas, perfil de implicados (sexo, idade, localización, estado xudicial), observacións. Inclusión de fotografías de visitas e documentación pertinente.


## Queimas



Expedición das comunicacións e autorizacións de queima por solicitante e finca, con modalidade presencial, telefónica e por internet. Xestión de solicitantes e propiedades. Seguimento e control de autorizacións pendentes, aprobadas, denegadas e canceladas. Parametrizados e agregados por datas, por solicitante, por unidade administrativa. Gráficos de expedición de comunicacións e autorizacións. Informe de lumes posteriores a unha solicitude de autorización de queima nunha mesma unidade administrativa, e exportación a folia de cálculo.




## QUECO




Control de solicitudes, tramitación e requirimentos, visitas, execución e avaliación a curto e medio prazo das queimas prescritas realizadas. Localización e área da queima, obxectivos, caracterización do solo, topografía, combustible e vexetación, climatoloxía, loxística, técnicas e recursos empregados, comportamento, cumprimento de obxectivos. Incorporación de cartografía vectorial e arquivo fotográfico.

## Convenios



Xestión dos convenios propostos e asinados coas entidades locais para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais (protección de núcleos rurais, tratamentos preventivos e operatividade de vehículos). Impresión de documentación administrativa e contable. Seguimento e control orzamentario.


## Infraestruturas



Inventario dos máis de 6.000 puntos de auga de Galicia, coa súa localización administrativa e xeográfica, tipo de carga, material de fabricación, dimensións e volume, estado, acceso, datas de realización e actualización, fotografías e observacións pertinentes. Listado parametrizado e agregado por unidades administrativas. Incorporación, asemade, dos puntos de vixilancia, puntos de encontro, bases de medios aéreos e de maquinaria pesada, puntos de recepción de medios, cortalumes.




## Plan Preventivo




Xestión do plan preventivo de defensa contra os incendios forestais. Indicación da localización, actuación realizada, recurso empregado, unidades efectuadas, data de inicio e finalización, días traballados, xornais efectivos, observacións. Módulo de certificación por distrito e mes natural. Informes estatísticos por unidades administrativas e recursos. Listados parametrizados de actuación e por realización diaria.

## Emisoras



Inventario do equipamento de rede radio de incendios: tipo de emisora, marca, modelo, banda empregada, datas de compra e garantía, ISSI, plantilla implantada, localización e responsable asignado, accesorios, control de avarías e reparación, documentación dixital asociada.


## Inventario informático



Inventario do equipamento informático despregado en servizos centrais, xefaturas provinciais, distritos forestais, oficinas de apoio, bases de medios aéreos, centros de formación e loxística, postos de mando avanzado e outros emprazamentos. Características técnicas, garantía, conexión á rede Xunta, asignación de usuarios, arquivo fotográfico. Listados parametrizados e agregados.




## Material



Inventario do equipamento de oficina e campo distribuído: binoculares, cámaras fotográficas, GPS, telefonía, ferramentas. Asignación de usuarios, características técnicas. Listados parametrizados e agregados.

## Formación



Repositorio multimedia unificado, cos cursos de formación impartidos ao persoal do dispositivo de incendios, xornadas e congresos, circulares, comunicacións de interese, publicacións e material didáctico de consulta asociado. Ligazóns de interese e acceso por categorías e perfís profesionais.



## SISTEMAS IMPLANTADOS

### Seguimento de recursos en tempo real



Seguimento dos medios aéreos (helicópteros de coordinación e extinción, avións de carga en terra), terrestres (motobombas, todoterreos, pick-ups, maquinaria pesada) e do persoal de coordinación e extinción en tempo real. Instalación de emisoras dotadas de localización e localizadores específicos en vehículos. Transmisión de posicións, dende o canal de datos de Tetra e por GSM/GPRS no caso dos localizadores estándar, con código de recurso, indicación de velocidade, altitude, track e distancia percorrida, entrada/saída de zona de interese, etc.

### Sistema de videovixilancia de bases de medios aéreos



Sistema de vídeo-vixilancia nas bases de medios aéreos, con cámara web IP teledirixida e visionado en matriz configurable. Lente motorizada con auto-enfoque. Conexión á rede de datos privada da Xunta de Galicia. Gravación de vídeo baixo demanda ou automatizado.



## Videowall



Sistema de visualización, consistente en 10 pantallas profesionais de 65" e panel lateral LED, con controlador integrado. Empregan a última tecnoloxía de visionado, con presentación de alta calidade, escalado e dispoñibilidade. Dispón de múltiples entradas de vídeo e rede, o que permite capturar a imaxe de calquera dos PCs do centro de coordinación, ou de calquera outro accesible dende a rede de datos da Xunta de Galicia. Integra, a súa vez, as cámaras da Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia, das bases e medios aéreos e todas as aplicacións empregadas na prevención e defensa contra os incendios forestais. Os postos de traballo contan con monitores curvos de alta definición e campo de visión ampliado.

**ANEXO 9**

**PROTOCOLO OACEL**



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN  
Y MEDIO AMBIENTE



COMITÉ DE LUCHA CONTRA  
INCENDIOS FORESTALES

## PROTOCOLO OACEL

El protocolo OACEL (**O**bservación, **A**tención, **C**omunicación, ruta de **E**scapes y **L**ugar seguro) es un protocolo básico de seguridad para el personal de extinción que permite prevenir situaciones comprometidas. Este protocolo contempla de forma general las 18 Situaciones de atención y representa los componentes principales que dan lugar a las 10 Normas de combate. Originario de los Estados Unidos con la forma OCEL, el CLIF recomienda la incorporación del elemento **A**tención como una de las conclusiones obtenidas en la investigación del accidente mortal ocurrido en el incendio de Molinaferrera (León) en octubre de 2011.

Es un sistema proactivo, lo que significa que deben tomar la iniciativa quienes lo aplican, siendo responsables de conocer en todo momento su estado respecto a la seguridad, con objeto de modificarlo por sí mismos cuando sea necesario. La aplicación del OACEL implica una continua reevaluación de cada uno de sus cinco puntos, estableciéndose otros nuevos cuando hiciera falta.

Se debe aplicar en orden secuencial O-A-C-E-L. Es decir comenzar por cumplir con la **O**bservación y continuar en orden hasta verificar la existencia del **L**ugar seguro. Si no se cumple con alguno de los puntos, seguir con las demás premisas del protocolo carece de valor.

### ▲ **OBSERVACIÓN**

Se debe conocer en todo momento el comportamiento del incendio forestal y cómo afecta, o puede afectar, a la posición de trabajo que ocupan los combatientes, sus rutas de escape y sus zonas de seguridad, ya sea por visión directa o ubicando un observador en un punto con suficiente visibilidad.

### ▲ **ATENCIÓN**

Se debe garantizar en todo momento una **A**tención continua a la evolución del fuego, tal que permita tener una conciencia real de la situación en la que se encuentran los combatientes. Mantener la **A**tención significa ser conscientes de los acontecimientos que están ocurriendo a nuestro alrededor y que pueden tener influencia en nuestro trabajo y seguridad. No basta con observar lo que ocurre, hay que ponerlo además en relación con el resto de factores que nos rodean y sus posibles consecuencias.

### ▲ **COMUNICACIÓN**

Se deben establecer y mantener en todo momento canales de comunicación entre el observador, estructura de mando y componentes del equipo de extinción. Esto es indispensable para garantizar la coordinación entre los medios y que sus acciones sean efectivas y seguras. El observador siempre ha de estar comunicado con todo el equipo, para avisar de cualquier novedad que suponga o pueda suponer un riesgo. Si las comunicaciones no están aseguradas durante las acciones de extinción se entra automáticamente en una situación de peligro.

### ▲ **ESCAPE**

Se debe establecer y mantener en todo momento una ruta de escape por la que abandonar de forma segura el lugar dónde se trabaja en el caso de que sea necesario, debido a cambios en el comportamiento del incendio. Dichas rutas de escape deben llevar siempre a un **L**ugar seguro. Las rutas de escape pueden cambiar según evoluciona el incendio y las operaciones de extinción, por lo tanto se deben reevaluar periódicamente y establecer nuevas rutas cuando sea necesario.

### ▲ **LUGAR SEGURO**

La ruta de escape siempre ha de llevar hasta una zona en la que no haya peligro de ser alcanzado por el fuego ni un calor radiante excesivo, que consideramos **L**ugar o zona segura. Deben ser zonas que permitan a un combatiente soportar el paso del fuego sin más medidas de protección que su propio EPI. Por ello deberán estar libres de combustible o combustible muy escaso, existiendo diversas posibilidades, tanto naturales como construidas. Las zonas quemadas donde no queda combustible disponible (sin potencial de retorno), son buenos lugares seguros. Tener un escape a una zona segura no es en absoluto una medida de seguridad suficiente si no se cumple con O, A y C, ya que tanto la ruta como la zona podrían verse fácilmente comprometidas.

**ANEXO 10**

**DOCUMENTACIÓN ANEXA AO PLAN PREVENTIVO**



## ANEXO 10. DOCUMENTACIÓN ANEXA AO PLAN PREVENTIVO

### 10. Documentación anexa ao Plan preventivo

#### 10.1. Plan autonómico de queimas prescritas - 2025

#### 10.2. Procedemento de planificación e execución de queimas prescritas

#### 10.3 Cartografía do Plan de prevención

**ANEXO 10.1**

**PLAN AUTONÓMICO DE QUEIMAS PRESCRITAS - 2025**

# PLAN AUTONÓMICO DE QUEIMAS PRESCRITAS 2025



## Antecedentes

O lume sempre formou parte do ecosistema forestal, estando directamente ligado a el por causas naturais e sendo, en si mesmo, un mecanismo de autorregulación do propio monte o cal se atopa adaptado a el en moitos aspectos. Dende sempre, os montes teñen sido moldeados pola presenza do lume, dando lugar e forma á nosa paisaxe e influíndo na formación de masas arbóreas e arbustivas autóctonas. Deste xeito, o ecosistema forestal ten evolucionado paralelamente á acción do lume, asociándose a el e desenvolvendo mecanismos de adaptación. Así, multitude de especies forestais presentan numerosas adaptacións tales como conos serodios (as piñas abren coa calor), sementes que aumentan a súa fertilidade coa temperatura e árbores con cortizas grosas e resistentes (sobreira) entre outras.

Por un lado, tendo en conta a súa peor faceta, o lume é considerado como o gran inimigo do sistema forestal dada a súa capacidade destrutiva, tal como acontece cos incendios forestais pero, por outro, o seu uso adecuado para determinadas finalidades permite dispoñer dunha ferramenta de xestión máis, tendo, na actualidade, cada vez maior presenza na xestión do mundo forestal e gozando de maior comprensión a pesares das correntes de pensamento que rexeitan a figura do lume en todas as súas facetas.

Nun tempo, os beneficios que reportaba o monte, lograban que a biomasa vexetal non se acumulara en exceso debido á súa utilidade en forma de leñas, aproveitamento para o gando e outros usos pero o crecente consumo de enerxías coma o gas, o petróleo e a electricidade e o aumento das explotacións gandeiras intensivas fixeron que as actividades tradicionais do monte diminuíran en gran medida, provocando o aumento significativo da biomasa vexetal co paso dos anos, convertendo os montes en auténticas polvoreiras.

Na década dos oitenta, o número de incendios e a superficie queimada en Galicia presentaba unha dinámica de evolución ascendente preocupante que deu lugar a que, no ano 1990, a través de diferentes comarcas piloto se iniciara un operativo específico para a loita contra os incendios forestais en Galicia que derivou na posta en marcha no ano 1991, dun novo modelo de organización e traballo mediante a creación do denominado Servizo de Prevención Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia (SPDCIF).

Inicialmente, coa creación deste Servizo, pretendese poñer freo ao uso indiscriminado do lume tratando de regulalo e autorizando, no relativo á realización de queimas, unicamente as de restos amoreados e comezando na primeira metade da década dos 90, a facer queimas controladas de matogueiras en pé en zonas de alta recorrencia de incendios forestais. O éxito do servizo reflectíase na diminución da superficie queimada con respecto á década anterior, mais podíase observar de xeito inverso o aumento do número de incendios, o que poñía de manifesto a elevada intencionalidade que tiña lugar.




Gráfico 1: evolución de nº de lumes e superficies queimadas no período 1976-2024

É tamén a principio dos anos 90 cando o Departamento de Protección Ambiental do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, en concreto do Laboratorio de Fogos Forestais dirixido polo doutor José Antonio Vega, fixo un estudo dos efectos do lume a curto e longo prazo en diferentes ecosistemas galegos. Dos estudos realizados en base a múltiples experiencias púidose concluír de modo xeral que os efectos do lume non son nin totalmente destrutivos nin totalmente beneficiosos. Como resultado final publicouse o "Manual de queimas prescritas para matogueiras de Galicia" (Ed. Xunta de Galicia, 2001), como formato de guía práctica para a preparación e execución de queimas prescritas.

Outro feito a ter en conta é que a finais dos anos 90 comeza a desenvolverse no territorio español a especialización na investigación de causas dos incendios forestais, que en Galicia ten como resultado a creación das Brigadas de Investigación de Incendios Forestais (BIIF), compostas por Axentes Forestais e Axentes Facultativos/as Medioambientais especializados na materia. Isto permitiu coñecer, con maior fiabilidade, as causas que orixinan os incendios forestais, dato fundamental para a orientación das políticas preventivas a desenvolver nas diferentes zonas do territorio galego.

Paralelamente, no ano 2000, a Dirección General de Conservación de la Naturaleza (DGCN) dependente do Ministerio de Medio Ambiente, pon en marcha a iniciativa dos Equipos de Prevención Integral de Incendios Forestales (EPRIF) en diferentes zonas do territorio español con alta incidencia de incendios forestais, os cales, no eido da prevención, tiñan como liña de traballo fundamental a execución de queimas prescritas.



Destas circunstancias expostas despréndese que, décadas atrás, os incendios eran máis recorrentes pero menos destrutivos, dado que a biomasa acumulada nos montes era menor, ao igual que a continuidade horizontal e vertical dos combustibles, xa fora por incendios con orixe natural ou pola propia actividade antrópica tradicional. Tendo en conta esta cuestión, a tendencia actual é a de padecer menor número de sinistros como contrapunto á maior virulencia e dificultade de extinción dalgúns deles que, puntual e temporalmente, poden superar a capacidade de extinción de calquera dispositivo de loita contra o lume por moi ben deseñado e preparado que estea.

No ano 2021 creouse a Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO), formada por 15 membros da escala de axentes medioambientais cara a un ámbito territorial autonómico, e a especialización nas súas facetas policial e forestal nos incendios forestais obedece a criterios obxectivos, xa que redonda nunha clara mellora da investigación e, polo tanto, da prevención dos incendios forestais.

No ano 2023 creouse a Unidade de Directores de Extinción (UDEX), conformada por un equipo de traballo integrado por persoal especialmente cualificado e especializado no labor de dirección de extinción que, en incendios con alto potencial de converterse en gran incendio forestal, poderá ser mobilizado polo CCC para a súa intervención. Coa creación desta unidade mellórase na defensa contra os incendios forestais e tamén na súa prevención.



*Fotografía 1: execución dunha queima prescrita.*



*Fotografía 2: ejecución dunha queima prescrita.*



*Fotografía 3: ejecución de queimas prescritas.*



*Fotografía 4: preparación para a execución dunha queima prescrita.*

## Concepto

Unha queima non é poñer lume a unha masa forestal sen máis, é unha ferramenta de xestión coa que se pretende conseguir unha finalidade determinada (a mellora e mantemento de pasto, a obtención de áreas cortalumes, restauración forestal, etc.) garantindo o cumprimento duns obxectivos prioritarios:

- Ecoloxicamente beneficiosa ou aceptable.
- Eficaz (cumpre os fins preventivos desexados).
- Económica fronte a outras ferramentas de xestión.
- Aceptable socialmente.

Polo tanto, para lograr estas premisas de partida, a queima debe ser rigorosamente planificada, executada e avaliada, sendo preciso aclarar neste senso a diferenza entre a **queima controlada**, definida como “o lume que consume vexetación destinada a arder, de acordo cuns obxectivos marcados” e a **queima prescrita** “lume ou queima que se realiza segundo un Plan Técnico baixo prescripción, condicionado polos combustibles, topografía e meteoroloxía, para estimar previamente á súa execución un comportamento do lume acorde coa xestión sostible, que marque uns obxectivos con compatibilidade ecolóxica”.

Tendo en conta estes conceptos, asimílese na actualidade, a realización da queima prescrita como procedemento habitual, ao amparo da seguridade que ofrece a súa planificación e xestión, definindo, para cada superficie a queimar, a forma ou patrón de queima que debe levarse a cabo, as condicións de humidade ambiental, a humidade do combustible fino, a velocidade e dirección do vento, a pendente



admisibles, os combustibles, os traballos previos, o dispositivo a mobilizar e as manobras de seguridade. Para levar a cabo dita planificación, compre coñecer adecuadamente o comportamento do lume e facer un estudo das condicións climáticas, topográficas, de combustibles, de medios e ferramentas e, por último e non por iso menos importante, da seguridade na actuación.

Por todo isto, a eficacia das nosas intervencións, unida á imposibilidade económica de actuar con tratamentos silvícolas que reduzan en gran medida o potencial incendiario do monte, fan que as queimas sexan unha ferramenta “ideal” de xestión que debe ser levada a cabo por dispositivos profesionais e cualificados, coñecedores do comportamento do lume en función da meteoroloxía, topografía e combustibles existentes, dominadores das técnicas de queima, cos medios suficientes, e unha planificación previa para evitar piroescapes que poidan orixinar un incendio. Dentro deste marco, as queimas prescritas adoitan ser unha ferramenta moi útil na loita contra os incendios forestais e na xestión eficiente da biomasa sendo, o seu emprego, moi habitual en moitos lugares do mundo.



*Fotografía 5: seguimento das condicións meteorolóxicas da ventá de actuación durante a execución dunha queima prescrita.*



## Situación actual

Dentro da planificación preventiva que desenvolve o actual Servizo de Prevención contra Incendios Forestais (SPIF) e tal e como ben recollido no Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga), as queimas son labores a desenvolver polo Servizo entre cuxos obxectivos específicos destaca a "creación de discontinuidades en zonas con acumulación de biomasa e con alto risco de incendio". Entre as accións para acadar ese obxectivo figuran "potenciar o emprego de queimas controladas para a xestión da biomasa seguindo o protocolo para a súa execución". Dito protocolo de traballo definiuse no ano 2020, sendo incluído como anexo ao Pladiga baixo a denominación de "Procedemento de planificación e execución de queimas prescritas". Ten como obxectivo principal o de establecer para a Comunidade Autónoma de Galicia un procedemento específico para a totalidade do proceso que implica a realización de queimas prescritas estando conformado polo seguinte contido:

- O marco normativo autonómico
- A finalidade das queimas prescritas
- A súa clasificación en función da severidade
- Os requisitos básicos de planificación e execución
- A solicitude, avaliación previa e autorización das queimas prescritas
- O Plan de queima e a execución operativa

Paralelamente á existencia deste procedemento e seguindo esta estrutura, dispónse dunha ferramenta de apoio á xestión global da planificación e execución das queimas a nivel autonómico, a denominada QUECO, que integra todos os parámetros das distintas etapas da queima (planificación, execución e avaliación).

Seguindo os parámetros establecidos, a planificación das queimas prescritas debe realizarse en dúas escalas ben diferenciadas: unha planificación estratéxica e unha planificación táctica. A primeira (planificación estratéxica) centrarase nunha unidade de xestión máis ou menos grande (a nivel autonómico ou Distrito) para poñer en práctica unha política de xestión forestal baseada no uso do lume como ferramenta. A segunda (planificación táctica), incluída na anterior, fará referencia en cada caso puntual á forma de levar a cabo as accións concretas de queima. Unha planificación estratéxica completa terá, entre outras cousas, tantos Plans Tácticos de Queima como parcelas se teña previsto queimar ou unidades de xestión se contemplan.

Á hora de acometer a execución e posta en práctica dun plan estratéxico, a prioridade vai encamiñada a dar prioridade ás actuacións en función dos seguintes factores:



- 1 Aquelas que presenten indicios de ser razón ou motivo dun futuro incendio forestal.
- 2 Aquelas que reúnan un maior número de obxectivos específicos.
- 3 Aquelas que favorezan nos seus obxectivos específicos a un maior número de interesados.
- 4 Aquelas que pola súa localización estratéxica sexan de interese para a protección dunha área determinada.
- 5 Aquelas que se atopen en zonas de elevada actividade incendiaria.
- 6 Aquelas nas que a relación entre custe de preparación e execución por unidade de superficie a queimar sexa menor.

Evidentemente, a planificación estratéxica das queimas complementábase con outras accións encamiñadas á prevención de incendios forestais que se desenvolven na planificación xeral dos traballos dirixidos dende a Consellería do Medio Rural en canto á información, sensibilización, educación ambiental, desenvolvemento de traballos silvícolas, etc.



*Fotografía 6: formación durante a execución dunha queima prescrita.*



## Previsión de queimas

Ao longo do ano 2025, tense previsto levar a cabo un total de 250 actuacións ao longo de todo o territorio galego distribuídas polas catro provincias de forma algo heteroxénea, en función das necesidades, demanda, posibilidade de execución, etc.

Lugo é a provincia que maior número de accións prevé, cun total de 86 queimas que alcanzan as 386,14 ha de superficie, o que supón a cuarta parte (26,87%) da prevista para toda a comunidade. Isto débese en gran parte á superficie media de queima por parcela que se sitúa nas 4,49 ha, habendo queimas dende 1.200 m<sup>2</sup> ata 49 ha aínda que a maioría delas sitúanse entre as 1 e as 7 ha de superficie. Cabe destacar que 22 queimas están afectadas pola Rede Natura.

No caso da Coruña, esta provincia aglutina un total de 81 queimas de entre pouco menos de 0,68 ha ata 48,16 ha da maior, cunha media de 7,68 ha por parcela, o que eleva o total de superficie de actuación ata as 622,61 ha, cifra que representa o 43,33% do total para todo o territorio.

No caso de Ourense son 306,21 ha (21,31% do total) en 53 queimas previstas (24 delas en Rede Natura), cunha media por parcela de 5,77 ha, partindo dende os 3.700 m<sup>2</sup> ata as 21,32 ha nalgún caso.

Por último, Pontevedra dispón de 30 queimas previstas cunha superficie estimada de 121,97 ha (8,49% do total), cunha media por parcela de 4,06 ha, partindo desde os 5.000 m<sup>2</sup> ata as 18,38 ha da queima máis grande.

Na táboa seguinte amósase o resumo de actuacións comentadas para as catro provincias.

Provincia	Superficie (ha)	Nº. parcelas
A Coruña	622,61	81
Lugo	386,14	86
Ourense	306,21	53
Pontevedra	121,97	30
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>1.436,93</b>	<b>250</b>

Táboa 1: resumo dos datos de actuacións previstas para o período 2025.



### Evolución dende o ano 2013

Tal e como se contempla no seguinte gráfico, a previsión de queimas que se contempla neste plan supón un incremento notable con respecto ás executadas nos últimos anos. A este respecto, cómpre subliñar que o nivel de execución dependerá sensiblemente da existencia de ventás meteorolóxicas para a execución prevista, así como da conxunción desa ventá coa ocorrencia de incendios forestais.





Gráfico 2: resumo dos datos de actuacións executadas entre 2013 e 2024 e as previstas para o 2025.



No seguinte mapa recóllese a superficie das queimas previstas para cada provincia:



Mapa 1: superficie de queimas estimada por provincia para 2025

**ANEXO 10.2**

**PROCEDIMIENTO DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DE QUEIMAS  
PRESCRITAS**



# PROCEDEMENTO PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DE QUEIMAS PRESCRITAS

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE



## ÍNDICE MEMORIA

1. LIMIAR.....	2
2. OBXECTIVO.....	3
3. MARCO NORMATIVO AUTONÓMICO .....	3
4. INFORMACIÓN PREVIA SOBRE QUEIMAS.....	7
4.1. DEFINICIÓNS .....	7
4.2. FINALIDADE DAS QUEIMAS PRESCRITAS.....	10
4.3. CLASIFICACIÓN DAS QUEIMAS EN FUNCIÓN DA SEVERIDADE .....	11
4.4. REQUISITOS BÁSICOS PARA A PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN DE QUEIMAS PRESCRITAS.....	11
5. PROCEDEMENTO.....	12
5.1. SOLICITUDE DE QUEIMAS PRESCRITAS.....	12
5.2. AVALIACIÓN PREVIA.....	13
5.3. PLAN DE QUEIMA (PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN) .....	14
5.4. EXECUCIÓN OPERATIVA.....	15
5.4.1. <i>Labores previas (Preparación de parcelas)</i> .....	15
5.4.2. <i>Execución da queima (segundo o contido do Plan de ignición)</i> .....	15
5.4.3. <i>Organización</i> .....	16
5.4.4. <i>Avaliación pos queima</i> .....	18
5.5. SEGUIMENTO DAS SUPERFICIES QUEIMADAS. ....	18
6. BIBLIOGRAFÍA.....	19
ANEXOS.....	20
ANEXO I - <i>SOLICITUDE DE QUEIMA</i> .....	21
ANEXO II - <i>AUTORIZACIÓN DE QUEIMA (PROPIETARIOS)</i> .....	22
ANEXO III - <i>AVALIACIÓN DA SOLICITUDE</i> .....	24
ANEXO IV - <i>PLAN DE QUEIMA</i> .....	26
ANEXO V - <i>SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DA QUEIMA</i> .....	28
ANEXO VI - <i>VENTÁS DE PRESCRICIÓN</i> .....	29
ANEXO VII- <i>GUÍA VISUAL PARA A AVALIACIÓN DA QUEIMA</i> .....	31
ANEXO VIII - <i>GUÍA VISUAL DE MODELOS DE COMBUSTIBLE</i> .....	32
ANEXO IX - <i>LOCALIZACIÓN DOS QUEIRUGAIS HÚMIDOS (4020*)</i> .....	34



### 1. LIMIAR

O uso do lume como ferramenta agrícola e gandeira forma parte da tradición cultural da poboación galega. Nas últimas décadas, tanto os cambios ocorridos nos sistemas de explotación gandeira como o abandono do aproveitamento de toxo e mato, fixeron que os usos do monte mudaran, dando como resultado un aumento notable do combustible vexetal, sendo esta unha das causas responsables do aumento da intensidade e recorrencia dos incendios forestais que todos os anos teñen lugar en maior ou menor medida no territorio galego.

A prevención de incendios é un dos principais motivos do uso do lume no rural, ademais de ser unha práctica estendida con outros obxectivos relacionados, como é a redución da carga de combustible e a creación de discontinuidades nas masas forestais. A queima é, polo tanto, un tipo de tratamento cada vez máis estendido e demandado que constitúe unha ferramenta moi eficaz para a eliminación de combustibles e cuxos resultados son visibles e medibles contribuíndo así activamente á prevención de incendios forestais.

O Plan de Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) recolle dentro dos seus obxectivos específicos, a creación de discontinuidades en zonas con acumulación de biomasa e con alto risco de incendios. Entre as accións para acadar ese obxectivo figura a potenciación do emprego de queimas controladas para a xestión da biomasa mediante a elaboración dun protocolo ou procedemento para a execución de queimas controladas.

O termo "queima controlada" resulta moi empregado na actualidade xa que se utiliza de xeito xeral para designar a aplicación de lume baixo criterios de idoneidade técnica para o control da biomasa forestal. Cabe destacar que nesa definición tamén se inclúen as queimas "prescritas", nas cales se predefinen e referencian diferentes parámetros de base técnica, establecidos como condicionantes mínimos para a realización da queima en busca da maior seguridade posible para todo o proceso. Tendo en conta a gran importancia da seguridade na planificación e execución de queimas no eido agroforestal, neste documento, faise referencia na medida do posible ao termo queima prescrita por diante do de queima controlada.



## 2. OBXECTIVO

O obxectivo do presente documento é establecer para a Comunidade Autónoma de Galicia un procedemento específico para a totalidade do proceso que implica a realización de queimas prescritas.

## 3. MARCO NORMATIVO AUTONÓMICO

Neste apartado destácase a parte máis salientable da normativa de referencia en relación co **uso do lume como ferramenta** no medio rural. Tense en conta a seguinte normativa e/ou documentación:

- A **lei 3/2007** do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, (DOG núm. 74, do 17 de abril) (BOE núm. 119, do 18 de maio), modificada pola lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo) (BOE núm. 217, do 8 de setembro).
- O **Decreto 37/2014**, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia (DOG núm. 62, do 31 de marzo).
- O Plan de Defensa contra Incendios Forestais da comunidade autónoma de Galicia (**Pladiga**), de publicación anual.

**A lei 3/2007 do 9 de abril**, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, modificada pola lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia; no seu **artigo 35** relativa ao uso do lume establece:

- *“No caso de que fose preciso, por razóns de idoneidade técnica, realizar o control da biomasa forestal por medio de queimas controladas, será necesaria a autorización da consellería competente en materia forestal, para o cal teranse en conta os riscos derivados da vulnerabilidade do terreo en relación coa erosión, pendente e superficie a queimar.*
- *A realización de queimas controladas en terreos agrícolas e forestais e zonas de influencia forestal so será permitida, nos termos que se establezan regulamentariamente, previa autorización expresa e coa presenza de persoal técnico autorizado para a xestión de queimas controladas e con equipos de*



extinción de incendios. As autorizacións a que se refire este apartado serán outorgadas pola consellería competente en materia forestal.

- Sen acompañamento técnico adecuado, a queima controlada será considerada como lume intencionado, aos efectos da gradación da sanción que poida corresponder.
- A realización de queimas controladas so estará permitida fora da época de perigo alto e cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa baixo ou moderado.
- As queimas controladas só poderán realizarse de acordo coas normas técnicas e funcionais que se definirán regulamentariamente por orde da consellería competente en materia forestal.
- No caso de que as queimas controladas se desenvolvesen en terreos cualificados como espazos naturais protexidos, segundo a normativa sectorial de aplicación, será necesario o informe previo da consellería competente en materia de conservación da natureza.”

No Plan de Prevención que forma parte do **Pladiga**, recóllense unha serie de accións dirixidas á Poboación e ao Territorio. No tocante ás accións dirixidas á poboación lembramos a regulación das autorizacións e comunicacións de queimas:

- “Durante as épocas de perigo baixo ou medio, e cando o IRDI sexa de niveis Baixo, Moderado ou Alto, as peticións de autorización e de comunicacións de queima poderanse efectuar...”
- As autorizacións e as comunicacións de queimas suspenderanse temporalmente se as condicións meteorolóxicas adversas así o aconsellan.
- Reforzarase a inspección e o control de queimas comunicadas e autorizadas.
- O persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte, así como os/as Axentes Facultativos Medioambientais e os/as Axentes Forestais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e as Forzas e Corpos de Seguridade, velarán polo cumprimento da normativa que recolle a lexislación vixente.”

No tocante ás accións dirixidas ao territorio, no Pladiga recóllense accións de control selectivo do combustible forestal, entre as que figuran as queimas controladas:

- “Control selectivo do combustible forestal: Trátase de actuacións non produtivas, pero de gran importancia, polo seu carácter preventivo e de defensa. Son traballos que se encamiñan especificamente a romper a continuidade horizontal e vertical do



*combustible forestal cunha anchura tal que en condicións normais deteña o lume e sirva de apoio ós medios terrestres para que nas labores de extinción realicen o ataque directo ou indirecto desde estas áreas, creando zonas estratéxicas co fin de dificultar o inicio e a propagación do lume e facilitar a defensa dos montes contra os incendios forestais.*

Accións:

- *Redes de faixas de xestión da biomasa.*
- *Áreas devasa.*
- *Faixas auxiliares de pista.*
- *Rozas.*
- *Queimas controladas."*

Tamén no Pladiga están recollidas as misións de cada categoría profesional, dentro do apartado de designación de funcións, que nomeadamente son:

- Xefatura de Distrito: ***"Supervisar a elaboración do Plan xeral de queimas controladas do Distrito."***
- O/a Técnico/a de Distrito: *"Planificará e elaborará o Plan de queimas controladas na súa demarcación forestal coordinando as mesmas e realizando a avaliación sobre os resultados obtidos (aplicación Queco)".*
- O/a Axente Facultativo Medioambiental e Axente Forestal: *"Proporará, planificará, organizará e executará as queimas controladas na súa demarcación ou territorio asignado."*
- O/a Axente Zonal: *"Facilitará os trámites para a realización de queimas controladas."*
- O/a Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada do SPIF: *"Participará na execución de queimas controladas."*
- O/a Bombeiro/a forestal condutor/a do SPIF e o/a Bombeiro/a forestal do SPIF: *"Participarán na execución de queimas controladas."*
- O/a Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada do SPIF, o/a Bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada do SPIF e o/a Bombeiro/a forestal de brigada helitransportada do SPIF: *"Participarán na execución de queimas controladas."*
- O/a Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba do SPIF: *"Participará na execución de queimas controladas."*



Respecto ás queimas nos espazos naturais protexidos, o **Decreto 37/2014, do 27 de marzo**, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, establece no punto 1 do apartado 3 do artigo 57 referido a usos forestais o seguinte:

- **e)** *"Coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, considéranse sometidas a autorización preceptiva do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza as seguintes:*
  - **1ª-** *As forestacións ou reforestacións...*
  - **... 4ª-** *A realización de queimas controladas ou de restreba, sempre que non leven consigo unha afección sobre o estado de conservación dos hábitats e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e se realicen conforme á normativa vixente.*
  - **5ª...**
- **f)** *Consideraranse autorizables os usos e as actividades seguintes sobre os queirogais húmidos (4020\*) incluídos dentro da unidade ambiental UA270 Matogueiras húmidas continentais, que non supoñan a desaparición ou diminución da superficie ocupada polo tipo de hábitat, tales como rozas manuais, pastoreo, queimas controladas e talas que non afecten aos perfís do solo, non provoquen o arranque das plantas e non sexan seguidos por tratamentos posteriores (encalado, fertilización, subsolado, plantación, etc.) que leven consigo a transformación do tipo de hábitat.*
  - *As autorizacións estarán suxeitas ás seguintes condicións:*
    - *A área de cada unha das actuacións non superará as 10 hectáreas por solicitude e non se actuará na mesma superficie durante un período mínimo de 5 anos.*
    - *No caso de precisar do emprego de maquinaria, prestarase especial atención a que non se provoque a compactación, erosión ou perda da estrutura do solo. Para tal finalidade, soamente se poderán empregar máquinas portátiles ou pequenos tractores de rodas coa potencia mínima que permita acoplar apeiros mecánicos lixeiros que practiquen cortes sen arranque.*



- *Non se afectará de forma apreciable aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.*
- *As actuacións respectarán as áreas ecotónicas con hábitats turbófilos (7110\*, 7130\*, 7140, 7150, 91D0\*).*
- *Co fin de favorecer a rexeneración natural, poderase exixir o mantemento da matogueira nunha franxa perimetral á actuación.*

*2) O órgano competente en materia de conservación da natureza soamente autorizará a realización deste tipo de actuacións ata un máximo anual do 2% do tipo de hábitat no ámbito do espazo protexido no ámbito de aplicación deste decreto. O dito órgano velará polo mantemento do estado de conservación favorable dos queirogais húmidos (4020\*), para o cal avaliará de maneira periódica a evolución temporal das actuacións autorizadas e os seus posibles efectos sinérxicos, e poderá adoptar as medidas oportunas que aseguren a conservación deste tipo de hábitat. Non se computarán nesta porcentaxe as superficies autorizadas nos proxectos de ordenación, documento simple de xestión ou documento compartido de xestión aprobados, nin a correspondente ao mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa.”*

## 4. INFORMACIÓN PREVIA SOBRE QUEIMAS

### 4.1. Definicións

Compre definir unha serie de termos incluídos no presente documento:

- **Área de continxencia:** superficie adxacente á zona obxecto da queima na que se admite a evolución do lume sen que este sexa considerado como incendio. Quedará definido no Plan de queima correspondente.
- **Equipo de control:** grupo de persoas cualificadas no uso e manexo do lume responsables do control do lume na queima seguindo as indicacións do/a xefe/a de queima. Número variable de compoñentes cun responsable definido.
- **Equipo de ignición:** grupo de persoas cualificadas no uso e manexo do lume responsables do control da ignición na queima seguindo as indicacións do/a xefe/a de queima. Número variable de compoñentes cun responsable definido.
- **Equipo de remate, liquidación e vixilancia:** grupo de persoas cualificadas no uso e manexo do lume responsables do remate, liquidación e vixilancia na queima



segundo as indicacións do/a xefe/a de queima. Número variable de compoñentes cun responsable definido.

- **Humus:** capa de restos vexetais en avanzado estado de descomposición situada sobre a superficie do solo mineral e baixo a capa de follaxe.
- **Intensidade de lume:** cantidade de enerxía liberada ao arder.
- **Liña base:** liña de control na que se inicia a execución da queima e pola que avanza o primeiro equipo de ignición.
- **Liña perimetral:** área cortalumes de orixe natural ou artificial que rodea a superficie obxecto de queima.
- **Lume a favor:** lume que avanza a favor dun ou varios dos elementos principais de propagación ben sexa vento, pendente e/ou combustible (normalmente é o lume da cabeza do incendio).
- **Lume de flancos:** lume que avanza perpendicularmente á dirección marcada pola variable principal de propagación.
- **Lume en contra:** lume que avanza en contra dun ou varios dos elementos principais de propagación ben sexa vento, pendente e/ou combustible (normalmente é o lume da cola do incendio).
- **Persoal técnico:** persoal formado e cualificado coa capacidade e coñecementos necesarios para o exercicio das súas actividades.
- **Plan de ignición:** documento no que se definen os aspectos relativos á execución da ignición segundo os obxectivos previstos no plan de queima, os medios dispoñibles e as condicións existentes.
- **Plan de queima:** documento que resume todos os aspectos relativos á planificación e execución de queimas prescritas.
- **Queima a favor:** queima que se fai a favor do elemento principal de propagación do lume ben sexa vento, pendente ou combustible. O seu comportamento é propio do lume de cabeza.
- **Queima controlada:** lume que se aplica para o control da biomasa forestal con criterios de idoneidade técnica e baixo a supervisión da administración forestal.



- **Queima de continxencia:** lume dentro da área de continxencia que pode ser controlado cos medios establecidos no plan.
- **Queima de flancos:** queima que presenta un comportamento propio de lume de flanco.
- **Queima en contra:** queima que se fai en contra do elemento principal de propagación do lume ben sexa vento, pendente e/ou combustibles. O seu comportamento é propio de lume de cola.
- **Queima prescrita:** aplicación directa do lume a combustibles forestais, no seu estado natural ou modificados, baixo condicións meteorolóxicas precisas, que permitan confinar o lume nunha área predeterminada e ao tempo producir a intensidade de calor e velocidade de propagación requiridas para acadar os obxectivos específicos previstos.
- **Responsable de control:** persoal participante na execución de queima que será responsable do equipo de control correspondente. Será designado polo/a xefe/a de queima en función da planificación e circunstancias propias da súa execución.
- **Responsable de ignición:** persoal participante na execución de queima que será responsable do equipo de ignición correspondente. Será designado polo/a xefe/a de queima en función da planificación e circunstancias propias da súa execución.
- **Técnica de ignición:** forma de aplicación do lume prescrito baseada na utilización das características do comportamento do lume na superficie da parcela a tratar, buscando acadar os obxectivos desexados de efectividade e inocuidade mantendo a seguridade. Exemplos: queima a favor, en contra, de flancos, Chevron, por puntos...
- **Test de queima:** proba de ignición, previa á execución da queima, que se realiza para contrastar o comportamento esperado do lume co comportamento real observado baixo as condicións previstas para a realización da queima.
- **Ventá de prescrición:** marco de valores para as distintas variables que afectan ao comportamento do lume e rango de lume estimable e aceptable para a consecución dos obxectivos marcados para a queima.
- **Xefe/a de queima:** persoa cualificada no uso e manexo do lume (técnico, axente facultativo medioambiental, axente forestal ou categoría que o substitúa),



responsable do Plan de queima e da coordinación dos traballos a executar polo persoal que intervéñ na execución da queima para cumprir cos obxectivos da mesma.

### 4.2.Finalidade das queimas prescritas

Faise referencia neste apartado aos obxectivos operativos máis comúns da realización de queimas prescritas:

- **Redución do combustible para evitar grandes incendios forestais:** son queimas a realizar nos puntos críticos e/ou estratéxicos do territorio de cara á prevención de grandes incendios forestais.
- **Protección de núcleos de poboación:** teñen por obxecto a protección de bens e instalacións de natureza non forestal para os que a eliminación do combustible existente na franxa de seguridade da mesma non poida ser eliminado eficientemente por outros medios diferentes ao uso do lume.
- **Protección de áreas de interese:** teñen por obxecto a protección de áreas de interese para os que a eliminación do combustible existente na franxa de seguridade da mesma non poida ser eliminado eficientemente por outros medios diferentes ao uso do lume.
- **Protección de masas arboradas:** teñen por obxecto a protección de masas arboradas para as que a eliminación do combustible existente na franxa de seguridade ou baixo o mesmo arborado (queima baixo arborado) non poida ser eliminado eficientemente por outros medios diferentes ao uso do lume.
- **Rexeneración de pastos:** queimas a executar nas zonas obxecto de explotación de calquera tipo de gando para conseguir a mellora de pastos e aumentar a dispoñibilidade de alimento para o gando.
- **Queimas de restos de explotación forestal:** queimas de restos de aproveitamentos forestais.
- **Queimas de interese sanitario:** queimas indicadas para control de pragas e enfermidades.
- **Mellora de hábitats cinexéticos:** queimas dirixidas a mellorar as poboacións da fauna cinexética, mellorando a dispoñibilidade de recursos.



- **Outros:** calquera outro obxectivo debidamente xustificado que non estea incluído na lista anteriormente descrita.

### 4.3. Clasificación das queimas en función da severidade

A continuación clasifícanse as queimas en función da severidade do efecto do lume na superficie tratada facendo alusión ás características dos restos presentes:

- **Queimas lixeiras ou suaves:** a superficie do humus está a miúdo chamuscada polo lume, pero non foi eliminada; o humus, restos leñosos e outros restos están parcialmente queimados. Neste tipo de queimas pódense acadar unhas temperaturas na superficie do solo mineral por baixo dos 200 °C.
- **Queimas moderadas:** o humus, restos leñosos descompostos e outros restos foron parcialmente consumidos, sendo moi abundante o carbón. O solo mineral baixo o humus e as cinzas non mudaron apreciablemente a súa cor. Neste tipo de queimas pódense acadar unhas temperaturas na superficie do solo entre os 200 e 400 °C.
- **Queimas severas:** o humus consumiuse completamente e unha grosa capa de cinza está depositada directamente sobre o solo mineral. As temperaturas que adoitan darse na superficie do solo mineral varían entre 400 e 500 °C.
- **Queimas moi severas:** a capa superficial do solo mineral mudou significativamente a súa cor, normalmente tornouse por zonas algo vermellas e os centímetros máis superficiais ennegrecéronse por mor da materia orgánica queimada pola calor e depositada sobre a superficie do solo. Neste tipo de queimas pódense acadar unhas temperaturas superficiais por riba dos 500 °C.

### 4.4. Requisitos básicos para a planificación e execución de queimas prescritas

En relación cos apartados anteriores, pódense extraer unha serie de requisitos ou condicións mínimas que compre ter presentes para o proceso de planificación e execución de queimas prescritas:

- O uso do lume para a xestión de combustibles vexetais respectará as directrices marcadas pola lexislación vixente na comunidade autónoma de Galicia.



- Todas as queimas prescritas deberán contar coa autorización administrativa do órgano competente.
- A concesión da autorización para a execución da queima implica a comprobación por parte do SPIF da posible afección dalgunha figura de protección e da xestión dos trámites necesarios (comunicacións e/ou autorizacións) cos organismos correspondentes.
- Todas as queimas serán executadas dentro dos parámetros establecidos na prescrición técnica, garantindo a seguridade da operativa asociada. A excepción a este punto deberá de ser debidamente xustificada con criterios técnicos de rigor.
- As queimas serán sempre de restos vexetais ou forestais non amoreados ou matogueiras en pe, non podendo afectar negativamente á superficie arborada presente.
- Todo o persoal participante na execución das queimas deberá estar debidamente preparado, equipado, formado e informado do procedemento a seguir e das tarefas a desenvolver durante a totalidade do proceso.

## 5. PROCEDIMIENTO

### 5.1. Solicitud de queimas prescritas

Para iniciar o procedemento o/a interesado/a terá que cursar unha solicitude no departamento do Distrito Forestal correspondente á zona da superficie afectada, segundo o documento "*Solicitud de queima*" (Anexo I).

As solicitudes poderán ser promovidas por dúas vías:

- A instancia de parte promovida polos interesados.
  - En caso de ser un terceiro responsable o que presente a solicitude, será necesaria autorización por parte dos propietarios da superficie (Anexo II: Autorización de queima por parte dos propietarios).
  - No caso de CMVMC ou asociación de propietarios validarase a solicitude avalada polo seu Presidente ou representante legal.
- De oficio, promovida pola Administración forestal competente (xefe/a provincial, xefe/a e/ou técnico de distrito, axente facultativo medioambiental ou axente forestal).



Todo o proceso será debidamente documentado e rexistrado, facendo uso das ferramentas dispoñibles especificamente deseñadas para tal fin (aplicación Queco). Deste modo irase definindo o Plan de Queima pertinente de xeito progresivo a medida que se engaden datos na aplicación como consecuencia do avance na xestión do expediente.

### 5.2. Avaliación previa

Unha vez recibida a solicitude de queima (Anexo I), a documentación necesaria asociada (autorizacións, identificacións, etc.) e iniciado o expediente correspondente, o Distrito Forestal (por medio do/a xefe/a de distrito), asignará a dito expediente o persoal responsable debidamente cualificado (persoal técnico ou axente), o cal avaliará a idoneidade da execución da queima rexistrando a información mínima necesaria para a avaliación e toma de decisión sobre a viabilidade da solicitude. Os criterios mínimos a contemplar son os seguintes:

- Se a execución da queima contribuirá positivamente segundo os obxectivos marcados.
- Figuras de afección ou protección da superficie da queima solicitada. En caso de que así sexa (e unha vez avaliada positivamente a solicitude) terá que xestionar os permisos/solicitudes cos organismos correspondentes.
- Na visita de campo:
  - En base ao comportamento previsible do lume farase unha identificación de puntos críticos atendendo á orografía, tipo de combustibles presentes e condición de vento para a execución da queima.
  - En función dos riscos detectados determinarase as labores previas se é o caso e os medios e recursos necesarios para unha execución segura.
  - Valoración das labores previas xunto coas necesidades de medios estimadas para a execución da queima responderá a criterios razoables de eficiencia e viabilidade.
  - En consonancia cos riscos previstos definirase a área de continxencia.
  - No caso de queimas cerca de instalacións, lugares habitados ou infraestruturas de tránsito, farase unha predición do comportamento do fume.



O persoal responsable do expediente por parte do Distrito Forestal valorará os obxectivos marcados xunto co resto de condicionantes e características da superficie a tratar e emitirán a validación ou non da solicitude. En caso de avaliación positiva o procedemento pasará á fase de execución, e no caso de avaliación negativa, esta será xustificada, archivarase o expediente xerado e o solicitante será debidamente notificado.

### 5.3. Plan de queima (Planificación da execución)

A información xerada nas primeiras fases do proceso (solicitude e a súa avaliación) será engadida ao procedemento mediante a aplicación Queco, pasando a formar parte do Plan de queima (Anexo IV), documento que recolle toda a información necesaria para a correcta tramitación do expediente e que quedará definido con anterioridade á execución da queima.

O Plan de queima será validado polo xefe de queima e deberá de ser autorizado polo xefe de distrito (punto 15 do anexo IV), segundo a delegación de responsabilidade á que se fai referencia no apartado 3 deste procedemento.

O Plan de queima incluírá como mínimo a seguinte información:

- Descrición xeral
  - Datos do solicitante e da titularidade dos terreos.
  - Localización.
  - Obxectivo da queima.
  - Descrición do estado actual.
- Planificación de actuacións
  - Labores previas: describiranse as actuacións previas a realizar sobre o terreo necesarias para adecuar as condicións da parcela en relación coa seguridade no desenvolvemento posterior da queima.
  - Necesidade de medios e recursos: estableceranse os medios mínimos necesarios (humanos e materiais) para a execución efectiva e segura do proceso de queima.
  - Ventá de prescrición: procederase a establecer os parámetros da prescrición en base á bibliografía de referencia elaborada para condicións análogas ás do lugar de realización da queima (ver Anexo VI - *Ventás de prescrición*).



- Xestión de fumes: terase en conta a situación da parcela e o seu entorno próximo (instalacións próximas, lugares habitados ou infraestruturas de tránsito) para que o fume non afecte a terceiros durante a execución da queima.
- Execución da queima
  - Plan de ignición: nel contéplase a información relevante para a súa execución sobre o terreo (persoal, funcións, inicio da queima, seguimento...).
  - Organización e distribución de funcións: asignación de medios necesarios e designación de roles do persoal participante na execución da queima.
- Plan de continxencia
  - Identificación de puntos críticos.
  - Medios previstos para continxencia.
- Riscos existentes
- Anexo fotográfico

### 5.4. Execución operativa

#### 5.4.1. Labores previas (preparación de parcelas)

- Unha vez definido o Plan de queima procederase á preparación previa das parcelas referidas, realizando as tarefas planificadas en tempo e forma segundo se detalla en dito documento.
- Os traballos de preparación das parcelas serán supervisados polo persoal cualificado do Distrito Forestal correspondente, co fin de comprobar que os resultados se axustan aos requisitos mínimos establecidos na planificación e non comprometen a viabilidade e/ou seguridade na execución da queima.

#### 5.4.2. Execución da queima (segundo o contido do Plan de ignición)

- Tras a avaliación, seguimento e prognóstico das condicións meteorolóxicas e do estado dos combustibles, establécese unha data de execución da queima e procederase ao aviso previo ao Distrito Forestal (CCD) cunha antelación mínima de 24 horas ao comezo da mesma.



- Dende o CCD facilitarase a información básica da realización da queima ao Centro de Coordinación Provincial (CCP), o cal, a súa vez, fará o mesmo co Centro de Coordinación Central (CCC), seguindo os parámetros establecidos para dita comunicación (canle de comunicación, información mínima, etc.). O CCP avisará aos demais organismos e/ou estamentos implicados (112, Garda Civil, etc.) no momento preciso segundo o caso.
- Autorizarase a execución da queima por parte do Distrito Forestal e citarase ao persoal de execución na parcela de queima á data e hora acordadas polo/a xefe/a de queima (en función das circunstancias e dispoñibilidade propias do Servizo).
- Unha vez no lugar da queima o/a xefe/a de queima validará o Plan de ignición e manterá unha reunión co persoal que intervirá na execución para poñer en coñecemento os detalles do mesmo e distribuíndo as tarefas propias de cada parte.
- O/a xefe/a de queima comprobará no lugar da queima e, mediante equipamento adecuado a tal fin, os datos meteorolóxicos de vento, temperatura e humidade relativa para confirmar que os seus valores están dentro dos parámetros de prescrición.
- Comunicarase ao Distrito o inicio da queima (pola rede de comunicación prioritaria do Servizo).
- Usarase unha canle de extinción e/ou directo da rede Tetra de comunicacións para a realización da queima, dato que será comunicado debidamente ás partes implicadas no proceso.
- Realizarase o test de queima e comprobarase que o comportamento do lume e dos fumes se axustan ao esperado ou do contrario faranse as correccións necesarias no plan de ignición para garantir o obxectivo final.
- O xefe de queima tras comprobar o estado de extinción do lume dará a queima por rematada e comunicarao ao Distrito Forestal.

### 5.4.3. Organización

No Plan de Queima estarán recollidos os medios mínimos necesarios para o desenvolvemento da queima en base á seguridade. A continuación detállanse as tarefas do mínimo persoal responsable presente na queima:

- Tarefas do/a xefe/a de queima:



- Realizará e/ou supervisará todo o Plan de queima.
- Avaliará os datos meteorolóxicos previos, presentes e de predición para garantir que a queima se faga dentro duns marxes de seguridade aceptables.
- Terá unha reunión previa á queima onde explicará a todo o persoal que participa os seguintes particulares:
  - Información meteorolóxica presente e predición.
  - Función de cada un dos participantes.
  - Plan de ignición.
  - Plan de continxencia.
  - Puntos críticos.
  - Seguridade.
- Durante a execución da queima coordinará e dirixirá as accións necesarias para acadar os obxectivos marcados.
- Durante a execución da queima tomará datos meteorolóxicos cun intervalo aproximado de 1 hora e observará o comportamento do lume para garantir que se cumpran os parámetros da prescrición.
- Cumprimentará os datos que correspondan para completar o Plan de queima, así como de outra información que considere necesaria.
- Avisará ao Distrito Forestal do inicio da queima e dará o fin da mesma cando se reúnan as condicións.
- Velará pola seguridade do persoal.
- Responsable de ignición:
  - Executará as ordes directas do/a xefe/a de queima.
  - Exercerá o control das fontes de ignición do seu equipo.
  - Procederá na ignición de acordo ao plan.
  - Coidará da seguridade propia e do persoal a cargo.
  - Manterá comunicación co/a xefe/a de queima e co persoal ao seu cargo.
- Responsable de control:
  - Atenderá as ordes do/a xefe/a de queima.
  - Manterá o control da queima dentro da área establecida.
  - Coordinará o persoal ao seu cargo.
  - Coidará da seguridade propia e do persoal a cargo.



- Manterá comunicación co/a xefe/a de queima e co persoal ao seu cargo.
- Persoal de apoio á execución:
  - Será persoal cualificado no uso e manexo do lume.
  - Deberá ir debidamente equipado.
  - Coidará da súa propia seguridade.
  - Acatará as ordes e manterase en todo momento en comunicación co seu mando superior.
  - Asumirá as funcións que lle asigne o/a xefe/a de queima.

#### 5.4.4. ...Avaliación posterior da queima

Unha vez rematada a queima avaliaranse os resultados inmediatos (ver Anexo VII - *Guía visual para a avaliación da queima*), e faranse constar diversos valores que permitan establecer se o resultado é o desexado e se cumpre/n o/s obxectivo/s previsto/s inicialmente.

#### 5.5. Seguimento das superficies queimadas

En función do obxectivo fixado para cada queima compre ter en conta a posibilidade de realizar un seguimento periódico da realización da mesma para garantir o seu cumprimento. Este feito deberá quedar reflexado no expediente de queima (Plan de queima), para elo poden planificarse unha secuencia de visitas nos dous primeiros anos posteriores á execución da queima. Ao longo destas visitas observarase o grao de rexeneración da superficie queimada, se existen arrastres ou erosión no solo así como o grao de cumprimento dos obxectivos. Estes datos rexistraranse no apartado correspondente do Anexo IV (Plan de queima) e acompañaranse dos rexistros gráficos correspondentes e/ou da información que se considere precisa.



## 6. BIBLIOGRAFÍA

- **Decreto 37/2014**, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- **Dirección Xeral de Defensa do Monte, Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia (2019)**. *"Plan de Defensa contra Incendios Forestais da comunidade autónoma de Galicia (Pladiga)"*.
- **Fernandes P., Botelho H., Loureiro C., 2002**, *"Manual de formação para a técnica do fogo controlado"*. Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. Vila Real.
- **Fernandes, P.M. e Loureiro, C. 2010**. *"Handbook to plan and use prescribed burning in Europe"*. Centro de Investigación e de Tecnologías Agroambientais e Biolóxicas (CITAB) e Departamento de Ciências Florestais e Arquitectura Paisagista. Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. Vila Real. Proxecto Fire Paradox.
- **Grupo de traballo de prevención de incendios forestais, Comité de Lucha contra incendios Forestais (CLIF) 2019**. *"Recomendaciones técnicas sobre uso del fuego en quemas controladas y quemas prescritas"*. Ministerio de agricultura, pesca y alimentación.
- **Lei 3/2007** do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, modificada pola lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia.
- **Rothermel, R. C. 1972**. *"A mathematical model for fire spread predictions in wildland fires."*; Res. Pap. INT-115. USDA For. Serv.
- **Vega, J.A., P. Gorostiaga, P. Cuiñas, T. Fonturbel, e C. Fernández. 2001**. *"Manual de queimas prescritas para matogueiras de Galicia"*. Xunta de Galicia, Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, Colección Técnica Medio Ambiente.



## ANEXOS

ANEXO I - SOLICITUDE DE QUEIMA<sup>1</sup>

SOLICITANTE		
Nome	Apelidos	NIF
Enderezo		Concello
CP	Provincia	Teléfono

LOCALIZACIÓN DA PARCELA DE QUEIMA		
Concello	Parroquia/Lugar	
Monte/Paraxe		Distrito
Uso	Polígono	Parcela
Uso	Polígono	Parcela
Uso	Polígono	Parcela
Uso	Polígono	Parcela
Tipo de propiedade: Particular/es <input type="checkbox"/> CMVMC <input type="checkbox"/> Superficie (ha)		
SOFOR <input type="checkbox"/> Outros <input type="checkbox"/>		
Obxectivo/s da queima (consultar listado ao pe-código/s):		
Espazo protexido: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		Adxunta plano: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
Observacións:		

Listado de obxectivos da queima solicitada	Código
Redución do combustible para evitar incendios	RCF
Protección de núcleos de poboación	PNP
Protección de áreas de interese	PAI
Protección de masas arboradas	PMA
Rexeneración de pastos	RDP
Queimas de restos de explotación forestal	QRF
Queimas de interese sanitario	QIS
Mellora de hábitats cinexéticos	MHC
Outros	OTR

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA
Fotocopia DNI solicitante <input type="checkbox"/>
Anexo II (autorización) <input type="checkbox"/>
Plano da superficie <input type="checkbox"/>

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo:

\_\_\_\_\_

<sup>1</sup> O SPIF a través do Distrito Forestal, requirirá ao solicitante a documentación necesaria para a correcta avaliación da solicitude, a non dispoñibilidade desta documentación pode ser causa de avaliación desfavorable da mesma.

A presente solicitude será incorporada ao Plan de Queimas do Distrito Forestal e pasará polas fases que correspondan antes da súa execución, en consonancia coa normativa legal vixente no momento.



## ANEXO II - AUTORIZACIÓN DE QUEIMA (PROPIETARIOS)

D. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_  
en calidade de responsable da solicitude de realización de queima con nº de rexistro  
\_\_\_\_\_, cuxos datos se reflexan no seguinte cadro:


DATOS DA QUEIMA			
Concello		Parroquia/Lugar	
Monte/Paraxe			Distrito
Uso	Polígono	Parcela	
Uso	Polígono	Parcela	
Uso	Polígono	Parcela	
Uso	Polígono	Parcela	
Tipo de propiedade: Particulares <input type="checkbox"/> SOFOR <input type="checkbox"/> CMVMC <input type="checkbox"/>			Superficie (ha)
Obxectivo/s da Queima:			
Observacións:			

Xunta a presente relación de propietarios afectados coa súa autorización expresa para a execución dos traballos necesarios para a preparación e execución da queima.

Por tanto, os abaixo asinantes en calidade de propietarios das parcelas relacionadas (consultar plano da queima no reverso), recoñecen a D. \_\_\_\_\_ como representante dos seus intereses de cara á Solicitude de Queima realizada e recoñecen estar informados dos traballos que se van a executar e para os que dan a súa expresa autorización.

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA



PLANO LOCALIZACIÓN DA QUEIMA SOLICITADA			
Distrito	Concello	Parroquia	Lugar
Paraxe			Data
Superficie de queima 	Solicitante queima/representante propiedade: D: NIF:		da da Sinatura

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo.



## ANEXO III - AVALIACIÓN DA SOLICITUDE

### Solicitude de queima

NÚM. REXISTRO: DATA: 

#### 1. LOCALIZACIÓN

Provincia/Distrito

Concello

Parroquia/Lugar

Monte/Paraxe

Polígono/Parcela

Solicitante/NIF

Tipo de propiedade

Espazo afectado


SI  NON 

#### OBSERVACIÓNS:

----------------------

#### 2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS DA QUEIMA

Redución do risco de incendios

Control sanitario

Redución de refuxio de animais salvaxes

Mellora de pastos

Protección de áreas de interese

Cinexéticos

Protección de masas arboradas

Outros

Queimas baixo arborado

(Especificar):.....

#### OBSERVACIÓNS:

----------------------



### 3. DESCRIPCIÓN DA ÁREA OBXECTO DE QUEIMA

Superficie (ha)		Perímetro (m)		Uso actual do solo	
Modelos de combustible		..... ( %)		..... ( %)	..... ( %)

Orientación: N  .....% S  .....% Pendente media:   
E  .....% O  .....% Pend. máxima:  Altit. media:

Tipo de substrato: Calcáreo  Silíceo  Outros

Pedregosidade: Baixa  Media  Alta

Afloramentos rochosos: Si  Non

### 4. PLANO DA QUEIMA ① *(despregable información)*

### 5. VIABILIDADE

Viabilidade da queima: SI  NON

Xustificación (en caso negativo):

### 6. VALIDACIÓN ② *(Posibilidade de impresión da Validación da solicitude de queima)*

Responsable da validación:	Cargo:	Sinatura:
----------------------------	--------	-----------



## ANEXO IV - PLAN DE QUEIMA

### 7. VENTÁ DE PRESCRICIÓN ① (segundo as referencias do anexo VI)

PRESCRICIÓN					
VARIABLE	Tª (°C)	Vel. Vento (km/h)	HR (%)	Nº días sen chuva	IRDI
INTERVALO					
OBSERVACIÓNS					

### 8. LABORES PREVIAS

Descrición:

### 9. RECURSOS PARA A EXECUCIÓN

Medios humanos (tipo e número):

Medios materiais (tipo e número):

### 10. MANEXO DO FUME

Áreas potenciais de impacto:

Zonas sensibles:

Medidas de seguridade necesarias:

### 11. ORGANIGRAMA DA QUEIMA

Xefe de queima:

Canle/s de comunicación:

Equipo/s de ignición:

Equipo/s de contención:

Persoal de apoio:

Vehículos lixeiros:

Vehículos Pesados:

Outros (Indicar):



**12. PLAN DE IGNICIÓN** ① *(despregable información)*

<u>Método de ignición previsto 1:</u> <i>Texto</i>	<u>Método de ignición previsto 2:</u> <i>Texto</i>
<i>Esbozo</i>	<i>Esbozo</i>
Observacións:	

**13. PLAN DE CONTINXENCIA**

Puntos críticos:
Accións necesarias:
Medios adicionais:
Observacións:

**14. OBSERVACIÓNS**

--

**15. APROBACIÓN DA EXECUCIÓN DA QUEIMA** ② *(Posibilidade de impresión do Plan de queima)*

Data de aprobación:

Autorizado por:

**Xefe de queima:**

**Xefe de distrito:**

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

Asdo:

Asdo:



## ANEXO V - SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DA QUEIMA

### 16. MEDICIÓNS REALIZADAS DURANTE A EXECUCIÓN

VARIABLE	HORA	Vel. vento (km/h)	HR (%)	Tª (°C)
MEDICIÓN 1				
OBSERVACIÓNS 1				
MEDICIÓN 2				
OBSERVACIÓNS 2				
MEDICIÓN 3				
OBSERVACIÓNS 3				
...	...			
MEDICIÓN N				
OBSERVACIÓNS N				

### 17. AVALIACIÓN DA QUEIMA

Superficie percorrida por lume \_\_\_\_\_ha. Profundidade da capa de cinzas \_\_\_\_\_ cm.

Redución do combustible: Alto (100 – 60%)  Medio (60 – 30%)  Baixo (30 – 0%)

Cumprimento dos obxectivos da queima: Moi alto  Alto  Medio  Baixo

### 18. SEGUIMIENTO DA SUPERFICIE QUEIMADA



## ANEXO VI - VENTÁS DE PRESCRICIÓN

A prescripción define as condicións ás cales a execución dunha queima debe obedecer para que os seus obxectivos sexan alcanzados. É o resultado do deseño desta e debe ser definida en función do comportamento do lume. Consecuentemente, as condicións ambientais deben ser tales que orixinen un lume aceptable en termos de control e de efectos. Principalmente estará fundamentada nos traballos previos, a experiencia propia e a bibliografía dispoñible:

Unha prescripción debe ser flexible, para que poida haber modificacións en caso de alteración das condicións meteorolóxicas e razoablemente ampla, permitindo varias oportunidades de execución durante unha época de queima, aínda que o suficientemente específica para que se cumpran os obxectivos propostos.

Inclúense a continuación as dúas ventás de prescripción de referencia (segundo a bibliografía dispoñible) no noroeste da Península ibérica. Esta información debe servir de referencia para a determinación das condicións adecuadas para a realización da queima que se plasmarán no Plan de queima correspondente. Para a súa adecuada interpretación convén ter en conta as seguintes cuestións:

- Os parámetros de comportamento do lume son para terreo plano (declive inferior a 5%) ou suavemente ondulado, vexetación con 1 metro de altura e condución do lume a favor do vento. Tal significa que as condicións meteorolóxicas de execución que constan nas táboas son só indicativas e poden ser compensadas por factores topográficos, do combustible e da técnica de condución do lume que manteñan o comportamento do mesmo dentro da prescripción.
- Se algúns dos parámetros estiveran próximos ao límite superior do intervalo recomendado, entón outros deberán estar preto do límite inferior (p. ex: ventos fortes non deberán ser combinados con humidades do combustible moi baixas).
- Certas variables meteorolóxicas son máis importantes que outras. Así, a velocidade do vento e a súa dirección son máis relevantes que a humidade relativa do aire.



## a) Ventá de prescripción de Paulo Fernandes:

PRESCRICIÓN XENÉRICA PARA QUEIMAS CONTROLADAS			
VARIABLE	MIN	OPTIMO	MAX
<b>METEOROLOXIA</b>			
Nº DE DÍAS SEN CHUVIA	1	3 - 7	
TEMPERATURA, (°C)	5	8 - 20	25
HUMIDADE RELATIVA (%)	20	30 - 70	85
HUMIDADE DO COMBUSTIBLE (%)	10	12 - 20	30
VELOCIDADE DO VENTO (km/h)	1	5 - 15	20
<b>COMPORTAMENTO DO LUME, A FAVOR</b>			
VELOCIDADE DE PROPAGACIÓN (m/min)	<1,5	1,5 - 4,5	7,5
ALTURA DE LAPA (m)	>1	1 - 4	5,5

*Fonte: Paulo Fernandes*

## b) Ventá de prescripción de Jose Antonio Vega:


PRESCRICIÓN XENÉRICA PARA QUEIMAS CONTROLADAS			
<b>METEOROLOXIA</b>			
VARIABLE	VALORES		
VELOCIDADE DO VENTO	2-12 km/h (medido a 2 m)		
Nº DE DÍAS SEN CHUVIA (> 30 mm)	<b>Solaina</b>	<b>Avesedo</b>	<b>Chaira</b>
	3 - 8	5 - 12	3 - 12
TEMPERATURA (°C)	5 - 15		
HUMIDADE RELATIVA (%)	35 - 65		
HUMIDADE DO COMBUSTIBLE (%)	<b>Morto</b>	<b>Vivo</b>	<b>Follaxe</b>
	< 35	70 - 175	>110
HUMIDADE DO SOLO (%)	> 30		
ESTABILIDADE ATMOSFÉRICA			
<b>HUMIDADE DOS COMBUSTIBLES</b>			
HUMIDADE DAS PARTES SECAS	< 35 %		
HUMIDADE DAS PARTES VIVAS	70 - 175 %		
HUMIDADE DA FOLLASCA + TERRIZO	≥ 110 - 200 %		
<b>HUMIDADE DO SOLO</b>			
≥ 30 %			
<b>ÉPOCA DO ANO</b>			
Inverno (xaneiro - marzo)			
Alternativa, inicio da primavera (abril) ou final de outono (decembro)			

*Fonte: J. Antonio Vega*


## ANEXO VII- GUÍA VISUAL PARA A AVALIACIÓN DA QUEIMA




Só restos de cádavos: 95%




Cádavos: non quedan  
espiñas nas poliñas: 90%




Poliñas finas e parte  
das espiñas negras: 80%



Quedan bastantes  
espiñas negras: 70%



Quedan moitas espiñas  
de cor pardo: 60%



Quedan espiñas de cor  
pardo e amarelo: 50-40%




*Redución do 95%*



*Redución do 90%*



*Redución do 80%*



*Redución do 70%*



*Redución do 60%*



*Redución do 40-50%*

## ANEXO VIII - GUÍA VISUAL DE MODELOS DE COMBUSTIBLE


**MODELOS DE PASTOS**

1 – 3

Baixa carga de combustible

- < 10 Tn/ha


1



2



3



**MODELOS DE MATOGUEIRA**

4 – 7

Carga de combustible

- 10 – 25 Tn/ha


4



5



6



7



### MODELOS DE ARBOLADO

8 – 10

Carga de combustible

• 10 – 12 Tn/ha

8



9



10



### MODELOS DE REFUGALLOS

11 – 13

Carga de combustible

• 25 – 150 Tn/ha

11



12




13







## ANEXO IX – LOCALIZACIÓN DOS QUEIRUGAIS HÚMIDOS (4020\*)




# Cartografía Rede Natura 2000

Galicia

-  T.HÁBITAT: 4020\* QUEIRUGAIS HÚMIDOS
-  ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN (ZEC)


Escala 1:1.200.000



# Cartografía Rede Natura 2000

A Coruña


- Concellos que conteñen o hábitat 4020\*
  - T.HÁBITAT: 4020\* QUEIRUGAIS HÚMIDOS
- Escala 1:700.000



# Cartografía Rede Natura 2000



Lugo


- Concellos que conteñen o hábitat 4020\*
  - T.HÁBITAT: 4020\* QUEIRUGAIS HÚMIDOS
- Escala 1:700.000



# Cartografía Rede Natura 2000

Ourense

-  Concellos que conteñen o hábitat 4020\*
  -  T.HÁBITAT: 4020\* QUEIRUGAIS HÚMIDOS
- Escala 1:700.000




# Cartografía Rede Natura 2000

Pontevedra

- Concellos que conteñen o hábitat 4020\*
  - T.HÁBITAT: 4020\* QUEIRUGAIS HÚMIDOS
- Escala 1:700.000

**ANEXO 10.3**

**CARTOGRAFÍA DO PLAN PREVENTIVO**



**Actuacións solicitadas**

CATEGORÍA	ACTUACIÓN	SUP.
Áreas devesa en monte desarborizado	Roza mecanizada con rozadora de cadeas ou similar	7.312,3
Áreas devesa en monte en rexeneración	Rareo sistemático de rexeneración forestal	962,1
Devasas	Mellora de faixas cortalumes existentes	1.489,0
Faixas auxiliares de pista	Roza mecanizada con rozadora arrastrada	905,1
Faixas auxiliares de pista	Roza mecanizada con rozadora de brazo ou similar	1.965,3
<b>TOTAL</b>		<b>12.633,8</b>






**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL


**ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2024  
SUBVENCIÓNS PARA A PREVENCIÓN**


**Lenda xeral:**

-  Distritos forestais
-  Concellos
-  Actuacións





Proxección UTM. Zona 29N. Datum ETRS 1989

Escala: 1:1.250.000







### Número de brigadas

-  Sen brigada
-  1 brigada
-  2 brigadas
-  3 brigadas




## CONVENIOS CON ENTIDADES LOCAIS BRIGADAS


### Lenda xeral:

-  Distritos forestais
-  Concellos




Proxección UTM. Zona 29N. Datum ETRS 1989

Escala: 1:1.250.000





**Nº de vehículos motobomba**

-  Sen MB
-  1 MB
-  2 MB





**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**


**CONVENIOS CON ENTIDADES LOCAIS  
VEHÍCULOS MOTOBOMBA**


**Lenda xeral:**

-  Distritos forestais
-  Concellos

Proxección UTM. Zona 29N. Datum ETRS 1989

Escala: 1:1.250.000






### Tratamentos preventivos




## CONVENIOS CON ENTIDADES LOCAIS TRATAMENTOS MECANIZADOS

### Lenda xeral:



Proxección UTM. Zona 29N. Datum ETRS 1989

Escala: 1:1.250.000



**ANEXO 11**

**PLAN DE FORMACIÓN**



## **ANEXO 11. DOCUMENTACIÓN ANEXA AO PLAN DE FORMACIÓN**

### **11. Documentación anexa ao Plan de formación**

**11.1. Catálogo de cursos propostos para incorporar na programación dos plan anuais do período 2025-2028**

**11.2. Itinerario formativo profesional**

**11.3 Proposta de actividades do programa de adestramento**

**ANEXO 11.1**

**CATÁLOGO DE CURSOS 2025-2028**

## ANEXO I

CATÁLOGO DE CURSOS PROPOSTOS PARA INCORPORAR NA  
PROGRAMACIÓN DOS PLANS ANUAIS DO PERÍODO 2025-2028.



<b>Título:</b>	<b>Formación de formadores</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Todas as categorías	<b>Nº horas:</b>	100
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Capacitar aos/as alumnos/as dos coñecementos, técnicas, ferramentas e habilidades necesarias para poder desempeñar o labor de formador/a ou instrutor/a.		
<b>Observacións:</b>	Anual en función da demanda.		

<b>Título:</b>	<b>Organización das operacións aéreas na extinción de incendios e comunicacións cos medios aéreos</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	31
		<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixto
<b>Obxectivo:</b>	Capacitar aos/ás participantes para realizar a supervisión, desde terra ou embarcado nunha aeronave, das operacións aéreas en incendios forestais.		
<b>Observacións:</b>			

<b>Título:</b>	<b>Manobras de manexo do lume real no ámbito das queimas prescritas e controladas aplicando e adestrando o modelo organizativo do SEMOP</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais  •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	30
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Presencial
<b>Obxectivo:</b>	Adestramento e familiarización traballando co SEMOP nun ambiente controlado.		
<b>Observacións:</b>	Formación práctica.		

<b>Título:</b>	<b>Básico de primeiros auxilios</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Todas as categorías	<b>Nº horas:</b>	12
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Presencial
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar ao alumnado os coñecementos necesarios para ofrecer unha axuda eficaz en diferentes situacións de emerxencia, outorgando as ferramentas necesarias para afrontar os primeiros minutos con seguridade.		
<b>Observacións:</b>	Anual.		



<b>Título:</b>	<b>Análise de incendios forestais. TEP</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	120
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Teleformación
<b>Obxectivo:</b>	Formar ao alumnado, a través de un programa global e actualizado, na análise, simulación e organización en incendios complexos, tanto se van a dedicarse a facer un traballo de analistas como se van a executar outras tarefas.		
<b>Observacións:</b>	Anual en función da demanda.		

<b>Título:</b>	<b>Seguridade no uso dos vehículos 4x4 e motobomba (nivel básico)</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais  •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Oficial/a 2ª mecánico/a •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	12
		<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixto
<b>Obxectivo:</b>	Dotar a todos/as os/as usuarios/as dos coñecementos necesarios sobre as peculiaridades dos vehículos todoterreo, aprendendo a abordar correctamente e con seguridade os obstáculos que se poidan atopar no desenvolvemento do seu traballo.		
<b>Observacións:</b>	Persoal de novo ingreso que non recibiu esta formación.		

<b>Título:</b>	<b>Seguridade no uso dos vehículos 4x4 e motobomba (nivel avanzado)</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais  •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Oficial/a 2ª mecánico/a •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	12
		<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixto
<b>Obxectivo:</b>	Dotar a todas as persoas usuarias de coñecementos avanzados sobre as peculiaridades dos vehículos todoterreo, aprendendo a abordar correctamente e con seguridade os obstáculos que se poidan atopar no desenvolvemento do seu traballo.		
<b>Observacións:</b>	Para realizar esta formación é requisito ter cursado anteriormente o nivel básico.		



<b>Título:</b>	<b>Manexo da auga, escumas e capacidades dos vehículos motobomba</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Técnicos/as forestais •Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais.	<b>Nº horas:</b>	18
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar ao persoal responsable de medios humanos e materiais nun incendio forestal das capacidades e coñecementos necesarios para manexar adecuadamente liñas de auga, escumas e vehículos motobomba.		
<b>Observacións:</b>			

<b>Título:</b>	<b>Seguridade e manexo de vehículos multifunción na prevención e extinción de incendios forestais (BATRACIOS)</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Oficial/a 2ª mecánico/a	<b>Nº horas:</b>	22
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Presencial
<b>Obxectivo:</b>	Formar ao alumnado no manexo dos novos vehículos multifunción para a prevención e defensa contra incendios.		
<b>Observacións:</b>	Destinado ás persoas que manexan este tipo de vehículos.		

<b>Título:</b>	<b>Seguridade na extinción de incendios forestais</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Todas as categorías	<b>Nº horas:</b>	12
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Teleformación
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar aos/ás participantes os coñecementos para desenvolver as tarefas propias da extinción de incendios con seguridade.		
<b>Observacións:</b>	Anual.		



<b>Título:</b>	<b>Simulador de accidentes para brigadas helitransportadas SEECRASH</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Técnicos/as de brigada helitransportada	<b>Nº horas:</b>	6
		<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Presencial
<b>Obxectivo:</b>	Formar ao persoal de brigadas helitransportadas en técnicas de evacuación de aeronaves sinistradas, ofrecendo recursos e ferramentas que serven para preparalos para situacións derivadas da consecuencia dun accidente por envorco da aeronave, atrapamento, incendio no interior, persoas feridas, etc.		
<b>Observacións:</b>	Formación en simulador.		

<b>Título:</b>	<b>Aplicacións informáticas do entorno FIRESW</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Técnicos/as forestais •Emisoristas •Vixilantes fixos/as •Operadores/as codificadores/as	<b>Nº horas:</b>	20
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Presencial
<b>Obxectivo:</b>	Dar aos alumnos/as os coñecementos necesarios para o manexo das aplicacións incluídas na intranet do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.		
<b>Observacións:</b>	Anual en función da demanda.		

<b>Título:</b>	<b>Curso teórico de queimas prescritas e simulación do comportamento do lume</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada	<b>Nº horas:</b>	30
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar ao alumnado dos coñecementos teóricos para deseñar, planificar e desenvolver queimas prescritas con seguridade.		
<b>Observacións:</b>			



<b>Título:</b>	<b>Técnicas de defensa verbal e habilidades comunicativas</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	32
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para definir e clasificar determinadas situacións de xeito que poidan responder coa técnica apropiada, evitando ou resolvendo posibles conflitos sen ter que recorrer ao uso da forza.		
<b>Observacións:</b>			

<b>Título:</b>	<b>Operacións e defensa contra incendios forestais na interface urbano-forestal</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	<b>Nº horas:</b>	40
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para implementar protocolos de traballo neste tipo de emerxencias, mellorando a seguridade do persoal que traballa na extinción e das persoas das zonas poboadas ameazadas.		
<b>Observacións:</b>			

<b>Título:</b>	<b>Análise táctica. Operacións avanzadas de extinción de incendios forestais</b>		
<b>Destinatarios:</b>	•Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios	<b>Nº horas:</b>	50
		<b>Carácter:</b>	Optativo
		<b>Modalidade:</b>	Teleformación
<b>Obxectivo:</b>	Formar ao alumnado, a través de un programa global e actualizado, na análise táctica e operacións avanzadas asociadas a incendios complexos.		
<b>Observacións:</b>	Anual en función da demanda.		

**ANEXO 11.2**

**ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL**

## **ANEXO II**

### **ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL**



## CADRO DO ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL

Categories destinatarias	cod .	G rao inicial	G rao cualificado	G rao especialista
Bom beiro/a forestal xefe/a de brigada Bom beiro/a forestal condutor/a Bom beiro/a forestal Bom beiro/a forestal oficial/a Técnico/a brigada helicóptero transportada	BT	Curso básico para persoal de brigadas de bom beiros/as forestais <b>CBT</b>	Curso avanzado para persoal de brigadas de bom beiros/as forestais <b>CAB</b>	Curso de especialista para persoal de brigadas de bom beiros/as forestais <b>CEB</b>
Bom beiro/a forestal xefe/a brigada helicóptero transportada Bom beiro/a forestal condutor/a brigada helicóptero transportada Bom beiro/a forestal brigada helicóptero transportada	BH	Curso básico para persoal de brigadas helicóptero transportadas <b>CBH</b>		
Condutor/a mecánico/a Oficial/a 1º Mecánico/a Oficial/a 2º Mecánico/a Bom beiro/a forestal condutor/a de motobomba	MB	Curso básico para bom beiros/as forestais condutores/as de motobomba <b>CBM</b>	Curso avanzado para bom beiros/as forestais condutores/as de motobomba <b>CAM</b>	Curso de especialista para bom beiros/as forestais condutores/as de motobomba <b>CEM</b>
Operador/a - codificador/a Emisorista Emisorista - vigilante Vigilantes fijos/as	EM	Curso básico para emisoristas e vigilantes <b>CBE</b>	Curso avanzado para emisoristas e vigilantes <b>CAE</b>	Curso de especialista para emisoristas e vigilantes <b>CEE</b>
Persoal técnico Axentes forestais e medioambientais	DE	Curso básico para directores técnicos de extinción <b>CBD</b>	Curso avanzado para directores técnicos de extinción <b>CAD</b>	Curso de especialista para directores técnicos de extinción <b>CED</b>



<b>Título:</b>	<b>CBT - Curso básico para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais</b>		
<b>Nº horas:</b>	40	<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para realizar o seu traballo en condicións de seguridade e eficacia incidindo no manexo das comunicacións e nas manobras básicas de manexo da auga, escumas, lume técnico e de ferramentas manuais e portátiles.		

<b>Título:</b>	<b>CBH - Curso básico para persoal de brigadas helitransportadas</b>		
<b>Nº horas:</b>	40	<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para realizar o seu traballo en condicións de seguridade e eficacia incidindo no manexo das comunicacións TETRA e banda aérea, nas manobras básicas de manexo da auga, escumas e lume técnico, no traballo do binomio brigada-helicópero e na execución de liñas de defensa e traballo con ferramentas manuais.		

<b>Título:</b>	<b>CBM - Curso básico para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba</b>		
<b>Nº horas:</b>	40	<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dar ás persoas participantes os coñecementos necesarios para desenvolver as tarefas propias do seu traballo en condicións de seguridade e eficacia, incidindo na hidráulica, no manexo dos vehículos motobombas, as súas capacidades, así como a interacción con outros vehículos contra incendios.		



<b>Título:</b>	<b>CBE - Curso básico para emisoristas e vixilantes</b>		
<b>Nº horas:</b>	40	<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar os coñecementos necesarios para desenvolver as tarefas propias do seu traballo en condicións de eficacia, con especial atención aos procedementos de traballo nos centros de coordinación e ás aplicacións de xestión en materia de incendios forestais.		

<b>Título:</b>	<b>CBD - Curso básico para directores/as técnicos/as de extinción (DTE)</b>		
<b>Nº horas:</b>	40	<b>Carácter:</b>	Obrigatorio
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar os coñecementos necesarios para a dirección da extinción de incendios que poden ser controlados nun primeiro ataque ou nun ataque ampliado moderado cunha afectación de superficie limitada e un baixo impacto social e ambiental.		

<b>Título:</b>	<b>CAB - Curso avanzado para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais</b>		
<b>Nº horas:</b>	60	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Formar ao alumnado para desenvolver manobras simples e combinadas con outros equipos e en diferentes situacións en incendios complexos		



<b>Título:</b>	<b>CAM – Curso avanzado para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba</b>		
<b>Nº horas:</b>	60	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dar ás persoas participantes os coñecementos necesarios para desenvolverse en incendios complexos, con coñecementos avanzados de hidráulica e capacidade para organizar liñas de auga múltiples e combinadas con outros medios		

<b>Título:</b>	<b>CAE – Curso avanzado para emisoristas e vixilantes</b>		
<b>Nº horas:</b>	60	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar os coñecementos para desenvolver o seu traballo en situacións complexas de simultaneidade, en incendios con necesidades de sectorización e de recursos doutros distritos.		

<b>Título:</b>	<b>CBD – Curso avanzado para directores/as técnicos/as de extinción (DTE)</b>		
<b>Nº horas:</b>	60	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar os coñecementos necesarios para exercer a dirección da extinción de incendios que non poden ser controlados nun ataque ampliado moderado e nos que é necesario sectorizar e establecer unha estrutura de posto de mando. Son incendios complexos, con posible afectación á poboación ou a zonas de alto valor ecolóxico.		



<b>Título:</b>	<b>CEB – Curso de especialista para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais</b>		
<b>Nº horas:</b>	100	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar coñecementos de análise táctica e operacións avanzada con ferramentas manuais, liñas de auga, medios aéreos, maquinaria pesada e lume técnico. Reforzar o coñecemento avanzado do comportamento do lume e identificar as operacións máis eficientes para cada situación.		

<b>Título:</b>	<b>CEB – Curso de especialista para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba</b>		
<b>Nº horas:</b>	100	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dar coñecementos de mecánica básica e funcionamento dos diferentes modelos de vehículos do servizo. O alumnado será autosuficiente para realizar manobras avanzadas con calquera vehículo, incluídas motobombas, turismos, batracios e nodrizas.		

<b>Título:</b>	<b>CEM – Curso de especialista para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba</b>		
<b>Nº horas:</b>	100	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dar coñecementos de mecánica básica e funcionamento dos diferentes modelos de vehículos do servizo. O alumnado será autosuficiente para realizar manobras avanzadas con calquera vehículo, incluídas motobombas, turismos, batracios e nodrizas.		



<b>Título:</b>	<b>CEE – Curso de especialista para emisoristas e vixilantes</b>		
<b>Nº horas:</b>	100	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Proporcionar os coñecementos necesarios para manexar con precisión todas as aplicacións empregadas nos centros de coordinación. O alumnado coñecerá todos os procedementos operativos relacionados coa seguridade, a extinción e a mobilización e solicitude de medios propios e alleos		

<b>Título:</b>	<b>CEE – Curso de especialista para directores/as técnicos de extinción (DTE)</b>		
<b>Nº horas:</b>	100	<b>Carácter:</b>	Voluntario
		<b>Modalidade:</b>	Mixta
<b>Obxectivo:</b>	Dotar das competencias necesarias para exercer de DTE en incendios de especial gravidade que requiran da intervención de medios extraordinarios e unha maior sectorización e desenvolvemento do SEMOP. Son incendios con ameaza ou impacto na sociedade a nivel provincial ou autonómico.		

**ANEXO 11.3**

**PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES ADESTRAMENTO**

## **ANEXO III**

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE ADESTRAMENTO**



## PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE ADESTRAMENTO

A continuación, preséntase a información resumo de cada unha das accións propostas para cada nivel de actuación: autonómico, provincial e distrito. Estas actividades poden ser complementadas con outras que se consideren apropiadas en cada momento.

### Nivel autonómico

1. Simulacros de situación operativa 2
2. Simulacros de incendios interprovinciais e transfronteirizos
3. Manobras de manexo do lume real no ámbito das queimas prescritas e controladas aplicando e adestrando o modelo organizativo do SEMOP

### Nivel provincial

1. Xestión das situacións operativas 1 e 2 desde os centros de coordinación (CCD e CCP)
2. Xestión de incendios: xogos de decisión estratéxica e táctica.
3. Reconstrución de lumes e leccións aprendidas (especialmente GIF e interface)
4. Simulacros de situacións operativas

### Nivel de distrito

1. Formación en comunicacións
2. Simulacro de incendios que non acaden importancia provincial
3. Situacións de atrapamento e manobras de autoprotección
4. Uso de escumas e liñas de agua con vehículo motobomba e pick-up
5. Manobras de defensa da interface urbano-forestal
6. Adestramento físico para bombeiros forestais

**ANEXO 12**  
**DOCUMENTACIÓN SEMOP**



## ANEXO 12. DOCUMENTACIÓN SEMOP

### 12. Documentación SEMOP:

12.1. Esquemas dos niveis SEMOP

12.2. Diagrama procedemento SEMOP

12.3 Ficha de seguimento de medios no lume

12.4 Ficha de seguimento do PRM

12.5. Exemplo cronograma de medios no lume

**ANEXO 12.1**

**ESQUEMAS DOS NIVEIS SEMOP**

# CLASIFICACIÓN DO NIVEL OPERATIVO DOS LUMES (SEMOP)

## NIVEL A

Lume simple ou incipiente

Ataque inicial

1º ataque

Ata 5-7 Equipos de intervención

DTE asume a maioría das funcións

Pode engadir PRM e auxiliar PRM e tamén XOA

1 canle TMO/ 1 canle DMO

**Paso a Nivel B se cumpre polo menos un dos seguintes puntos:**

- Necesidade de sectorización
- Comunicacions saturadas (+5-7EI)
- Evolución previsible a interface
- Necesidade de establecer XOA

Establecido polo/a **máximo/a responsable do CCD** no momento en que se cumpran as condicións establecidas.

## NIVEL B

Lume medio

Ataque ampliado

Incorporación de máis medios. Primeiros relevos.

DTE - XOA - Xefe/a operacións - Xefes/as sectores - CMA

PRM obrigatorio + auxiliar PRM

2 ou 3 sectores (5-7 EI por sector)

1 TMO/ 1 DMO: canle principal

1 TMO/ 1 DMO por sector

**Paso a Nivel C se cumpre:**

- Previsión de máis de 3 sectores
- Previsión de traballo > 12 horas

Establecido polo/a **técnico/a do CCD** ou **técnico/a do CCP**.

Notificación do/a **técnico/a do CCP** ao **CCC** do paso a Nivel C.

## NIVEL C

Lume complexo

Ataque avanzado

Numerosos recursos

DTE - XOA - Xefe/a operacións - Xefes/as sectores - CMA - Xefe/a planificación - Xefe/a loxística - Equipo PRM - PMA - UDEX - UTA  
+ de 3 sectores (5-7 EI por sector)

Posibilidade + de 1 PRM

1 TMO/ 1 DMO: canle principal

1 TMO/ 1 DMO por sector


1 TMO/ 1 DMO exclusivo PRM

Este nivel pode ser proposto polo DTE.



## SEMOP: ESQUEMA DE TRABAJO


**Ataque inicial (nivel A):**





## SEMOP: COMUNICACIONES


### Ataque inicial (nivel A):





## SEMOP: ESQUEMA DE TRABAJO


### Ataque ampliado (nivel B):





## SEMOP: COMUNICACIONES


### Ataque ampliado (nivel B):





## SEMOP: ESQUEMA DE TRABAJO


### Ataque avanzado (nivel C):





## SEMOP: COMUNICACIONES


### Ataque avanzado (nivel C):



**ANEXO 12.2**

**DIAGRAMA DE PROCEDIMIENTO SEMOP**

# PROCEDIMIENTO SEMOP



Nivel do lume

Tipo de ataque

Posibilidade de establecemento/designación

Establecemento/designación obrigatorio

Cumprimento de 1 ou + condicións para cambio de nivel

## GUÍA DE ACCIÓNS A REALIZAR NO PROCEDEMENTO SEMOP PARA AS SITUACIÓNS 0 E 1

NIVEL	ACCIÓN	PROPÓN	DESIGNA	REXISTRO		INFORMACIÓN		OBSERVACIÓNS
				ONDE	QUEN	EMISOR	RECEPTOR	
<b>A</b> Ataque inicial	Establecemento XOA	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD-DTE	Medios presentes no incendio	
	Establecemento PRM e Auxiliar PRM	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD	Medios asignados ao incendio	No momento en que se lles comunica a asignación ao lume
<b>B</b> Ataque ampliado	Paso a nivel B	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD	DTE	
	Estab. xefes/as sector	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD-DTE	Medios presentes no incendio	Facilítase nome XS e grupos e canles de comunicacións
	Establecemento XOA	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD-DTE	Medios presentes no incendio	
	Estab. xefe/a de operacións (XO)	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	DTE	XOA e persoal PRM	Notifícase que pasan a estar a cargo do XO
	Establecemento PRM e Auxiliar PRM (ou resto do persoal do Equipo PRM)	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD	Medios asignados ao incendio	No momento en que se lles comunica a asignación ao lume
	Mobilización UDEX-UTA	DTE-CCD-CCP	CCC	SEMOP (XC)	CCC	DTE	CCD	O/A DTE solicita ao CCD a súa presenza. CCD notifica a CCP e este ao CCC.
		-	CCC	SEMOP (XC)	CCC	CCC	CCD	O CCC despacha sen solicitude. Notifica ao CCP, este ao CCD e este ao DTE.
Establecemento PMA	DTE	CCC	PO (XCLT)	DTE/XO	DTE	CCD		
<b>C</b> Ataque avanzado	Paso a nivel C	DTE	XG-CCD/CCP	SEMOP (XC)	CCD/CCP	CCD/CCP	DTE	CCP notifica ao CCC.
	Estab. xefe/a de planificación (XP)	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	DTE	XO e persoal PRM/equipo PRM	
	Estab. xefe/a de loxística	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	DTE	XO, XP e persoal PRM/equipo PRM	
	Mobilización UDEX-UTA	-	CCC	SEMOP (XC)	CCC	CCC	CCD	CCC despacha. Notifica ao CCP, este ao CCD e este ao DTE.
	Establecemento 2º PRM e sucesivos	DTE	XG-CCD	SEMOP (XC)	CCD	CCD	Medios asignados ao incendio	No momento en que se lles comunica a asignación ao lume

<b>LEND</b>	CCD: Centro de Coordinación de Distrito	XG: Xefe/a de garda	XO: Xefe/a de Operacións	PRM: Punto de Recepción de Medios
	CCP: Centro de Coordinación Provincial	DTE: Director/a Técnico/a de Extinción	XP: Xefe/a de Planificación	XS: Xefe/a de Sector
	CCC: Centro de Coordinación Central	XOA: Xefe/a de Operacións Aéreas	PMA: Posto de Mando Avanzado	XC: XeoCode
	PO: Plan de Operacións	XCLT: XeoCode Lite	Propón: figura que pode propoñer a acción a realizar	
	Designa: responsable de designar un posto ou validar unha acción		Onde: aplicativo onde se rexistra a acción correspondente	
	Quen: Centro de Coordinación ou cargo responsable de rexistrar a acción a levar a cabo		Emisor: CC ou cargo responsable de informar da acción realizada	
	Receptor: Centro de Coordinación, cargo ou medios que deben ser informados da acción realizada		Observacións: información complementaria	
	Posibilidade de establecemento/designación		Establecemento/designación obrigatorio en función da dispoñibilidade de persoal capacitado	

*Nota:* as responsabilidades referidas a un Centro de Coordinación recaen sobre o/a técnico/a ou Xefe/a de garda, o que non impide que a acción a realizar poida ser executada por outro persoal do SPIF no desempeño habitual das súas tarefas.

**ANEXO 12.3**

**FICHA DE SEGUIMIENTO DE MEDIOS NO LUME**

# DIAGRAMA DE SEGUIMIENTO DE RESPONSABLES – LUME NIVEL B/C

**GOI (GRUPO OPERATIVO DE INTERVENCIÓN) PMA**

**XEFE/A PLANIFICACIÓN**

Nome:  
Canle:

**DTE**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A OPERACIONES**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A OP. AÉREAS**

Nome:  
Canle:

**PRM 1 (Punto Recepción de Medios)**

Nome:  
Canle:  
Localización:

**PRM 2 (Punto Recepción de Medios)**

Nome:  
Canle:  
Localización:

**CMA**

Nome:  
Canle:  
Frecuencia Aérea:

**XEFE SECTOR 1**

Nome:  
Canle:

**XEFE SECTOR 2**

Nome:  
Canle:

**XEFE SECTOR 3**

Nome:  
Canle:

**XEFE SECTOR 4**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 1**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 2**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 1**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 2**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 1**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 2**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 1**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 2**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 3**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 4**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 3**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 4**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 3**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 4**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 3**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 4**

Nome:  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 5**

Nome:  
Canle:

**Maquinaria**

1  
2  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 5**

Nome:  
Canle:

**Maquinaria**

1  
2  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 5**

Nome:  
Canle:

**Maquinaria**

1  
2  
Canle:

**XEFE/A EQUIPO 5**

Nome:  
Canle:

**Maquinaria**

1  
2  
Canle:

**RECEPCIÓN DE MEDIOS**

AAMM:  
Brigadas:  
Motobombas:  
MAQ. PES.:

**MA (MEDIOS AÉREOS)**

HC:  
Avións Carga en Terra:  
Avións Anfibios:

**ANEXO 12.4**

**FICHA SEGUIMIENTO PRM**



**ANEXO 12.5**

**EXEMPLO CRONOGRAMA**



**ANEXO 13**

**PROCEDIMIENTO OPERATIVO UDEX**



## ÍNDICE

### ANEXO 13. PROCEDIMIENTO OPERATIVO UDEX

1.	UDEX (UNIDADE DE DIRECTORES DE EXTINCIÓN) .....	2
1.1.	Principais funcións dos Axentes Ambientais integrantes da UDEX.....	3
1.1.1.	<i>En materia de extinción</i> .....	3
1.1.2.	<i>En materia de formación e prevención</i> .....	4
1.2.	Procedemento operativo nas xornadas de garda para extinción.....	4
1.2.1.	<i>Inicio do servizo</i> .....	4
1.2.2.	<i>Mobilización para un incendio</i> .....	4
1.2.3.	<i>Desmobilización do lume</i> .....	6



## 1. UDEX (UNIDADE DE DIRECTORES DE EXTINCIÓN)

O/A Director/a Técnico/a de Extinción (DTE) é o/a responsable máximo/a da dirección de extinción do incendio segundo o establecido no artigo 47.1 Traballos de extinción da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril, e pola Lei 21/2015, do 20 de xullo, *"O/A director/a ou responsable técnico das tarefas de extinción ten a condición de axente da autoridade e poderá mobilizar medios públicos e privados para actuar na extinción, de acordo cun plan de operacións"*.

O artigo 46.2 da mencionada Lei establece que, *"O órgano competente da comunidade autónoma establecerá para a extinción de cada incendio, agás naqueles que se xulgue innecesario pola súa pequena entidade, un mando unificado e estruturado por funcións, baseado nos obxectivos de eficacia e seguridade"*.

A tal fin, o Pladiga de 2022 estableceu tres niveis de lumes (A, B, C) en función do volume e tipo de medios a xestionar, con independencia do seu IGP ou situación operativa xerada, aínda que directamente relacionados, e determinou unha estrutura de mando e un sistema de comunicacións para cadanseu nivel. Esa estrutura de mando, denominada SEMOP (Sistema estrutural de mando operativo) é unha adaptación do ICS (Sistema de manexo das emerxencias) ao SPIF de Galicia, e crea un organigrama de responsables que se vai adaptando en función do avance do lume e tipo e cantidade de medios participantes. Así, nos incendios de nivel operativo B (medio) e C (complexo), lumes que non poden ser controlados no ataque inicial e precisan da incorporación de numerosos medios, é necesario sectorizar a zona de operacións e incorporar persoal para crear un equipo de mandos que xestione a emerxencia. Nestes casos, ademais da figura do/a Director/a da extinción e, en función de necesidades, hai que engadir figuras coma responsable do punto de recepción de medios, responsable de operacións aéreas, responsable de operacións terrestres, responsable de planificación e responsables de cadanseu sector que se estableza.

Da análise das funcións a desempeñar polas persoas que integren o SEMOP, conclúese que se require dunha maior especialización nas tarefas de dirección das operacións de control dos incendios forestais máis complexos, que repercuta nunha mellor organización e optimización dos recursos operativos dispoñibles, un aumento da seguridade nas tarefas de extinción e unha redución da superficie queimada e do número de bens afectados.

En consecuencia, no Pladiga de 2023 créase a UDEX (Unidade de Directores/as de Extinción) como un equipo de traballo, de natureza multidisciplinar, que terán dependencia funcional da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Dentro deste equipo haberá profesionais para exercer as funcións das diferentes figuras establecidas no



SEMOP mencionadas anteriormente, para cuxo desempeño precísase de profesionais que, ademais de dilatada experiencia na dirección da extinción, se especialicen nas tarefas a desenvolver no propio Sistema Estrutural de Mando Operativo coa finalidade de garantir unha maior eficiencia, eficacia e seguridade nas intervencións.

Na actualidade, a UDEX está formada por funcionarios/as da escala de Axentes Facultativos Ambientais (Axentes Ambientais) de Galicia que son, entre outros/as, os/as profesionais que poden asumir as funcións das diferentes figuras do SEMOP xa que dende tempo inmemorial veñen exercendo habitualmente a Dirección de Extinción dos lumes e a coordinación dos medios sobre o terreo. Ademais os/as seus/súas integrantes, no desempeño das súas funcións, tal como o dispón a lexislación estatal e autonómica en materia de montes e loita contra incendios, son considerados/as Axentes de Autoridade, con facultades para levar a cabo labores extraordinarias durante a extinción, como son: mobilizar medios públicos ou privados, entrar en predios privados, derrubar ou facer devasas de urxencia, aplicar contralumes, solicitar corte de estradas ou de subministración de enerxía eléctrica para que os medios poidan realizar as manobras tácticas que se determinen con eficacia e seguridade.

## **1.1. Principais funcións dos Axentes Ambientais integrantes da UDEX**

### **1.1.1. En materia de extinción**

- Desempeño das funcións do SEMOP que en cada momento se necesite na emerxencia que participen:
  - ✓ Principais
    - DTE
    - Xefe de operacións
    - Xefe de operacións aéreas
    - Xefe de planificación
  - ✓ Accesorias
    - Responsable do PRM
    - Responsable de sector
- Xestión e apoio a PMA.
- Coordinación dos medios e recursos terrestres dependentes do Centro de Coordinación Central.



- Atención aos medios de comunicación en coordinación co CCC e o gabinete de prensa da consellería.
- Realización de informes de actuación.

### **1.1.2. En materia de formación e prevención**

- Participación, cando sexan requiridos, nos programas formativos teórico-prácticos destinados ao persoal do SPIF.
- Deseño e execución de exercicios de simulación para o persoal do SPIF.
- Formación e adestramento a persoal doutros organismos.
- Testar e informar sobre a implementación de novas tecnoloxías.
- Realización de informes que se soliciten.
- Apoio á execución, cando se solicite, de medidas preventivas nos distritos forestais.
- Calquera outra que se requira dentro das competencias da Dirección Xeral de Defensa do Monte e das funcións dos Axentes Ambientais de Galicia.

## **1.2. Procedemento operativo nas xornadas de garda para extinción**

### **1.2.1. Inicio do servizo**

- Contacto permanente co CCC.
- Distribución territorial en función de:
  - ✓ Índices de risco.
  - ✓ Históricos de días previos.
  - ✓ Número de axentes UDEX de garda.
- Seguimento das alarmas que acontezan durante a xornada.
- Respecto de incendios confirmados:
  - ✓ Seguimento das comunicacións e medios despregados.
  - ✓ Estudo das potencialidades.

### **1.2.2. Mobilización para un incendio**

- I. Orde de mobilización vía telefónica polo CCC coa seguinte información:
  - ✓ Distrito, Concello e parroquia do incendio.



- ✓ DTE e grupo/canle de comunicación.
- ✓ Medios actuando e en curso.
- ✓ Aviso polo CCC da mobilización ao CCP de destino.
- ✓ Aviso de mobilización polo CCP ao CCD de destino.

II. Aviso ao CCD polo grupo principal da entrada no Distrito, indicando:

- ✓ Indicativo (por exemplo: UDEX 04)
- ✓ Tempo de chegada ao incendio.
- ✓ Confirmar datos básicos: grupo/canle de extinción, DTE, etc.

III. Chegada ao lume:

- ✓ Dar entrada pola emisora (botón 3).
- ✓ Poñerse en contacto e a disposición do DTE polo grupo de extinción. Reunión para análise, valoración e distribución de funcións SEMOP en función de necesidades.
- ✓ Informar, no caso de que se solicite, ao CCC dunha primeira valoración do lume.
- ✓ Contribuír a establecer un organigrama SEMOP en función do nivel do lume.
- ✓ Preocuparse de que se cargue no XeoCode Lite o plan de operacións do lume.
- ✓ Asegurar que se curse información periódica da situación aos centros de coordinación.

IV. Lume estabilizado.

- ✓ Asegurar a carga no XeoCode Lite da nova situación.
- ✓ Contribuír na organización dos relevos de persoal.
- ✓ Colaborar na previsión de medios materiais e humanos para o control do lume.

V. Lume controlado

- ✓ Asegurar a carga no XeoCode Lite da nova situación.
- ✓ Contribuír na organización dos relevos de persoal.
- ✓ Colaborar na previsión de medios materiais e humanos para a liquidación do lume.
- ✓ Cargar o plan de liquidación no XeoCode Lite.



### 1.2.3. Desmobilización do lume

- ✓ Por orde do CCC en función de:
  - Situación operativa.
  - Horario de servizo.
- ✓ Á retirada:
  - Informar á persoa que permaneza ao mando no incendio, agás que se desmobilicen a todos os medios por estar extinguido o lume.
  - Informar ao Distrito polo grupo principal da retirada do lume. A súa vez o CCD informará ao CCP.
  - Dar retirada pola emisora (botón 4).
  - Informar ao CCC da retirada do lume.

- **PLADIGA 2024: Unidade de Directores De Extinción**
- Equipo de traballo especializado na Dirección de Extinción.
- Con capacidade para asumir as figuras do SEMOP en lumes de nivel B ou C.
- Con dependencia Funcional da Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- Mobilizados dende o CCC para actuar en calquera parte do territorio.



## EN EXTINCIÓN

- Funcións SEMOP
- Apoio Xestión PMA
- Atención de medios
- Realización de informes



## FORMACIÓN - PREVENCIÓN

- Formación persoal SPIF
- Deseño - execución simulacros
  - Probar novas tecnoloxías
  - Informes
- Apoio a medidas preventivas

## MODUS OPERANDI EN FUNCIÓN DO IRDI

- Distribución territorial en función de 
  - Índices de risco
  - Históricos días previos
- Contacto permanente co Centro de Coordinación Central (CCC)
- Seguimento das alarmas 
  - Por atención ás comunicacións
  - Saber os medios despregados
  - Estudar as potencialidades
- Respecto de incendios confirmados

# UDEX. MOBILIZACIÓN PARA EXTINCIÓN



## **ANEXO 14**

**PROCEDIMIENTO OPERATIVO DA UNIDADE E DOS EQUIPOS  
MULTIFUNCIÓN BATRACIO**



## ÍNDICE

### ANEXO 14. PROCEDEMENTO OPERATIVO DA UNIDADE E DOS EQUIPOS MULTIFUNCIÓN (BATRACIO)

1.	PROCEDEMENTO OPERATIVO DA UNIDADE E DOS EQUIPOS MULTIFUNCIÓN (BATRACIO).....	2
2.	DOTACIÓN DOS EQUIPOS E DA UNIDADE MULTIFUNCIÓN BATRACIO .....	3
2.1	Equipamento xeral: .....	3
2.1.1	Unidade multifunción Batracio:.....	3
2.1.2	Equipo multifunción Batracio:.....	4
2.2	Medios humanos.....	5
2.2.1	Unidade multifunción Batracio: .....	5
2.2.2	Equipo multifunción Batracio:.....	5
2.2.3	Técnico/a de planificación Batracio:.....	7
2.2.4	Responsable operativo/a Batracio.....	8
2.2.5	Coordinador/a autonómico/a Batracio .....	9
2.3	Vehículos e material de apoio .....	9
3.	FUNCIÓNS DOS EQUIPOS E DA UNIDADE MULTIFUNCIÓN BATRACIO.....	10
3.1	Labores preventivos:.....	10
3.2	Labores en extinción:.....	10
3.3	Asignación temporal de recursos:.....	11
4.	PROCEDEMENTO OPERATIVO DA UNIDADE E DOS EQUIPOS MULTIFUNCION BATRACIO .....	11
4.1	Dependencia funcional.....	11
4.2	Operatividade e actividade .....	12
4.3	Localización e zona de traballo .....	13
4.4	Mantemento.....	13
4.5	Integración no dispositivo.....	14



## 1. PROCEDIMIENTO OPERATIVO DA UNIDADE E DOS EQUIPOS MULTIFUNCIÓN (BATRACIO)

O Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) da Consellería do Medio Rural desenvolve as actuacións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais. Co fin de desenvolver con eficacia as súas funcións, pon en funcionamento varios equipos especiais con carácter multi-disciplinar para o traballo na loita contra os incendios forestais.

Estes equipos multifunción toman a denominación "**Batracio**" do termo co que se coñece ao equipo precursor que naceu no 2022 como proxecto piloto, desenvolvendo principalmente a súa actividade no Distrito VII (Fonsagrada-Os Ancares). Este primeiro equipo denomínase "**Unidade multifunción Batracio**" e os restantes reciben o nome de "**Equipo multifunción Batracio**", diferenciados principalmente pola súa composición:

- **Unidade multifunción Batracio:** 2 tractores forestais, cisterna, apeiro triturador, lámina frontal multifunción (polidozer), quitaneves, vehículo motobomba, depósito móbil de abastecemento para combustible, balsa móbil helitransportada-terrestre e vehículos 4x4. A súa base está localizada no concello de Becerreá (Lugo).
- **Equipo multifunción Batracio:** tractor forestal, cisterna, apeiro triturador e lámina frontal multifunción (polidozer). Repartidos en distintos distritos forestais das catro provincias.

O seu deseño e composición parte da experiencia do persoal humano do propio SPIF, ideado para a súa participación tanto en tarefas de prevención como nas de extinción de incendios segundo as necesidades do dispositivo.

No presente procedemento faise unha descrición detallada dos recursos dispoñibles e necesarios para a operatividade destes equipos multifunción, definindo as súas funcións en busca da maior eficacia e eficiencia e mantendo como prioridade principal a seguridade no seu desempeño. Para a salvagarda desta correcta operatividade, terase en conta ao equipo humano necesario, destacando ás figuras con especial responsabilidade sobre o desenvolvemento do traballo, tanto no relativo á planificación e seguimento dos traballos (técnico/a de planificación provincial Batracio) como ao seguimento da



operatividade diaria (responsable provincial Batraccio, baixo o mando dun/ha coordinador/a autonómico).

## 2. DOTACIÓN DOS EQUIPOS E DA UNIDADE MULTIFUNCIÓN BATRACCIO

### 2.1 Equipamento xeral:

#### 2.1.1 Unidade multifunción Batraccio:

- **Tractores:** cunha potencia superior ós 275 CV, equipados cunha lámina frontal multi-función e coa última tecnoloxía.
- **Cisterna:** equipada con rompeondas, sistema de descarga en pendente e eixe direccional bloqueable. A capacidade é de 12.000 litros e está equipada cunha bomba centrífuga de accionamento hidráulico e un canón direccional con xiro 360° e elevación -60° e 80° ao cal tamén se lle pode acoplar espumóxeno. Dispón de sistema de aspiración mediante depresor hidráulico e brazo cunha media de carga de 12.000 litros en 3 minutos. A súa capacidade permítelle exercer de "nodriza" facendo transvase de 4.000 litros cunha manguera de 45 mm de diámetro en 3 minutos e 42 segundos.
- **Rozadoira multifunción:** con chasis de aceiro de alta resistencia, ancho de traballo de 1,80m, desprazamento hidráulico para traballos en horizontal e vertical, eixo rotor con martelos e enganche tripuntal. A función angular permite darlle a inclinación precisa para o traballo en pista forestal ou en balados.
- **Polidozer** frontal (tripuntal) con ancho de traballo de 2 metros, desprazamento vertical angular e horizontal e lámina antidesgaste intercambiable.
- **Depósito móbil de extinción:** é un depósito ríxido remolcable por vehículos 4x4 e helitransportable por helicóptero con capacidade de 4.000 litros e bomba centrífuga. Fai función de bombeo mentres se pode cargar con bomba auxiliar, motobomba ou helibalde.



- **Motobomba:** vehículo T.T. 4x4 cunha potencia superior ós 250 CV, bomba centrífuga combinada e capacidade de 3.500 litros de auga e 50 l. de retardante.
- **Vehículos pick-up:** para o desprazamento de equipos e persoal, equipados cun depósito de auga de 400 litros, bomba centrífuga e sistema de inxección de retardante para unha primeira intervención.
- **Depósito de combustible:** debido á cantidade de recursos mecánicos que mobiliza esta unidade e para ser autosuficientes, é necesario contar cun depósito de combustible portátil con bomba de transvase eléctrica de máis de 400l de capacidade.

### 2.1.2 Equipo multifunción Batracio:

- **Tractor:** cunha potencia superior ós 275 CV, equipado cunha lámina frontal multi-función e coa última tecnoloxía.
- **Cisterna:** equipada con rompeondas, sistema de descarga en pendente e eixe direccional bloqueable. A capacidade é de 12.000 litros e está equipada cunha bomba centrífuga de accionamento hidráulico e un canón direccional con xiro 360° e elevación -60° e 80° ao cal tamén se lle pode acoplar espumóxeno. Dispón de sistema de aspiración mediante depresor hidráulico e brazo cunha media de carga de 12.000 litros en 3 minutos. A súa capacidade permítelle exercer de "nodriza" facendo transvase de 4.000 litros cunha manguera de 45 mm de diámetro en 3 minutos e 42 segundos.
- **Rozadoira multifunción:** con chasis de aceiro de alta resistencia, ancho de traballo de 1,80m, desprazamento hidráulico para traballos en horizontal e vertical, eixo rotor con martelos e enganche tripuntal. A función angular permite darlle a inclinación precisa para o traballo en pista forestal ou en balados.
- **Polidozer** frontal (tripuntal) con ancho de traballo de 2 metros, desprazamento vertical angular e horizontal e lámina antidesgaste intercambiable.



## 2.2 Medios humanos

Estes dispositivos multifunción precisan da intervención dun determinado persoal humano, así como da utilización doutros vehículos e outro equipamento de apoio sen os que non sería posible facer un uso adecuado deles. A continuación, expónse para cada caso a relación de perfís e/ou categorías profesionais que deben ou poden participar da súa actividade:

### 2.2.1 Unidade multifunción Batracio:

Trátase dun equipo humano xa consolidado, composto por bombeiros forestais das diferentes categorías do SPIF, divididos para a súa operatividade en 2 grupos, coordinados entre si baixo a supervisión dun/ha **único/a responsable**, que deberá asegurar a plena operatividade da unidade, mantendo a dispoñibilidade do persoal ante calquera necesidade de actuación e asegurando o descanso correspondente.

Dada a dimensión do equipamento e do persoal asignado a estes labores, o responsable da Unidade multifunción Batracio deberá velar por que cada compoñente en cada quenda dispoña dos coñecementos e capacitación necesarios para levar a cabo as tarefas que lle sexan encomendadas, cumprindo as funcións mínimas a desempeñar vinculadas aos perfís de Persoal de apoio e Persoal colaborativo descritos no seguinte apartado.

### 2.2.2 Equipo multifunción Batracio:

A continuación descríbense os perfís necesarios para desenvolver os traballos co Equipo Batracio facendo fincapé naquelas tarefas de obrigada execución:

**Maquinista do Equipo multifunción Batracio:** persoal capacitado e especificamente formado para o manexo do tractor e daqueles elementos que conforman o equipo Batracio, sendo o/a **principal responsable** de manter durante a súa quenda a completa operatividade do equipo, así como de **supervisar** aqueles elementos e cuestións dos que dependa directamente o seu funcionamento inmediato (reposición de combustible, mantemento rutineiro ou calquera outra cuestión prevista no desempeño diario do traballo).

Executará as tarefas encomendadas co Equipo multifunción Batracio, tendo en conta principalmente a **seguridade** da operación e a súa **viabilidade**, en



función do obxectivo en cuestión e da capacidade da maquinaria.

A capacitación deste persoal deberá ser avaliada individualmente por persoal cualificado no manexo do equipamento Batracio (coordinador/a, responsables provinciais ou ben por delegación de calquera deles/as), en base a uns requisitos de experiencia e coñecementos desexables, independentemente da categoría que desempeñe habitualmente no SPIF e, sempre e cando, reciba con aproveitamento acreditado a formación específica necesaria.

**Persoal de apoio ao Equipo multifunción Batracio:** persoal capacitado e formado para dar apoio ao Equipo, sendo o encargado durante a súa quenda de realizar aquelas accións que permitan desenvolver adecuadamente o traballo do equipo, axudando a manter a súa operatividade e garantindo unhas condicións óptimas de seguridade. As **tarefas principais** son as seguintes:

- Conducir o vehículo de apoio ao desprazamento. Acompañando ao Equipo multifunción Batracio nos seus desprazamentos, anticipándose no itinerario, identificando posibles incidencias, buscando alternativas no percorrido de ser preciso, sinalizando a presenza do Equipo multifunción Batracio en caso necesario ou notificando e/ou tratando de resolver calquera outra incidencia no traslado do Equipo ao seu lugar de destino. Esta **función é prioritaria e obrigatoria** para a operatividade do Equipo.
- Conducir o vehículo de apoio destinado á reposición do combustible de abastecemento do Equipo multifunción Batracio.
- Apoiar os traballos a desenvolver polo Equipo multifunción Batracio, tanto na identificación e delimitación das parcelas ou zonas de actuación como no seguimento da execución e/ou avaliación do seu resultado (como apoio ao/á Técnico/a de planificación Batracio).
- Aportar coñecementos sobre cuestións relacionadas co mantemento dos Equipos multifunción Batracio.
- Aportar coñecementos en materia de extinción de incendios en prol da seguridade do equipo cando este sexa empregado en ditos labores.



Estas tarefas poden realizarse por persoal de diferentes categorías podendo desenvolver unha, varias ou incluso todas as tarefas referidas nestes puntos en función da súa competencia, capacidade, aptitude e/ou labor encomendada.

En circunstancias ordinarias, o equipo de traballo deberá contar polo menos con **1 condutor/a-maquinista** e **1 persoa de apoio** que exercerán como mínimo as funcións definidas como **prioritarias (e obrigatorias)** no presente apartado.

### **Persoal colaborativo en tarefas**

Determinadas tarefas a desenvolver por parte do Equipo multifunción Batracio poden precisar a colaboración doutros recursos do SPIF que leven a cabo labores complementarias que permitan conseguir a satisfactoria execución dos traballos previstos. O máis habitual podería ser tanto brigadas de bombeiros/as forestais como axentes forestais en labores de prevención ou de extinción.

#### **2.2.3 Técnico/a de planificación Batracio:**

Disporase dun/ha técnico/a de planificación por provincia con **dependencia funcional do CCP** para a planificación e seguimento dos traballos dos Equipos e da Unidade multifunción Batracio. As principais tarefas serán:

- Será o/a responsable de planificar as diferentes tarefas a executar polos Equipos e Unidade Batracio en función das necesidades a satisfacer nos diferentes distritos. Para elo, comunicárase cos/as diferentes responsables de distrito con ditas competencias.
- **Coordinará** os traballos entre distritos da súa competencia, dándolle prioridade aos traballos que mais beneficien ao dispositivo en relación coa prevención e defensa contra incendios forestais.
- Fará o **seguimento** da execución destes traballos e **avaliará** o rendemento e capacidade dos Equipos e da Unidade para planificar a loxística adecuada de cara á mellora da súa eficacia.
- **Coordinarase** co/a responsable operativo provincial para todo aquilo que afecte á planificación e loxística dos Equipos e da Unidade e, polo tanto, á execución dos traballos previstos.



#### 2.2.4 Responsable operativo/a Batraccio

Haberá **1 responsable operativo/a por provincia**, sendo a figura encargada de **supervisar o funcionamento** dos diferentes Equipos e Unidade multifunción Batraccio de cada súa provincia. As principais tarefas serán:

- Coordinarase co/a respectivo/a técnico/a de planificación Batraccio para coñecer a información relevante sobre os traballos a acometer.
- Manterase permanentemente **informado/a** das incidencias relevantes que comprometan a operatividade dos Equipos ou Unidade ou que inflúan no desenvolvemento ordinario dos traballos.
- Participará activamente na **resolución** das incidencias operativas dos Equipos e da Unidade, dentro dos límites da súa competencia.
- **Manterá informado/a** ao/á técnico/a de planificación sobre as circunstancias que afecten á operatividade dos Equipos e da Unidade Batraccio que estean baixo a súa responsabilidade.
- **Manterá informado/a**, en todo caso e no momento debido, ao/á coordinador/a autonómico/a sobre as circunstancias que afecten á operatividade dos Equipos e da Unidade Batraccio que estean baixo a súa responsabilidade.
- **Propoñerá**, de ser o caso, ao/á coordinador/a autonómico/a, as posibles **solucións** ou **melloras** que considere en relación co funcionamento ou operatividade dos Equipos e da Unidade Batraccio.
- Especificamente xestionará, co/a responsable do CCP designado, a adquisición e distribución de consumibles precisos para o normal desenvolvemento dos Equipos e da Unidade, así como o seguimento das tarefas de mantemento correspondentes. De forma previa, informará ao/a coordinador/a autonómico/a das necesidades existentes acordando, de forma consensuada, a adquisición de material necesario.
- Acatará as decisións do/a coordinador/a autonómico/a no ámbito da súa competencia.



### 2.2.5 Coordinador/a autonómico/a Batracio

Haberá **1 coordinador/a autonómico/a** como persoal responsable encargado/a de **supervisar** o funcionamento e a actividade de todos os Equipos e da Unidade Batracio do SPIF. As principais tarefas serán:

- Coordinará cos/as respectivos/as responsables operativos/as provinciais as actividades dos Equipos e da unidade multifunción Batracio no relativo á busca da maior eficacia e eficiencia das operacións a realizar.
- Manterase permanentemente informado/a das incidencias relevantes que comprometan a operatividade dos Equipos e Unidade multifunción Batracio ou que influán no desenvolvemento ordinario dos traballos.
- Manterá informado/a á persoa responsable da Dirección Xeral de Defensa do Monte que corresponda sobre todo o relativo aos Equipos e Unidade multifunción Batracio.
- Participará activamente na **resolución** das incidencias operativas dos Equipos e da unidade multifunción Batracio, dentro dos límites da súa competencia e coordinado/a cos/as responsables provinciais e coa Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- **Propoñerá**, de ser o caso, á Dirección Xeral de Defensa do Monte, as posibles **solucións** ou **melloras** que considere en relación co funcionamento ou operatividade dos Equipos e da Unidade multifunción Batracio.

### 2.3 Vehículos e material de apoio

- Vehículo de apoio ao desprazamento. Deberá ter tracción ás 4 rodas e mobiléfono Tetra.
- Vehículo de apoio para reposición de combustible e produtos de desgaste. Deberá ter tracción ás 4 rodas e dispoñer dunha bomba de abastecemento. Pode ser o mesmo vehículo que realiza o apoio ao desprazamento.
- En determinadas circunstancias de traballo poderase recorrer a outros métodos puntuais de abastecemento de combustible se non



houbera dispoñibilidade de vehículo específico. Para iso deberan de considerarse alternativas móbiles localizadas ao longo do territorio, accesibles e con dispoñibilidade previamente coñecida.

### **3. FUNCÍONS DOS EQUIPOS E DA UNIDADE MULTIFUNCIÓN BATRACIO**

Compre distinguir neste apartado os diferentes ámbitos nos que poden traballar os Equipos e a Unidade multifunción Batraccio e as tarefas principais en cada un deles:

#### **3.1 Labores preventivos:**

- Uso do tractor e do apeiro multifunción (rozador-triturador) principalmente no mantemento de infraestruturas lineais como pistas, faixas auxiliares e cortalumes, aínda que o seu uso podería estenderse á preparación de parcelas de queima, roza de entornas de puntos de auga e os seus accesos, etc.
- Repaso de caixas de pista ou devasas perimetrais coa folla frontal do tractor (polidozer).
- O tractor coa cisterna poderán empregarse na execución de queimas prescritas como medio de apoio ou continxencia.
- Aqueloutras tarefas a desenvolver no ámbito da prevención, segundo as necesidades que en cada momento estableza como prioritarias o persoal habilitado neste procedemento.
- Seguirase unha planificación consensuada entre as persoas responsables do distrito forestal e o/a técnico/a de planificación Batraccio da respectiva provincia, mantendo este, debidamente informado ao/á responsable operativo/a provincial Batraccio.

#### **3.2 Labores en extinción:**

- Poderá actuar en ataque directo ao lume, con ou sen escumóxeno, podendo facelo co seu canón direccional ou ben mediante ataque indirecto. Tamén poderá dar apoio á aplicación de lume técnico.



- Co polidozer poderanse facer decapados para ataque indirecto ou saneamento.
- De ser necesario, pódese empregar a cisterna para abastecemento de auga para outros medios.
- No caso da Unidade multifunción Batraccio, o depósito móbil de extinción pode subministrar 4.000 litros de auga alí onde non pode chegar unha motobomba.
- Aqueloutras tarefas a desenvolver no ámbito da extinción, segundo as necesidades que en cada momento estableza como prioritarias o persoal habilitado a consecuencia da emerxencia.

### 3.3 Asignación temporal de recursos:

No caso da Unidade multifunción Batraccio xa se dispón dun equipo de traballo definido e dimensionado, pero no caso dos Equipos multifunción Batraccio pode resultar necesaria a asignación temporal de recursos do SPIF que permitan o correcto desenvolvemento destes labores tanto en prevención como en extinción. Neste último caso, cobra especial importancia a suma de efectivos para desenvolver os traballos de ataque ao lume, como guía sobre o terreo (por coñecemento da zona), para avaliación dos traballos a realizar ou demais tarefas de apoio que poidan ser necesarias.

## 4. PROCEDIMIENTO OPERATIVO DA UNIDADE E DOS EQUIPOS MULTIFUNCION BATRACCIO

### 4.1 Dependencia funcional


Os Equipos e a Unidade multifunción Batraccio dependen en primeira instancia do **Centro de Coordinación Provincial (CCP)** onde estean localizados no seu desempeño habitual.

Como regra xeral, os traballos de prevención faranse no Distrito no que estea localizado, a demanda da persoa responsable do Distrito e atendendo á planificación que corresponda segundo o estipulado polo/a técnico/a de planificación Batraccio da súa provincia.

A **activación** da Unidade multifunción Batraccio para labores de **extinción**



correspóndelle ao **Centro de Coordinación Central (CCC)**, mentres que cada **CCP** poderá activar aos **Equipos multifunción Batracio** que dependan deles.



## 4.2 Operatividade e actividade

Os Equipos e a Unidade multifunción Batracio estarán **operativos durante todo o ano** realizando unhas tarefas u outras en función da época do ano e da dispoñibilidade de persoal asociado ao seu desempeño.

En calquera momento do ano poderán ser demandados para calquera actuación pero, en termos xerais, a súa actividade e programación de traballo virá condicionada pola situación de alerta do dispositivo en función das épocas de perigo definidas no Pladiga:

- Época de perigo baixo e medio: os traballos a realizar serán preferentemente os relacionados coa prevención.

Segundo a situación do IRDI decidirse a dispoñibilidade para traballos de prevención e, de ser necesario, os Equipos e a Unidade multifunción Batracio poderán destinarse a extinción.



- Época de perigo alto: priorizarase a dispoñibilidade dos Equipos e da Unidade multifunción Batraccio para o traballo en extinción, axustando a súa operatividade diaria en base á conformación do equipo de traballo necesario, segundo as quendas de garda establecidas ao efecto.

Cada xornada de traballo o responsable da Unidade/do Equipo comunicará ao Distrito e ao/á responsable operativo/a a relación de persoas asignadas a ese servizo.

### 4.3 Localización e zona de traballo

Os Equipos e Unidade multifunción Batraccio terán determinada a súa **área prioritaria de traballo**, o que non exime da posibilidade de ser destinado temporalmente a outras zonas de traballo da comunidade autónoma.

Os Equipos e Unidade multifunción Batraccio e todo o seu material asociado dispoñerá dunhas **instalacións habilitadas** onde permanecerá localizado e seguro sempre que non estea executando algún traballo. En caso de desprazamento temporal do equipo ou parte del, deberse dispoñer dun lugar habilitado de similares características que cumpra as condicións mínimas necesarias para a súa adecuada conservación.

### 4.4 Mantemento

As operacións de mantemento rutineiro do tractor e demais equipamentos dos Equipos e da Unidade multifunción Batraccio serán obxecto dun minucioso seguimento periódico acorde a unha planificación prevista recollida nun documento *Plan de mantemento*.

Será **responsabilidade** do persoal asociado aos Equipos e á Unidade multifunción Batraccio a supervisión e/ou execución das tarefas básicas e comprobacións a realizar, anotando debidamente toda aquela incidencia que será notificada no seu caso, segundo o estipulado no antedito Plan. Estes labores deberán **coordinarse co/a responsable operativo/a** en cada provincia, quen supervisará a correcta execución e rexistro das accións previstas segundo o antedito Plan e dará traslado da información que corresponda ao/á coordinador/a autonómico/a.

Adquire especial importancia o seguimento e cumprimento deste mantemento



preventivo no caso de que transcorra un período temporal extenso por inmovilización (por meteoroloxía adversa por exemplo) de todos ou parte dos dispositivos do equipamento da Unidade e dos Equipos multifunción Batracio.

O uso de apeiros para o tractor distintos aos descritos neste documento, requirirán **autorización expresa** do/a responsable operativo/a provincial, quen manterá informado/a ao/á coordinador/a autonómico/a Batracio.

#### 4.5 Integración no dispositivo

O SPIF deberá velar pola promoción de formación continua adecuada para o desempeño das funcións do persoal asociado aos Equipos e Unidade multifunción Batracio, así como da integración da información necesaria sobre a súa utilización noutras formacións non específicas para dar a coñecer a súa potencialidade e procedemento de traballo, favorecendo a súa integración no dispositivo actual.

A formación específica inicial impartida ao persoal que fai uso destes Equipos e Unidade multifunción Batracio ten unha duración de 22 horas e comprende os seguintes puntos:

- Características xerais do tractor Valtra Q285 (10h):
  - Instrumentos e mandos
  - Uso e mantemento seguro
  - Mantemento
- Características xerais da Cisterna Romay 414 Gladiator (10h)
  - Instrumentos e mandos
  - Uso e mantemento seguro
- Características xerais da lámina frontal multifunción Hitraf BFHDIT-2000 (1h)
  - Uso e mantemento seguro
- Características xerais da trituradora lateral JGN TLA-1800 (1h)
  - Uso e mantemento
- Información importante